

ACTA NUMERO SEIS CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 29 DE ABRIL DE 2000.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as once horas e cinco minutos do día vintenove de abril de dous mil réunese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D^a María Salomé Alvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D^a María dos Anxos Riveiro Portela**, **D^a María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Manuel Xesús Fontán Bouzas**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D^a María Josefa Manzanares Perala**, **D. José Benito Suárez Costa**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, **D^a María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo y D^a María Dolores Elvira de Ozamiz Lestón**, -exceptuando **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón** que se incorpora unha vez resolto o punto 3) dos incluídos na orde do día-, non asistindo **D. Manuel Abeledo López**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez** e **D. Enrique de la Peña Vieitez**, estando presente a Sra. Viceinterventora, **D^a María Herculina Domínguez Martín**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión xustificando a ausencia dos señores Abeledo López, de la Peña Vieitez e Pichel Márquez do grupo popular e o atraso do señor Santiago Esperón do grupo municipal socialista que se incorporará máis tarde.

ORDE DO DÍA

1.- ACTA ANTERIOR: APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE MARZO DE 2000.

Dáse conta do borrador da acta da sesión plenaria ordinaria do día 25 de marzo de 2000, que se aproba por unanimidade e sen modificación ningunha.

2.- PLAN CONCERTADO DE SERVICIOS SOCIAIS: RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA POLAS QUE SE ACEPTA A PRÓRROGA DAS SUBVENCIONS CONCEDIDAS PARA MANTEMENTO DOS SERVICIOS SOCIAIS DE BASE E AXUDA NO FOGAR, E SE APROBA O PROGRAMA, ORZAMENTO E SOLICITUDE DE NOVAS AXUDAS ECONÓMICAS PARA O ANO 2000.

Dáse conta de resolución do Tenente de Alcalde delegado de Política Social, por delegación do señor Alcalde, de data 11 de abril de 2000, do teor literal seguinte:

Á vista da Orde do 1 de marzo de 2000 da Consellería de Sanidade e Servicos Sociais da Xunta de Galicia (DOGA de 16 de marzo de 2000) donde se regulan as axudas para mantemento,

realización de programas e investimentos, destinados á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, e

Resultando que na mencionada Orde, díctanse as instrucións para a obtención da prórroga das axudas concedidas durante o exercicio de 1999 e se concede un prazo de un mes contado a partir do seguinte ó da publicación para a presentación das solicitudes, e

Resultando que para o mantemento dos servizos sociais comunitarios e xestión de programas elaborouse o seguinte cadro-resumo para a financiación de programas e persoal para o ano 2000.

PERSOAL coste total ano 2000	37.938.237,- Pesetas
Total a solicitar	15.215.155,- Pesetas
Axuda a domicilio	31.026.270,- Pesetas
Remanente ano 1999	0,- Pesetas
Total a solicitar	31.026.270,- Pesetas
Emerxencia Social	2.000.000,- Pesetas
Remanente ano 1999	0,- Pesetas
Total a solicitar	2.000.000,- Pesetas
Gastos de mantemento	2.000.000,- Pesetas
Remanente ano 1999	0,- Pesetas
Total a solicitar	2.000.000,- Pesetas
Información Valoración y orientación	
Coste de material bibliográfico	100.000,- Pesetas
Costes publicitarios	500.000,- Pesetas
Curso para familiares e cuidadores de persoas con dependencias	1.328.250,- Pesetas
Remanente ano 1999	0,- Pesetas
Total a solicitar	1.928.250,- Pesetas
Promoción y cooperación social. Actuación comunitaria	1.000.000,- Pesetas
Total a solicitar	1.000.000,- Pesetas
Equipamento	506.420,- Pesetas
Total a solicitar	506.420,- Pesetas
TOTAL A SOLICITAR	53.676.095,- Pontevedra

SERVICIOS SOCIAIS ESPECIALIZADOS	
- Teleasistencia domiciliaria	480.000,- Pesetas
- Centro de día para atención de persoas dependentes	936.720,- Pesetas
TOTAL A SOLICITAR	1.416.720,- Pesetas

Resultando que pola Comisión Informativa de Política Social, formulouse dictame en sesión ordinaria de data 6 de abril do presente ano, favorable por unanimidade, á solicitude de subvención á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia, por importe de 53.676.095,- pesetas, para mantemento, realización de programas durante o presente ano polo Centro Municipal de Benestar Social, así como de 1.416.720,- pesetas para servizos sociais especializados, e

Resultando que pola Intervención Xeral emitiuse informe onde se sinalan os créditos consignados así como o seu importe no presuposto vixente, informe que se emite ós efectos sinalados no artigo 5 apartado 2 da Orde de 1 de marzo de 2000 (DOGA de 16 de marzo de 2000) da Consellería de Sanidade e Servizos

sociais reguladora das axudas para mantemento e realización de programas polos Servicios Sociais Comunitarios e especializados, e

Considerando que de conformidade co sinalado no artigo 25-2-k da Lei 7/85, son competencias propias do Concello, "...a prestación de servicios sociais de promoción e reinserción social...", correspondendo á Xunta de Galicia subvencionar os servicios sociais que presten os Concellos, por imperativo do sinalado no artigo 24-3º da lei 3/87 do Parlamento Galego, e

Considerando que según a citada Orde de 1 de marzo de 2000 (DOGA de 16 de marzo de 2000) da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia, na disposición adicional 1ª considéranse prorrogadas para o presente exercicio as contías das axudas concedidas para o exercicio 99, e no apartado a) da mesma, se especifica que a referida prórroga afecta ós gastos de persoal dos distintos servicios sociais de base e ó programa de axuda no fogar. b) A contía referente ós gastos de persoas calcularase en función da concedida para o ano 99, co incremento sinalado na Lei de Presupostos xerais para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Considerando que de conformidade co sinalado no artigo 21 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde ó Alcalde a presente atribución, se ben todo elo sen prexuízo de que oportunamente se cumplimente o sinalado no artigo 5, párrafo 2º, apartado B, da Orde de 1 de marzo de 2000 (DOGA de 16 de marzo) da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia, pola que se require unir certificación do acordo plenario correspondente, polo que se presta aprobación á prórroga e ás novas axudas para o presente ano.

Atendendo ó exposto esta Delegación da Alcaldía ó amparo da Resolución da Alcaldía de 5 de xullo de 1999, e de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 30/92

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aceptar a prórroga para o ano 2000 da subvención outorgada a este Concello durante o exercicio 99, con destino ó mantemento dos servicios sociais de base, concedida pola Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia, que ascendeu para o ano 99, en relación coa subvención de persoal a un total de 15.215.155,- pesetas, ó que se aplicou o correspondente incremento para o presente ano, e 13.600.000,- pesetas do programa de axuda no fogar que foi un total por ambos conceptos de 28.815.155,- pesetas.

SEGUNDO.- Aprobar a programación e o orzamento confeccionado polo Centro Municipal de Benestar Social, para levar a cabo os programas que acompañan á presente, interesando a concesión de axudas económicas que cubran o 100% da súa contía e que ascenden para o ano 2000, a un total de 24.860.940.- pesetas.

TERCEIRO.- Aprobar a programación e o orzamento confeccionado polo Centro Municipal de Benestar Social, para levar a cabo os programas correspondentes a servicios sociais especializados, que acompañan a presente, por importe de 1.416.720

pesetas.

Asemade, dáse conta de Resolución da Alcaldía, de data 19 de abril de 2000, do teor literal seguinte:

Á vista da Orde do 1 de marzo de 2000 da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia (DOGA de 16 de marzo de 2000) donde se regulan as axudas para mantemento, realización de programas e investimentos, destinadas á prestación de servicios sociais polas Corporacións Locais, e

Resultando que por Resolución da Alcaldía de 11/04/00 prestouse aprobación ó sinalado, se ben cometeuse un erro no cómputo do coste total do persoal de Centro Municipal de Benestar Social para o ano 2000, e así onde se di:

PERSOAL COSTE TOTAL 37.938,237,- Ptas

Debe dicir 38.676.236,- Ptas

Según se deriva dos datos aportados pola Intervención Xeral, polo que se procedeu a efectuar a corrección correspondente no documento de desglose de orzamento, non variando a cantidade total a solicitar á Xunta de Galicia, pero si a aportación municipal.

Considerando que de conformidade co sinalado no artigo 21 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde ó Alcalde a presente atribución, se ben todo elo sen prexuízo de que oportunamente se cumplimente o sinalado no artigo 5-2º, apartado B, da Orde de 1 de marzo de 2000 (DOGA de 16 de marzo) da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, pola que se require unir certificación do acordo plenario correspondente, polo que se presta aprobación á prórroga e ás novas axudas para o presente ano.

Atendendo ó exposto, esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións

RESOLVE:

Aprobar a corrección efectuada no coste total do persoal do Centro Municipal de Benestar Social para o ano 2000, que fora aprobado por Resolución de 11/04/00, según se deriva do informe emitido pola Intervención Xeral do xeito seguinte:

Onde se sinala coste total de persoal 37.938.237,- pesetas, debe dicir 38.676.236,- pesetas, esta modificación non afecta á solicitude de axuda económica a solicitar á Xunta de Galicia, soamente varía a aportación municipal ó coste do persoal, polo que se procedeu a corraxir o documento de desglose pormenorizado do orzamento.

Aberto o debate intervén, en representación do grupo municipal do BNG, dona María dos Anxos Riveiro Portela manifestando que os servicios sociais teñen como obxectivo fundamental acadar a integración social e económica daquelas persoas máis vulnerables da sociedade para posibilitarlles chegar a unha vida máis normalizada, o centro municipal de benestar social recibe diariamente a veciños e veciñas de Pontevedra que acuden buscando unha solución a algunha das necesidades consideradas como básicas e todo isto supón que o Concello debe contar cos recursos humanos e económicos necesarios, non só para atender estas demandas senón tamén para formar, asesorar e

sensibilizar á cidadanía do que ocorre ó seu arredor; para o ano 2000 solicitouse da Consellería de Sanidade e Servicios sociais unha cantidade de 55 millóns de pesetas que a Xunta non financia na súa totalidade, a tendencia da consellería é a de aportar tódolos anos a mesma cantidade ou incluso menos sen ter en conta que hai máis necesidades que cubrir e máis áreas de actuación ás que se lles presta pouca atención, esperan que esta tendencia varíe este ano; os obxectivos da Concellería de Política Social para o ano 2000 podíanse resumir en tres: mellora-lo servizo de información e orientación á cidadanía, consolidar e estender dentro das posibilidades económicas que ten o concello o servizo de axuda a domicilio sobre toda para as persoas maiores e para persoas dependentes e ir sentando as bases para, nun futuro próximo, por en funcionamento un centro de día para enfermos de alzheimer e de outras dependencias tamén, por suposto que se seguirá a traballar noutros campos, coa poboación xitana, en programas de eliminación de barreiras arquitectónicas, nunha mellor coordinación con outras institucións e áreas do goberno e reforzando as actuacións no barrio de Monte Porreiro, en definitiva o que pretende esta Concellería é mellorar e consolida-los servizos que lle ofrecen ás pontevedresas e pontevedreses.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política social e Promoción do Benestar, acorda ratificar as anteriores resolucións.

3.- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE: APROBACIÓN, DE SE-LO CASO, DE PROPOSTA DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA Ó FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.

Dáse conta de proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Servizos Sociais, do teor literal seguinte:

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade naceu en decembro de 1997. O proceso de xestión iniciouse a instancias do IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional), unha asociación sen ánimo de lucro que realiza a súa actividade, entre outros, no campo da cooperación internacional.

Os concellos por estar tan perto da cidadanía, teñen un compromiso fundamental coa sensibilización social arredor do problema da desigualdade e pobreza que anega amplas capas da xeografía mundial.

Unha xestión a nivel galego dos fondos destinados polo poder local para a solidariedade e a cooperación facilitaría: a necesaria homologación de criterios para axilizar o entendemento coas ONG's; mellorar a súa acción e o seguemento dos proxectos; a formación do persoal adecuadamente capacitado; un aforro considerable en gastos de xestión.

É necesario dar un salto cualitativo para mellorar a coordinación e a xestión da solidariedade internacional.

Vista a proposta do "Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade", orientada a contribuir dende o noso propio ámbito ao desenvolvemento dos países do Terceiro Mundo, mediante a crea-

ción dun fondo económico que financie proxectos de axuda aos países en vías de desenvolvemento e campañas de sensibilización en Galicia sobre a cooperación e a solidariedade internacional, e polo que

Pola Tenente de Alcalde-Delegada de Servicios Sociais considérase procedente propor ó Pleno para a súa aprobación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Manifestar a adhesión desta Corporación ao Fondo Galego de Cooperación e solidariedade e aceptar os seus estatutos e Declaración programática.

SEGUNDO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida, como aportación anual ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e de conformidade co correspondente baremo de cuotas que aprobe a Asemblea Xeral de Socios.

TERCEIRO.- Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas deste Concello respecto do Terceiro Mundo para aproximarse ao 0,7% do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde-Presidente para que designe un representante do Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

QUINTO.- Notificar estes acordos ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Aberto o debate intervén, en representación do grupo municipal do BNG, dona María dos Anxos Riveiro Portela, indicando que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación municipalista que nace no ano 1997 para financiar proxectos de axuda ós países en vías de desenvolvemento, establecendo entre tódalas institucións que participan, concellos, deputacións, organizacións non gobernamentais, criterios como os de análise, avaliación, control e seguimento das accións que se vaian financiar; é intención deste goberno municipal que as accións que se financien leven unha participación activa e directa da comunidade beneficiaria buscando nas comunidades os interlocutores ou interlocutoras necesarios para iso, xa que deben se-los propios pobos os que articulen o seu desenvolvemento e fuxir da caridade propia e puntual nun momento determinado, por último tamén é necesario cooperar facendo o traballo comunitario nos barrios e parroquias de Pontevedra para despois axudar onde o necesitan.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, acorda aproba-la proposta nos seus propios termos.

Incorpórase á sesión don Luciano Eusebio Santiago Esperón.

4.- NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: PROPOSTA SOBRE O USO DA LINGUA GALEGA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, dáse conta de moción do Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), do teor literal seguinte:

A importancia da información nos tempos actuais, o considerábel incremento das audiencias nos medios de comunicación e a utilización de novas tecnoloxías no ámbito social, económico e familiar, condicionan con maior intensidade as relacións humanas e inflúen de xeito importante na sociedade, tentando globalizar e uniformar ditas relacións.

Por tal motivo, este feito debe ser tido en conta para procurar a preservación da identidade dos povos e das comunidades lingüísticas, garantindo así o futuro das culturas e línguas do mundo e obrigando-nos, aos galegos e ás galegas, a non permanecer alleos e alleas a esta realidade.

Ademais, a pasividade xeral dos medios de comunicación e dos poderes públicos do noso país, diante da escasa presenza do galego nos propios medios, non se corresponde co nivel do uso do galego por parte da cidadanía nen sequera co manifestado en inquéritos por unha inmensa maioría favorábel a unha maior utilización da nosa lingua en ámbitos nos que se atopa reducida á mínima expresión, tal como ocorre cos diários galegos nos que tal uso non chega ao 4%.

Problemas básicos que terían fácil solución e axudarían á normalización lingüística do noso país, se os medios de comunicación fosen receptivos as suxestións das organizacións sociais. Ou sexa, se a prensa escrita respeitase o uso do galego cando sexa esta a lingua na que se lle acheguen as notas e comunicados de prensa, de tal maneira que a información confeccionada a partir da mesma se fixese tamén en galego; se se respeitase o uso do galego das persoas entrevistadas e se reproducise as mesmas en galego; se se aumentase o uso do galego, en principio, por exemplo nun 10%, de xeito uniforme, en todas as seccións.

Terían eses problemas básicos fácil solución se a TVE emitise en galego o seu programa "Galicia para el mundo", subtitulando as declaracións en galego e non requirindo dos entrevistados e das entrevistadas o uso do español; se a TVG e a RAG exixise unha maior valoración da competencia lingüística na proba de galego no acceso ao posto de traballo, incluso nas contratacións puntuais para eventos singulares; se a TVG se esforzase un chisco en estender o uso do galego á publicidade.

Avanzariamos cara a normalización se Tele5 e Antena3 empregasen o galego nos programas feitos para Galiza e nas desconexións ou se Tele5 non pedise ás persoas entrevistadas o uso do español.

Ou, en fin, se a RNE, puxese novamente en antena unha emisora integramente en galego.

As pequenas cousas son tamén importantes. E aprofundariamos na normalización lingüística do noso país, se as institucións como a propia Xunta de Galiza requirisen das emisoras de rádio que receberam concesións de frecuencia por parte da Xunta que elaborasen e presentasen publicamente un informe do grao de cumprimento das condicións que regula o uso do galego nas citadas concesións.

Avanzariamos se se avaliasse o cumprimento dos convénios

entre a Dirección Xeral de Política Lingüística e os medios de comunicación, en especial coa prensa.

Avanzariamos, pois, se se decidisen elaborar e distribuir sistemas operativos en galego, programas específicos, de tradución automática, etc.

Perante esta realidade, os concelleiros e concelleiras que formamos as Corporacións locais temos tamén algo que dicir e que aportar para mellorar a situación da nosa lingua. É por iso, que solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Pronunciamento público a prol do cumprimento xeral da Ley de Normalización Lingüística nos medios de comunicación e nas institucións.

Apoiar a celebración da Manifestación que se fará en Santiago de Compostela, o día 17 de maio, co lema "O galego, de principio a fin. Por unha maior presenza do galego nos medios de comunicación".

2. Que o presente acordo se dirixa á Presidencia da Xunta de Galiza solicitando a súa intervención para que os medios de comunicación de titularidade pública, tal como aparece recoñecido na Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, na Lei 5/1988 de Uso do galego parte das entidades locais e na Lei de Administración Local de Galiza aprobada o 3 de xuño de 1997, cumpran co seu papel de transmisores da nosa realidade lingüística e cultural.

Aberto o debate intervén, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Luis Barrá Torres sinalando que esta proposta xurde a partir dunha campaña promovida pola mesa pola normalización lingüística en relación coa presenza do galego nos medios de comunicación, unha proposta que foi enviada a distintos colectivos, a distintas entidades e grupos políticos e que foi avalada concretamente por organizacións políticas como o BNG e Esquerda de Galicia, organizacións sindicais como a CIGA e Comisións Obreiras e tamén outros colectivos cidadáns, entón o obxectivo desta campaña é que con motivo do día das letras galegas e pretendendo darlle a esta data ademais dun carácter festivo un carácter reivindicativo, levar adiante unha serie de propostas de reivindicación precisamente dunha maior presenza do galego nos medios de comunicación, entendendo que no mundo en que vivimos a presenza dun idioma nestes medios e nas novas tecnoloxías da información e da comunicación é un elemento vital para a súa supervivencia en condicións de normalidade, neste sentido faise unha análise da presenza do idioma en determinados campos, concretamente na prensa escrita, onde as datas máis optimistas nos casos dos xornais que teñen unha maior presenza non chegan ó 5% de uso do galego e en moitos casos en seccións cunhas connotacións moi claras, no ámbito da cultura, da información relativa por exemplo a televisión ou na opinión de persoas que se expresan en galego e unha parte tamén importante desas porcentaxes é publicidade pagada polas institucións ou por empresas privadas, polo tanto realmente é unha presenza moi mino-

ritaria nos medios de comunicación que non se corresponde coa presenza que o idioma ten na sociedade, é dicir, é moito menor a presenza que ten na prensa escrita que na sociedade e incluso nalgúns casos a propia información que xera a sociedade en forma de notas de prensa enviadas por colectivos ou por asociacións ou mesmo as declaracións que fan persoas pois son traducidas ó castelán cando se trasladan ós medios de comunicación; o mesmo se podería falar da radio, das televisións tanto públicas como privadas, non están a cumprir tódolos obxectivos que deberían ó respecto da promoción do idioma, entón fanse unha serie de propostas que cre que son de mínimos para avanzar nun maior uso do idioma neses ámbitos, concretamente refírese á Televisión Española en Galicia, ó programa Galicia para o mundo que podería ser emitido en galego tendo en conta que vai dirixido á comunidade galega no exterior, os casos de Tele 5 e Antena 3 que mentres que en Cataluña emiten as súas desconexións para esa comunidade no idioma catalán aquí non o fan e poderían empezar a facelo, o mesmo en Radio Nacional onde se detectou un retroceso no uso do idioma, antes había programas en galego e agora non os hai, ou emisións en galego e o mesmo no que se refire a radios onde o feito de que se concedan concesións a empresas para emisión implica unhas porcentaxes de uso do galego que non se están a cumprir e que a Xunta non está a velar por ese cumprimento, polo tanto trátase de avanzar no uso do idioma nese campo que é fundamental e para iso estase a levar a cabo unha campaña na que se pretende implicar ós propios profesionais dos medios de comunicación, ás propias empresas de comunicación e á sociedade en xeral e tamén se vai organizar unha manifestación que terá lugar o vindeiro 17 de maio en Compostela co lema "o galego de principio a fin, por unha maior presenza do galego nos medios de comunicación", pois con estas bases e con estes obxectivos preséntase a adopción dun acordo que despois das conversas e do diálogo establecido co grupo municipal do Partido Socialista quedaría da seguinte maneira: En primeiro lugar que haxa un pronunciamento público a prol do cumprimento xeral da Lei de normalización lingüística nos medios de comunicación e nas institucións, é dicir unha declaración neste sentido do concello de Pontevedra, en segundo lugar expresa-lo apoio á manifestación que terá lugar en Santiago de Compostela o día 17 de maio, esa manifestación que ten como lema "o galego de principio a fin" e que pide unha maior presenza do galego nos medios de comunicación eliminando a participación na convocatoria, traslado e realización desta manifestación, é dicir que sería única e exclusivamente unha declaración de apoio a esta mobilización e o concello non participaría directamente na convocatoria, traslado e realización, este aspecto non aparecería no acordo e despois por último que o presente acordo se traslade á Presidencia da Xunta de Galicia solicitando a súa intervención para que os medios de comunicación de titularidade pública sobre os que ten por tanto competencia directa tal como aparece recoñecido na lei de normalización lingüística,

na lei do uso do galego por parte das entidades locais e na lei de Administración local de Galicia, cumplan co seu papel de transmisores da nosa realidade lingüística e cultural e aquí neste apartado substituiríase ou eliminaríase a expresión incluíndo a parte expositiva desta proposta, é dicir que o acordo sería envialo á Presidencia da Xunta de Galicia nos termos en que aparece aquí expresado; por último simplemente aclarar que hai algunhas erratas na redacción do texto que se corruxirán evidentemente cando se traslade polos servicios administrativos que teñen esta competencia.

De seguido fai uso da palabra don Luciano Santiago Esperón, en representación do grupo municipal socialista, indicando que a redacción última e final que foi consensuada co Bloque Nacionalista Galego vai ser aceptada por parte do Partido Socialista porque entendían e así se lles manifestou que unha cousa é apoiar, ou sexa o seu grupo entraba nunha exposición de motivos que viña incluída no acordo e coa exposición de motivos non estaban completamente de acordo ou por dicilo dunha forma máis suave é interpretable, cando nunha exposición de motivos se propoñen unha serie de cuestións que poidan ser matizables ou interpretables non se pode asumir nun acordo a parte expositiva como unha parte integrante completa de toda a moción e tiñan desacordos sobre interpretacións que se fan na parte expositiva e por iso solicitaron que non fora incluído o razoamento da moción como parte do acordo que se ía tomar na Corporación ou que se podía tomar pola Corporación, por iso pediron que se excluía concretamente o de incluíndo a parte expositiva do texto do acordo e na parte primeira do apoio á manifestación unha cousa é o apoio e outra cousa é participar na convocatoria, se podería entrar nunha dinámica un tanto complicada se como institución e por fóra dun acto estritamente institucional ou directamente institucional pois se comprometeran nun acordo a facer algo así como sería o traslado ou realización, é dicir, pouco máis ou menos verían case a dicir que serían uns dos organizadores da manifestación, por iso pediron que se excluía este tema, pensan que este é un tipo de moción que o que ven a facer é abondar en que se cumpra a lei de normalización lingüística, feito do que están a favor e por isto van votar positivamente esta moción, que é unha moción que para nós compre un requisito que é que buscou o consenso, buscou o acordo e cre que é un acordo que pode ser maioritario da Corporación que pode mover ó consenso e que pode ser un acto unitario, porque ó final o que se acorda é defende-la lei de normalización lingüística que é un instrumento legal que está aí nas mans de todos.

En representación do grupo municipal do Partido Popular intervén don Celestino Lores Rosal, para anuncia-lo voto en contra do seu grupo á moción; ese consenso estableceuse co Partido Socialista pero non co Partido Popular, non tiveron ningún tipo de conversas sobre o tema, entende que o Pleno da Corporación non debe facer este tipo de pronunciamentos que máis deben corresponder a partidos políticos en particular, a

plataformas, a mesas ou a colectivos xa que se está a falar de medios de comunicación, na maioría dos casos privados, e isto puidera interpretarse como un intento de coartar a liberdade de expresión dos devanditos medios, quixera lembrar e subliñar que o grupo municipal popular, no seu momento, si apoiou unha moción a prol da normalización lingüística deste Concello e unha declaración tamén para oficialidade, unha declaración que tamén se dixo naquel momento que era aprobar xa o aprobado a prol do uso do idioma galego no concello porque é unha institución pública, unha administración pública e que corresponde precisamente a estas institucións públicas galegas o promover, o potenciar e incluso o obrigar, cando así o esixa a lei, ó uso do galego por parte de todas aquelas persoas que pertencen á institución, pero no caso das entidades privadas, como é o que estamos a falar, isto non é así e ademais e tal e como se di no relatorio hai unha falla de cumprimento o que cabe non son pronunciamentos senón sinxelamente esixir e face-la pertinente denuncia, polo tanto o seu grupo podendo estar de acordo nos fins que se pretenden con esta moción non apoia os métodos polos cales se pretende facer isto, por iso reiteran o seu voto contrario a esta moción.

A continuación volve a facer uso da palabra o Sr. Bará Torres sinalando que non é para entrar no debate do contido da exposición do señor Lores, pero si para aclarar publicamente que tanto na reunión de portavoces do martes como na reunión da comisión informativa de Política Social e Promoción do Benestar do xoves polo seu grupo expresouse a intención de chegar a un consenso sobre o contido desta moción, esa petición foi respondida por parte do grupo municipal do PSOE, pero non houbo ningunha resposta por parte do grupo municipal do Partido Popular.

Novamente intervén o Sr. Santiago Esperón, indicando que ó seu grupo lle valía porque unha vez retirada a parte expositiva da moción que non se inclúe no acordo o que queda é o acordo.

De seguido volve a intervi-lo Sr. Lores Rosal manifestando que o único que se fixo na Comisión foi dá-la moción e non houbo máis reunión nin máis nada, sinxelamente era reparti-la moción, non estaba nin sequera na orde do día, puido ser unha cuestión de entendemento, pero non houbo máis que iso.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos socialistas de Galicia-PSOE) e co voto en contra de sete Concelleiros (os 7 presentas do grupo municipal do Partido Popular), acorda aproba-la moción nos seus propios termos.

5.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PP, BNG E PS DE G-PSOE REFERENTE Á INCLUSIÓN NO PLAN DIRECTOR DE INFRAESTRUCTURAS DE GALICIA (PDIG) DA CONEXIÓN DE PONTEVEDRA COA AUTOVÍA A-52.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, dáse conta de moción dos grupos municipais do PP, BNG e PS de

G-PSOE, do teor literal seguinte:

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o pasado día vintenove de xaneiro de dous mil, por unanimidade aprobou a seguinte MOCION que foi remitida ó Goberno do Estado con data dous de febreiro de dous mil, co seguinte texto:

"1. A existencia de vías de alta capacidade que dean resposta acada ás cada vez maiores densidades dos fluxos circulatorios son un elemento clave, fundamental, para o desenvolvemento económico. Na actualidade, Pontevedra, que carece de conexión directa coa autovía da meseta e a de Portugal, está a quedar marxinada, cando menos no que se refire a distancias e tipos de acceso, destas vías decisivas para a potenciación económica tanto da nosa comarca como da do Salnés o do Morrazo.

2. As alternativas coas que conta Pontevedra para a conexión con estas vías de alta capacidade non son, en absoluto, as máis adecuadas. Por unha banda, a estrada Pontevedra-O Porriño é unha vía interurbana saturada de tráfico, que non cumpre coas esixencias mínimas necesarias e, pola outra, a conexión por autoestrada, ademais de supor unha clara marxinación ao obrigarnos ao pago da peaxe, non ten conexión directa coa autovía Vigo-O Porriño.

3. Recentemente foi presentado polo Presidente do Goberno do Estado e polo Conselleiro de Política Territorial, un Plano de Infraestructuras, que contempla os investimentos previstos polo Goberno Central en materia de infraestructuras ata o ano 2009. Este Plano non contempla a conexión directa coa A-52 e a autovía de Portugal, a pesar de ser esta conexión unha obra imprescindible para o desenvolvemento económico das comarcas de Pontevedra, O Salnés e O Morrazo.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Pontevedra acorda esixir do Goberno do Estado a inclusión no Plano de Infraestructuras dunha conexión directa de Pontevedra coa autovía da meseta, que teña en conta a conexión con Portugal e a saturación actual da estrada N-550, e que, dada a súa vital importancia para o noso desenvolvemento económico, conte con data de execución o máis curta posible".

Visto que o Goberno Galego na súa última reunión en Vilalba anunciou a necesidade de elaborar un Plan de Infraestructuras de Galicia para complementar e acelerar o Plan Director de Infraestructuras previsto polo Goberno do Estado e que neste sentido o Presidente manifestou que é necesario "aproveitar este plan ó máximo e que se poña en marcha o antes posible", "que este Plan sexa o último esforzo para que Galicia quede ó nivel que ten que estar en tódalas direccións", complementando os dez primeiros anos de xestión en infraestructuras cos sete que se programan ata o 2006.

Visto que nas previsións deste Plan non se contempla de novo a necesaria conexión de Pontevedra coa Autovía A-52.

Por todo isto, o Pleno do Concello de Pontevedra acorda instar ó Goberno Galego a inclusión no Plan de Infraestructuras de Galicia dunha conexión directa de Pontevedra coa auto-

vía da meseta, que teña en conta a conexión con Portugal e a saturación actual da estrada N-550, e que, dada a súa vital importancia para o noso desenvolvemento económico, conte con data de execución o máis curta posible.

Intervén o Sr. Alcalde para agradecer a tódolos grupos a unanimidade neste tema transcendental e importante para o futuro de Pontevedra, porque sen unhas boas comunicacións obviamente é moi difícil o desenvolvemento económico de toda a comarca, de toda a cidade e incluso de comarcas limítrofes.

Rematada a intervención da Alcaldía, o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Municipal de Urbanismo, acuerda aprobar la moción nos seus propios termos.

6.- TURISMO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DE USO ESPECIAL DAS RÚAS URBANAS PARA A EXPLOTACIÓN DUN TREN TURÍSTICO NO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Réxime Interior e Persoal á aprobación do expediente de contratación para a adxudicación dunha autorización administrativa de uso especial das rúas urbanas para a explotación dun tren turístico no Concello de Pontevedra.

Aberto o debate fai uso da palabra don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestando que por parte deste Concello estase a facer un esforzo importante no que é a promoción turística da cidade, a difusión turística por todo o estado e ante medios especializados, promoción que se fai despois de contar coa colaboración e coa opinión de todo o sector turístico, é dicir, hostalería, empresarios hoteleiros, etc., o que si é certo é que non se pode incidir na difusión turística e melloralala se non se incrementa a oferta turística, é dicir, Pontevedra ten grandes condicións turísticas, ten unha zona monumental cunhas potencialidades enormes, pero cara ó turista que se quere atraer, que é un turista residente en Pontevedra, é necesario incrementa-la oferta que se lle pode facer e nese sentido os trens turísticos, que non son unha novidade, porque se están utilizando en moitos lugares do estado, caso de León, Salamanca, Toledo, Aranjuez, máis cercanamente Padrón e Cambados, se configuran como un elemento dinamizador deste turismo, ese é o motivo un pouco de que se presente esta oferta.

En representación do grupo municipal so Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, intervén dona María Dolores de Ozámiz Lestón solamente para decir que en realidad es el mismo tren que lleva varios años y que se trata de ampliar los meses de funcionamiento y su grupo ya emitió su voto favorable a este tren en la comisión informativa y ahora lo va a mantener.

De seguido fai uso da palabra don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, para decir que en la comisión se abstuvieron porque el pliego se les entregó en esa misma Comisión, estaba sin estudiar y sin

haberlo visto, evidentemente agora su grupo va a votar a favor, es algo que se venía haciendo en años anteriores y, simplemente como anecdótico, realmente le parece que las características técnicas del tren que se describen son impresionantes y que no sabe si va a quedar desierto porque no haya un tren que reúna todos esos requisitos, porque tiene que llevar aire frío, aire caliente, iluminación interior, megafonía, sistemas de audición individual y otras 17 cosas más, pero ojalá que exista ese tren, espera que hayan comprobado que existe y que no quede desierto el concurso.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente tramitado para contratación mediante concurso da autorización para o uso especial de vías públicas para a explotación dun tren turístico no municipio de Pontevedra, son relevantes para a resolución do mesmo os seguintes

FEITOS:

1º.- Pola Alcaldía en data 13 de abril de 2000 se propuxo a incoación do procedemento para outorgar, mediante concurso, a autorización administrativa para o uso especial de vías públicas municipais, dispoñendo a tramitación urxente do expediente xa que é convinte dispor deste servizo nos vindeiros meses ó se-la época de verán na que se ven a produci-lo maior número de visitantes.

2º.- Polos servizos técnicos e administrativos do Concello redactouse o prego único refundido de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares para regula-la adxudicación, mediante concurso, da autorización do uso especial de vías públicas para a explotación dun tren turístico o cal informouse favorablemente polo Sr. Secretario accidental.

3º.- Pola Intervención Xeral do Concello emitiuse informe no que se sinala que a explotación do tren turístico supón un aproveitamento especial do dominio público local e o canon anual previsto na cláusula 4ª do prego axústase ó disposto nos artigos 20 e 24.1 da Lei 39/88 e que o prego único de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares axústase ás disposicións legais de aplicación, non obstante, fanse unha serie de observacións.

4º.- Á vista do informe da Intervención Xeral, polo Servizo de Contratación elaborouse o prego único modificado de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, tendo en conta as observacións feitas no punto "a-1" e "b" do citado informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- A adxudicación do concurso autorizando a ocupación especial de zonas de dominio público coa instalación dun tren turístico, faise ó abeiro do disposto no art. 77 e concordantes do Regulamento de Bens das Entidades Locais que o considera como un uso común especial suxeito a licenza e Lei 13/1995, de Contratos das Administracións Públicas, modificada

pola Lei 53/99, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, e que de conformidade co sinalado no art. 5.2,b), na redacción dada pola Lei 53/99, considérase de natureza administrativa especial ó satisfacer o seu obxecto de forma directa unha finalidade pública, así como normas contidas no Prego.

II.- O Prego único de prescripcóns técnicas e de cláusulas administrativas particulares adecúase ás determinacións de carácter obrigatorio establecidas na vixente Lei 13/1995, modificada pola Lei 53/99 e Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por R.D 1372/86, de 13 de xuño, dándose cumprimento, igualmente, ó establecido na Lei de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento para o seu desenvolvemento e execución.

III.- Na cláusula 20 do Prego sinalase que en defecto das determinacións establecidas na citada Lei se estará ás normas de dereito privado, polo que, puidendo a Administración municipal en virtude do principio de liberdade de pactos recollido no art. 4 da Lei 13/95, concertar os contratos, pactos e condicións que teña por conveniente sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico os principios da boa administración, esta Secretaría estima que o contido do prego único modificado resulta suficiente para garanti-la correcta realización da autorización de uso especial de zonas do dominio público.

IV.- A competencia para a autorización do uso especial de zonas de dominio público municipal coa instalación dun tren turístico corresponde ó Pleno da Corporación Municipal, de conformidade co disposto no art. 98 do Regulamento de Bens e 22.n) da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, por tratarse de actos de disposición de bens e producir efectos similares ós dunha concesión administrativa, se ben sería suficiente para a aprobación o voto favorable da maioría simple e, establecerse na cláusula terceira do prego único modificado que a duración do contrato é de catro anos, prorrogable por dous máis.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Réxime Interior e Persoal, acorda:

PRIMEIRO.- Declara-la urxencia na necesidade de adxudicalla autorización do uso especial de vías públicas municipais para a explotación dun tren turístico, de acordo coa xustificación efectuada pola Alcaldía na memoria incorporada ó expediente e, en consecuencia, a urxente tramitación do expediente reducíndose os prazos de licitación e adxudicación á metade.

SEGUNDO.- Prestar aprobación ó expediente de contratación tramitado e, en consecuencia, ó prego único modificado de prescripcóns técnicas e cláusulas administrativas particulares, dispoñendo a apertura do procedemento aberto para a adxudicación da autorización, por concurso, para o uso especial de vías públicas para explotación dun tren turístico no municipio de Pontevedra.

7.- FONDOS DE COHESIÓN DA UNIÓN EUROPEA PERÍODO 2000-2006: APROBACIÓN DE PROXECTOS E SOLICITUDE DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA O SEU FINANCIAMENTO CON CARGO ÓS FONDOS DE COHESIÓN DA UNIÓN EUROPEA.

Dáse conta de proposta do Tenente de Alcalde coordinador da área de Medio Ambiente, do teor literal seguinte:

Visto o escrito remitido polo Ministerio de Economía e Facenda, de data 5 de abril do 2000, co número 704 do rexistro de entrada deste Concello, no que comunica que con motivo do desenvolvemento do pacto de financiamento local suscrito polo Ministerio de Economía e Facenda e pola Federación Española de Municipios e Provincias, chegouse a un acordo no que se fixou a participación das entidades locais nos fondos europeos do período 2000-2006, determinándose concretamente o financiamento dunha serie de actuacións, en materia de residuos, preferentemente, así como en saneamento e depuración e abastecemento, con cargo ós fondos de cohesión, podendo para isto os Concellos de mais de 50.000 habitantes, segundo o padrón de 1998, e capitais de provincia presenta-los correspondentes proxectos, para o que dispón este Concello dunha axuda na contía máxima de 621.000.000 de pesetas, -que representa como máximo o 80% do custo elixible obxecto de financiamento-, e no que se indica que para participar nesta primeira convocatoria é preciso a remisión dos proxectos antes do día 5 de maio de 2000.

No ano 1992 este Concello acordou encarga-la redacción dun proxecto de saneamento e abastecemento de auga ós núcleos rurais do Concello de Pontevedra. O referido proxecto foi aprobado polo Pleno da Corporación o 25 de marzo de 1993. A partir do ano 1995 iniciáronse os traballos de instalación da rede de saneamento, encontrándose na actualidade pendente de executar, pola falta de financiamento, unha parte do trazado previsto no referido proxecto, o cal encóntrase recollido no proxecto da "Rede de Saneamento na Parroquia de Alba", que a súa realización supón un investimento de 205.089.752 pts., sendo preciso levala a cabo, pois a posta en funcionamento do trazado executado depende do remate da totalidade deste último proxecto.

Por outra banda, este Concello procedeu no ano 1997 á formalización da concesión administrativa da xestión do servizo público de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de saneamento e depuración de augas residuais, coa empresa Promoción Técnica y Financiera de Abatecimiento de Agua, S.A. (AQUAGEST), asumindo a obriga, entroutras, de levar a cabo unha serie de actuacións por un importe determinado, se ben as mesmas poderían substituírse pola administración municipal. En principio o Concello tiña previsto que a empresa acometera, con cargo ás melloras ofertadas, o "Colector primario de Saneamento na Parroquia de Alba" e a "Estación de Bombeo na Xunqueira de Alba", polo que se ordenou á referida empresa a redacción dos respectivos proxectos. Outras prioridades impediron que os proxectos se executaran e, estimando a necesidade de levar a cabo a súa instalación, ordenouse ós servizos técnicos municipais a súa refundición polo que aparecen baixo o

nome de "Proxecto de Saneamento Xunqueira de Alba" ascendendo o presuposto de execución a 151.918.422 pesetas.

Ademais a existencia doutra serie de problemas relacionados coa Rede de Saneamento levou a que os servicios municipais elaboraran o proxecto de "Eliminación de vertidos á Ría de Pontevedra", que conta cun presuposto de 428.041.634 pesetas.

Estes proxectos non se puideron executar con anterioridade, dado que a súa realización supoñía afrontar un gasto moi elevado, polo que á vista da convocatoria do Ministerio estimábase que cumpren os criterios de elixibilidade fixados na convocatoria, polo que se ofrece a oportunidade de que o Concello solicite a axuda de que dispón para destinala a esta finalidade, o que supón unha aportación municipal de 164.049.808 pesetas.

Considerando que a Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réximen Local e a Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus respectivos artigos 25 e 80, establecen que o Municipio exercerá, en todo caso, competencias nas materias de protección do medio ambiente e da salubridade pública, así como nas redes de sumidoiros e tratamento de augas residuais.

Considerando que o artigo 290 da Lei 5/97, determina que terán a consideración de obras locais, entroutras, tódalas de nova planta que executen as entidades locais, tanto cos seus propios fondos como con auxilio doutras entidades públicas, para a realización de servicios da súa competencia.

Considerando que os proxectos conteñen toda a documentación e os requisitos esixidos para os proxectos de obra polo artigo 124 da Lei 13/95, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas, conforme á redacción dada o mesmo pola Lei 53/99, de 28 de decembro.

Considerando que o Pleno é competente para a aprobación destes proxectos de conformidade co disposto nos artigos 22.2, n) da Lei 7/85, e 64 da Lei 5/97.

Baseándose en canto antecede, elévase ó Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación ós seguintes proxectos:

- Eliminación de vertidos á Ría de Pontevedra, cun presuposto global contractual de 428.041.634 pesetas.

- Saneamento na Xunqueira de Alba, cun presuposto global contractual de 151.918.422 pesetas.

- Rede de Saneamento na parroquia de Alba, cun presuposto global contractual de 205.089.752 pesetas.

Segundo.- Remitir ó Ministerio de Economía e Facenda os referidos proxectos e solicitar da Dirección Xeral de Análise e Programación Presupostaria a súa inclusión na proposta que vai elevar o grupo de traballo dependente da Comisión Nacional de Administración Local encargada da selección dos proxectos, para o seu financiamento polo Fondo de Cohesión.

Terceiro.- Solicita-la aplicación da taxa de cofinanciamento do 80% dos Fondos de Cohesión, destinando a totalidade da axuda asignada a este Concello, que ascende a 621.000.000

pesetas, ó financiamento destes proxectos.

Cuarto.- Comprometerse a incluír no orzamento xeral municipal para o exercicio económico do ano 2000 os créditos suficientes para afrontar-la parte do gasto do investimento, non cofinanciábel polos Fondos de Cohesión Europeos, que leva a execución dos proxectos e que se estima como mínimo en 164.049.808 pesetas ou, no seu caso, proceder á pertinente modificación do orzamento prorrogado do ano 1999, habilitando os créditos que resulten precisos.

Aberto o debate intervén, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, manifestando que se trata dun dos proxectos posiblemente máis ambiciosos e máis importantes en calquera mandato que é a incorporación a estes fondos europeos que supoñen unha aportación de 621 millóns por parte dos fondos de cohesión; é un tema sumamente importante e considera importante explicar en que consiste e en que variou con respecto a outros anos e a transcendencia do que vai supoñer se é que se logra. Antes denominábase POMAL e agora chámase participación das entidades locais nos fondos europeos, fondo de cohesión e houbo unha serie de cambios con respecto ó anterior porque ó pasar a ser fondos de cohesión pois a aportación municipal por exemplo descende un pouco, pero a cambio as dificultades para que aproben os proxectos e para que dean as subvencións son bastante maiores, hai que presenta-los proxectos moi elaborados, antes chegaba cunha memoria, chegada simplemente coa disposición, hai moita maior rixidez nas tramitacións e unhas obrigas en canto a cumprimento de prazos e demais tremendamente elevadas, polo menos é o que ven nas bases; o grupo de goberno leva meses, en previsión de que saíra este programa, encargando proxectos nos que se empezou a traballar no mes de setembro, primeiro no máis complexo que é o saneamento da ría, que é a eliminación de vertidos, duplicación do colector e eliminación da contaminación que están provocando na ría, se está a traballar dende setembro nel pero os proxectos son bastante complexos, as noticias que teñen, como todo o mundo sabe, viaxaron a Madrid e informaron de todos estes aspectos e afortunadamente grazas a iso saben de proxectos de outras cidades que están nunha situación moitísimo peor que os de Pontevedra; o noso concello vai cumprir en principio, salvo imponderables, cos deberes para poder acceder a esas axudas dunha maneira absolutamente correcta, cousa que a maioría dos concellos parece que teñen graves dificultades, ultimamente houbo un par de cambios que obrigou a estar traballando a última hora, se non isto se puido levar con moitísima máis calma e os dous cambios que houbo foi que a información que se tiña era que ían dar dous meses máis ou menos de prazo e ó final se converteron en 25 días hábiles, realmente moi pouquiños, co cal obrigou a concretalos proxectos que estaban en marcha dunha maneira un pouco acelerada, con precipitación a pesar de que empezaron moito antes, chegou a comunicación aquí o 10 de abril e a documentación debe estar entregada en Madrid o día 5 de maio, e

despois se impuxo unha condición a maiores que iso foi de última hora que é que os proxectos debían andar aproximadamente sobre un millón de euros, o cal obrigou a refundir proxectos que xa estaban feitos para que tiveran esa contía; con todos estes antecedentes cre que situa bastante ben a previsión que houbo e tamén os imprevistos de última hora, que cambiaron as previsións e o calendario que se tiña, pois se estiveron barallando, tanto antes como agora neste escasísimo prazo que houbo dende o 10 de abril, que proxectos se podían meter que cumpriran as condicións, que cubriran seriamente as necesidades e que puideran dar solucións coherentes a graves problemas que se teñen no noso concello, ó final a decisión é toda a axuda ó saneamento, cre que hai outras dúas liñas elixibles que son as de tratamento de residuos e abastecemento de auga, pero a decisión que se tomou é o saneamento e os proxectos concretos que se meten son a eliminación de vertidos ó río Lérez, duplicación do colector xeral, eliminación dos problemas que ten actualmente a galería, por 428 millóns, un proxecto de gran envergadura e o saneamento de xunqueira de Alba que houbo que agrupar dous para que deran un presuposto de 152 millóns, un pouco menos dun millón de euros, pero que era a condición, fixéronse os proxectos por separado e houbo que agrupalos, e a rede de saneamento na parroquia de Alba que realmente afecta parcialmente a Cerponzóns e a Lérez, a conca do río Rons, por 205 millóns, son en total 785 millóns dos cales o Concello tería que aportar 164 e os fondos de cohesión 621, se se aproban estes proxectos, se van adiante e se logran executar en tempo e forma, é unha aportación decisiva a un proxecto ambicioso que se iniciou neste concello de saneamento hai seis anos e que neste caso concreto suporía un gran salto adiante porque a execución destes proxectos permitiría, se é que Tafisa se despraza ou pon a depuradora, sanear absolutamente o río, polo menos ata o ámbito de influencia de ENCE, ou sexa todo o fronte da cidade, quedaría se cadra algún por aí pequeno que habería que arreglar, que permitiría separar pluviais de fecais, que está a crear uns problemas graves en algúns sitios baixos da cidade con molestias á cidadanía e permitiría sanear toda a Xunqueira de Alba e toda a parte baixa do río Rons e dos seus afluentes; só quedarían o río Verdugo, Ponte Sampaio e a Canicouba que están noutro proxecto á parte e o resto se podería conectar todo, cousa que agora non se pode facer, o colector por exemplo non resiste que se lle poidan meter maiores conexións por problemas de bombeo e de capacidade, agora quedaría ir completando os saneamentos das distintas zonas onde non haxa pero si se poderá conectar, se non no momento que estea ese se poderán conectar se está este proxecto feito e executado cousa que nestes momentos non se pode facer porque entra en carga e rebenta, por todas estas razóns a proposta que se fixo despois dun traballo enorme e de barallar propostas, despois dun esforzo por parte dos técnicos municipais e incluso a colaboración da empresa concesionaria, porque é quen máis ten de man a información sobre algúns aspectos, por todo isto o noso

grupo cre que é un proxecto moi ambicioso, que é coherente, podían ir outros ou non ir outros pero estes son absolutamente necesarios e é un avance máis deste proxecto no que está o Concello de Pontevedra desde hai seis anos e por todo isto piden o apoio unánime da Corporación, cren que o tema o merece independentemente de discusións de si se mete un pouco máis nun saneamento ou noutro e polo tanto pedímo-lo apoio da Corporación para aproba-los proxectos e poder presentalos antes do día 5 de maio completos e con tódalas condicións para poder acceder ás subvencións destes fondos de cohesión.

En representación del grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, intervén o seu portavoz don Roberto Taboada Rivadulla, señalando que el Sr. Mosquera decía que se cumplieron los deberes y ahora a ver si esos deberes se cumplieron bien, que otros Ayuntamientos estaban peor, lo importante es que nuestro ayuntamiento no quede el primero de los que suspenden y en todo caso a ver si queda el último de los que aprueban, la verdad es que el grupo socialista es evidente que durante este mandato lo que quiere es impulsar claramente en todo el municipio el agua y el alcantarillado y desde luego su grupo ya ha definido esta legislatura como el mandato de las parroquias, lo llevan en el programa electoral, lo van a impulsar conjuntamente en el Presupuesto con el mayor consenso posible, han apoyado en este Pleno una moción que además ha planteado el Partido Popular sobre esta cuestión del alcantarillado, por tanto toda iniciativa o toda actuación que tienda a impulsar el tema del alcantarillado y del saneamiento siempre va a contar con su apoyo y es verdad que esta iniciativa europea que viene a Pleno viene muy pillada por la premura de tiempo, porque antes del 5 de mayo si se quiere estar dentro de esta primera convocatoria hay que remitir los proyectos antes de esa fecha, la verdad es que a veces le preocupan las premuras de tiempo con que vienen siempre todas estas cosas; dado este problema y ante la posibilidad de poder perder una convocatoria que sería muy beneficiosa para este municipio sin duda pues estos proyectos que son los que parece ser que están más dispuestos porque existen ya están redactados los proyectos técnicos pues a lo mejor es lo único que se podría hacer y sin duda les parecen positivos, tanto la eliminación de los vertidos a la ría como el saneamiento de las xunqueiras del Alba como la red de saneamiento también de la parroquia de Alba, ¿quiere esto decir que se va a perder la posibilidad en el futuro de ampliar el saneamiento y que otras parroquias no van a poder? sin duda cre que no, estan todos de acuerdo, por tanto hasta donde se pueda el grupo municipal socialista va a intentar además de incrementar este apoyo y estas iniciativas, pues apoyar todas las iniciativas que puedan impulsar en el resto de las parroquias, es una cuestión prioritaria, su grupo va a priorizar siempre el tema del saneamiento, el tema del alcantarillado en todas las parroquias, incluso priorizarlo frente a otras inversiones que también se puedan prever en el futuro sobre otras cuestiones, incluso llevan en el programa

temas claros por ejemplo la estación de compostaje y sin duda si se puede la llevarían, pero para el grupo municipal socialista es prioritario, antes que cualquier otra medida, el alcantarillado y siempre va a primar el alcantarillado sobre cualquier otra iniciativa, por lo tanto cre que en este momento se da un paso importante y positivo, por lo tanto ante la prioridad de esta cuestión van a votar a favor.

A continuación concédese a palabra a don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, quien manifiesta que debe repetir lo que dijo en la comisión, cre que se están equivocando de estrategia, con estos tres proyectos que hoy presentan, que los concejales no han podido ver al día de ayer, por lo menos fue su intención y no lo logró porque no estaban en el expediente, cre que demuestran por lo menos tres cosas, con los proyectos que presentan y como los presentan demuestran tres cosas, la primera que les pilló el toro, es decir que hubo una falta de previsión, el señor Mosquera acaba de decir que llevan diez meses trabajando en estos proyectos y da la casualidad de que llevando esos diez meses al final andan a correr, los proyectos no están acabados, hay que ver si meten esto o lo otro, no hay mucho donde elegir y por lo tanto son los únicos que hay y son únicos que se pueden meter, en segundo lugar cre que demuestran una falta de proyecto global de lo que es todo el alcantarillado del municipio, proyecto que está redactado por otro lado y que está perfectamente definido y que se ha ido ejecutando a lo largo de los últimos años con las ayudas del POMAL, con ayudas del INTERREG y con todas las ayudas que se han podido ir consiguiendo y que entienden en el Partido Popular que ese proyecto director es el que tenía que haberse seguido desarrollando y en tercer lugar, y quizá sea lo que más nos preocupa al Partido Popular, es que cre que siguen demostrando una falta de voluntad para solucionar el alcantarillado del rural, y se atreve a decir que se perderá dinero del POMAL del que se está ejecutando en estos momentos por no haberlo pagado en su momento, por no haber acabado los proyectos en su momento, se teme que se perderan restos de dinero del POMAL por no haberlo ejecutado bien, por no haberlo cogido con cariño todo ese proyecto; de los proyectos que se presentan el proyecto estrella evidentemente es el colector general con sus 428 millones de pesetas y toda la galería y no quiere ser mal pensado pero sin embargo tiene una sensación en el cuerpo de que parece que lo que quieren es solucionarle el problema a Poio más que a Pontevedra, porque Poio tiene que enganchar a ese colector general y evidentemente no puede enganchar al día de hoy, es cierto que esto es un informe que da la empresa adjudicataria Aquagest que dice que esa tubería no llega, que hay problemas en la impulsión y problemas en el diámetro, problemas en la conservación en la actual galería, etc., lo que si es cierto es que cre que a la propia empresa lo que no le interesa es lo que realmente hay que hacer y probablemente la tubería todavía llegaría para muchos años si se hace lo que se tiene que hacer

y lo que se tiene que hacer lo saben todos, es separar pluviales de fecales y eso es lo que se tiene que hacer con toda la red de alcantarillado de Pontevedra donde desgraciadamente todavía coinciden en muchos sitios esas dos redes, la de pluviales y fecales y evidentemente con esto lo que pasa es que a través de ese colector estamos mandando a la depuradora de Placeres agua de lluvia, cantidades ingentes de agua de lluvia, es decir, los días que llueve estamos de depurando agua de lluvia en Placeres, digo que a la empresa no le interesa solucionar esto porque la empresa factura por metros cúbicos depurados en Placeres, por lo tanto cuanto más llueve y cuantos más metros cúbicos de agua fácil de depurar les llegue allí pues evidentemente la empresa es lo que prefiere, entonces la empresa prefiere que dupliquen la tubería, que pongan una más grande y que no se solucione el tema o que no se separen las pluviales de las fecales, cree que eso es lo que había que hacer, eso es lo que tenía que contemplar el proyecto y a lo mejor ese proyecto si sería realmente importante presentarlo a la Unión Europea, cree que es tan sencillo de demostrar que les diría que le pidan los datos a la propia empresa y comparen un día de este mes de abril los metros cúbicos que se depuran en Placeres con cualquier día del mes de agosto de un año en el que no haya llovido, es tan sencillo como ver cíclicamente los metros cúbicos que se van depurando en Placeres, por lo tanto cree que la estrategia es equivocada, que están tratando de duplicar una tubería que no sería necesario al menos en muchos años y que sería mucho más importante seguir tejiendo toda esa red de alcantarillado del rural que ha sido iniciada y que además caso de no seguirla y dejarda ahí pues otros cuatro, cinco, seis o siete años durmiendo pues servirá para que al final las tuberías que se metieron, los más de 1.000 millones de pesetas de tuberías enterradas, como dice el señor Lores que es a lo que se ha dedicado el anterior grupo de gobierno, pues evidentemente serían tuberías enterradas que no sirvan para nada; como anécdota incluyen ustedes otros dos proyectos de relleno que los cogieron así porque son los únicos que tienen, porque no se preocuparon de tener todos los otros o de ir desarrollando todos los otros que si tenía que haber hecho la empresa y tenían que estar hechos los de las quince parroquias perfectamente definidos todos ellos, cogen estos de relleno y encima uno de ellos no cumple uno de los requisitos que es que es menor de un millón de euros y sería una cosa tan fácil de solucionar que es pasar de ciento cincuenta y dos millones a ciento sesenta y algo pues es cambiar las cifras en el propio proyecto sin cambiar el proyecto, es decir una cosa tan sencilla como esa que es darle a Europa el proyecto y engordar el proyecto diezmillones y no pasa nada y por lo menos ya cumple, es decir, sean ingenuos ante la propia Unión Europea, cree que eso demuestra muy poca picardía por su parte y con una sinceridad que al final lo que van a hacer es que ese proyecto pues quede anulado y ya no son 700 serán solamente 500 y pico, es decir se corre el riesgo de no agotar

ni los 621 millones que nos podían corresponder por esa vía; evidentemente sigo manteniendo que sobre todo es preocupante la falta de voluntad de solucionar el problema del rural y si en duplicar esa tubería que efectivamente le va a servir a Poio que tiene que conectar a esa tubería y si este es el caso se les debe de decir que no puede conectar porque no es suficiente el Concello de Pontevedra y que sea la Xunta de Galicia quien duplique la tubería y no la Unión Europea; cree que esta equivocada la estrategia del grupo de gobierno y el Partido Popular va a optar por la abstención, evidentemente no puede votar en contra de que se pidan ayudas a la Unión Europea, sería absurdo, evidentemente cree que hay que pedir las ayudas aunque sea tarde, mal y cogido por los pelos, evidentemente hay que intentarlo, entonces su grupo no va a votar en contra por ese motivo pero no puede votar a favor de unos proyectos que considera que no son los correctos y en los que se está dejando una parte muy importante como es la de separación de pluviales de fecales, que los propios papeles de la Unión Europea que hay que cumplimentar hablan de esa separación de fecales y pluviales, de como está hecha y que todo eso no se cumpla cuando es lo que verdaderamente interesa, cuando es lo que verdaderamente está mal y cuando si eso se soluciona no haría falta la tubería de ese colector, por todo eso el Partido Popular va a abstenerse en ese tema.

De seguido voove a facer uso da palabra o Sr. Mosquera Lorenzo, manifestando que a cantidade de un millón de euros non aparece por lado ningún, di aproximadamente, pero é que en todo caso se resolve clarísimamente unindo os tres proxectos para que dea unha cifra bastante máis elevada, polo tanto está resolto, está todo previsto ou polo menos ata aí si, se cadra hai algún imponderable máis alá que non o está e a base de insistir non sabe se logrará solucionar; hai un feito claro en seis anos anteriores de instalación de rede de sumidoiros no rural o goberno do Partido Popular non logrou que funcionara absolutamente ningún.

Contéstalle o Sr. Pedrosa Fernández dicindo que funciona na parroquia de Salcedo.

O Sr. Mosquera Lorenzo indica que é o primeiro que empeza a funcionar, pero empezou en seis anos, o grupo municipal do Partido Popular no seu mandato non logrou ningún e ante o seu fracaso en que funcione pois empezan a insistir a ver se o BNG llo vai solucionar, non se preocupe que si o vai solucionar, lograron en seis anos de mandato conectar unha parroquia, non se preocupe que o actual grupo de goberno en catro anos vai conectar bastantes máis parroquias, non todas porque posiblemente igual non se chega, ou sexa que non se preocupe por iso e deixe de dá-la lata que hai unha vontade tan clara de atacar os saneamentos que se corre o risco de que nos anulen proxectos e perder cartos porque a prioridade absoluta era residuos e agora preséntase todo relacionado co saneamento; o que é absolutamente increíble é que diga que o colector xeral se duplica para servir a Poio e se duplica porque nestes momentos non

se pode conectar nin Marcón, nin Tomeza, nin nada que vaia ó Gafos porque entra en carga na conexión, non se pode conectar ningunha área grande máis porque o colector non pode e entre todo o que está previsto pois afecta ás parroquias de Pontevedra e afecta a Poio, e o que xa a remata absolutamente e despois de gobernar o Partido Popular tantos anos non separaron unha pluvial dunha fecal, tiñan iso feito un auténtico desastre, hai que levantar case toda a cidade para separalos, neste proxecto da ría separa pluviais e fecais e vaise facer un investimento moi grande en separar pluviais e fecais por primeira vez na historia, ou sexa para corrixir un problema herdado e que supón practicamente levantar toda a cidade porque en cantidade de sitios están unidas e polo tanto hai que levantalas e separalas en orixe, etc., vaise facer un esforzo para separalo e dixen que separemos pluviais e fecais e as desfeitas que fixeron en vinte en corenta ou en non sei cantos anos que agora as corrixa o BNG en quince días e se non é un desastre, o actual grupo de goberno é moito mellor que o anterior pero lograr corrixir en quince días o que destrozaron en tantos anos resulta difícil, pero polo menos se empezará a separar pluviais e fecais e a poñer-lo colector e demais; tamén lle sorprende a súa liña argumental, pero se resulta que os proxectos da xunqueira de Alba eran proxectos seus que presentaron no seu momento e que non entraron a remanentes e agora critican os proxectos que intentaron financiar e facer; cando o BNG chegou ó goberno non se podía conectar ningunha parroquia á rede de sumidoiros porque saltaba o colector e non había onde conectalas a maioría delas, e esta obra permite que en canto acaben o secundario se poidan conectar; cre que é un avance enorme que pode haber un tiquis miquis pero ante un tema deste calibre cre que está fora de lugar e non entende a postura do grupo municipal do Partido Popular.

A continuación intervén o Sr. Pedrosa diciéndole al Sr. Mosquera que se sulfura inmediatamente cuando las cosas no le van por donde quiere y además se enfada y se saca de quicio y no sabe ni lo que dice porque lo del millón de euros no se lo inventa, está escrito en un papel que le da el grupo de gobierno y en negrilla dice: "es necesario que los proyectos tengan una magnitud mínima suficiente (un millón de euros)", y antes dice que hay que agrupar hasta diez millones de euros, entonces no diga que no aparece en ningún sitio, está en un papel que se lo envía el Director General de Análisis y Programación Presupuestaria del Ministerio de Economía y Hacienda el día 6 de abril, por tanto está en los papeles escritos y no se está inventando nada; en segundo lugar dice que van a separar pluviales y fecales con el proyecto del saneamiento de la ría y le gustaría ver el proyecto porque no lo ha visto hasta el día de hoy, pero duplicando la tubería no se separan fecales de pluviales, se separan levantando toda la ciudad, como dijo, pero no duplicando la tubería que hace que quepa más agua por ella pero evidentemente sigue yendo mezclada; en tercer lugar dice que el grupo municipal del Partido Popular cri-

tica los proyectos pero son proyectos del anterior grupo de gobierno, entonces que ha hecho el actual equipo de gobierno en estos diez meses que llevan trabajando haciendo proyectos y resulta que tienen que meter tres proyectos anteriores hechos por los técnicos pero en la época del Partido Popular y que ya habían presentado en Madrid por si había remanentes pues precisamente para lograr invertirlos y utilizarlos, entonces resulta que en estos diez meses sólo han hecho ese proyecto, no han hecho ustedes el proyecto, les ha presentado a ustedes ese proyecto la empresa adjudicataria Acuagest que evidentemente es la máxima interesada en que salga adelante y evidentemente señor Mosquera el Partido Popular votaría que si presentasen un proyecto, no el de duplicar todo sino un proyecto en el que se corrigiesen esos seis o siete vertidos que hay, efectivamente duplicando la tubería se corrige, claro, ya sólo faltaría que no se corrija, pero es que corregir esos seis o siete pequeños vertidos que hay que no son grandes vertidos, que es mucho peor el que hay al lado de la gasolinera del Puente del Burgo de la margen derecha, es muchísimo peor que todos los otros juntos, corregir esos seis o siete vertidos puede ser un proyecto de 40 ó 50 millones de pesetas, no de 400, entonces ese si sería un proyecto lógico, si sería un proyecto que tendría que estar perfectamente redactado y se tendría que estar aprovechando precisamente en estos momentos que se está arreglando todo lo que es orillar para estar corrigiendo esas deficiencias, lo que tampoco se está haciendo, por lo tanto, señor Mosquera, no salga por peteneras, no saque las cosas de quicio, diga que les pilló el toro, que eso es lo que quieren hacer ustedes y que eso es lo que les interesa y nada más.

Novamente intervén o Sr. Mosquera Lorenzo diciendo que é posible que non se entendan, que o goberno municipal deu en setembro a orde de que había que sanea-la ría e elimina-los vertidos, isto dou moitísimas voltas, se fixo proxecto, hai que levantar para atrás, non é só meter iso, se estivo mirando se se metía dentro da galería, se se metía noutro lado, do que se trata é de elimina-los vertidos que hai que se alguén o mira están aí e que se mesturan pluviais e fecais, ó final a solución técnica que se adoptou e que aportaron os técnicos e duplica-lo colector pero a maioría do gasto non é duplica-lo colector, a maioría do gasto é levanta-los vertidos para que conecten coa duplicación do colector ou co colector actual e tirar cara atrás, ou sexa levantar parte da cidade da parte baixa para separar pluviais e fecais, evidentemente o outro custaba moitísimo menos e pódolle dicir por exemplo que se falou co Ministerio de Fomento para metela por debaixo dun vial da súa titularidade e non se pode meter, iso está todo falado, está todo mirado, igual houbo un fallo de comunicación, onte os proxectos estaban en Contratación e igual non os mirou ou igual non llo explicaron ou igual non preguntou pero iso supón sanear toda a marxe da ría, separar pluviais de fecais ás veces hai que vir bastante arriba para facelo, entonces non o entende e polo que acaba de dicir resulta que se lle explica

ou se coñecera no que realmente consiste e por que se fai así parécelle que votaría a favor, e se fai falta suspéndese un pouco o Pleno e mírase con calma e demais porque cre que sería positivo que se fixera así, o grupo municipal do Partido Popular se fixo unha idea non sabe baseándose en que elementos que non corresponde coa realidade e que deu motísimas voltas, que se intentou meter na galería que era máis barato ampliar un pouco o tubo pero non colle, entón non se pode traballar nela, en fin, deu centos de voltas isto e ó final o proxecto este está moi traballado e leva moito tempo traballar un proxecto deste tipo para que sexa un proxecto real e que sexa medio funcional e aínda terá algúns problemíñas porque é un proxecto moi complexo e cambiar por exemplo o colector do Gafos en vez de entrar en perpendicular que crea unha dificultade de circulación e metelo en oblicuo para que despache e non entre en carga aí e non rebote e non revente o do Gafos, todo o que ven ó Gafos, ou sexa Salcedo, Tomeza, Marcón, etc.; igual houbo un fallo efectivamente de que non estiveron os proxectos para miralos a tempo, pero se a preocupación súa é que se fixera iso é que se fai, se recolle nos proxectos, polo que acaba de dicir preferiría que se miraran un momentíño os proxectos porque creo que votaría a favor.

O Sr. Pedrosa Fernández indica que, en su opinión, no es momento de examinar los proyectos evidentemente, pero sigue diciendo lo mismo, señor Mosquera, no los pudo ver porque no estaban en donde tenían que estar, en segundo lugar sigue diciendo lo mismo, no van a separar pluviales de fecales, lo que dice por ejemplo del colector de los Gafos va a corregir la entrada del colector de los Gafos en el colector principal, evidentemente y es bueno que se haga y será una cuestión puntual, pero no va a dejar de bajar agua de pluviales por el colector de los Gafos, va a seguir bajando, porque sino tendría que levantar todo el colector de los Gafos hasta arriba, entonces no diga tonterías señor Mosquera, podrá corregir puntualmente en un sitio y muy pequeño, porque está seguro que no se separan ni 25 metros ninguno de todos los ramales que enganchan en él hacia arriba, ni se levantan ni los contempla el proyecto, con toda seguridad, y si encima eso es lo que contemplase el proyecto pues resulta que no haría falta duplicar la tubería porque sobraría tubería porque entraría menos de la mitad de agua por los tubos si se separa pluviales de fecales, entonces señor Mosquera parece que está mareando la perdiz en una cosa que no es cierta.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e coa abstención de sete Concelleiros (os 7 presentes do grupo municipal do Partido Popular), e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, acorda:

PRIMERO.- Aprobalo proxectos referenciados na proposta.

SEGUNDO.- Remitir ó Ministerio de Economía e Facenda os

referidos proxectos e solicitar da Dirección Xeral de Análise e Programación Presupostaria a súa inclusión na proposta que vai elevar o grupo de traballo dependente da Comisión Nacional de Administración Local encargada da selección dos proxectos, para o seu financiamento polo Fondo de Cohesión.

TERCEIRO.- Solicita-la aplicación da taxa de cofinanciación do 80% dos Fondos de Cohesión, destinando a totalidade da axuda asignada a este Concello, que ascende a 621.000.000 pesetas, ó financiamento destes proxectos.

CUARTO.- Comprometerse a incluír no orzamento xeral municipal para o exercicio económico do ano 2000 os créditos suficientes para afrontar-la parte do gasto do investimento, non cofinanciable polos Fondos de Cohesión Europeos, que leva a execución dos proxectos e que se estima como mínimo en 164.049.808 pesetas ou, no seu caso, proceder á pertinente modificación do orzamento prorrogado do ano 1999, habilitando os créditos que resulten precisos.

8.- LIÑA DE EDIFICACIÓN NA AUTOESTRADA A-9: DETERMINACIÓN DA LIÑA DE EDIFICACIÓN NO SOLO CLASIFICADO POLO PXOU COMO URBANO OU DE NÚCLEO RURAL AFECTADO POLA AUTOESTRADA A-9.

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Informativa Municipal de Urbanismo á determinación da liña de edificación no solo clasificado polo PXOU como urbano ou de núcleo rural afectado pola autoestrada A-9.

Aberto o debate, concédese a palabra ó portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, o cal manifesta que se trata de resolver un problema que ven dende a aprobación do plan en que nas zonas urbanas e agora nos núcleos rurais, que tamén están asimilados a zonas urbanas, a zona ata donde se pode construír do bordo da autoestrada está en 50 metros cando poden ser 25 metros, entón cada proxecto hai que levalo por separado e mirar se o aceptan ou non e agora trátase de resolvelo dunha vez por todas, aínda que levará uns trámites, e que donde está catalogado como urbano e nos núcleos rurais pase automaticamente a ser 25 metros a liña de distancia para edificar dende a autoestrada, co que se resolverá un problema que ven de hai dez anos e que en varios casos ten retrasado moitísimo as licencias e creado bastantes problemas.

A continuación intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que sobre este tema está totalmente de acordo, pero quere facer una consideración sobre el punto anterior por si hoy algún problema, pues cree que hay que votar también la urgencia puesto que faltaban también informes.

Le contesta el señor Secretario dicindo que, aunque el señor Alcalde no ordenó que se diera lectura a la propuesta, figura un dictamen de la Comisión municipal de Urbanismo de la sesión extraordinaria y urxente del día 26 de abril.

Manifiesta el señor Pedrosa Fernández que faltaba el informe de Secretaria.

Volve a intervi-lo señor Secretario dicindo que este tema

non leva informe de Secretaría, simplemente leva unha proposta que é prestar aprobación ós proxectos, remitir ó Ministerio de Economía e Facenda os referidos proxectos a través da Dirección Xeral, solicitar as axudas económicos e comprometerse a incluír no orzamento xeral municipal para o exercicio de 2000 os créditos suficientes para afronta-la parte do gasto do Concello, ben modificando o presuposto prorrogado, ben no próximo presuposto e esta é unha proposta que foi dictaminada en Comisión, o que pasa é que non se dera conta deste informe.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinados os antecedentes que obran nos expedientes incoados a instancia deste Concello dende a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana deste concello -efectuada por Orde da antiga Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia de data 18/12/1989- en solicitude da redución, ante o entón Ministerio de Obras Públicas e Transportes, da liña límite de edificación da autoestrada A-9 de 50 metros do bordo exterior da calzada, salvo a zona comprendida no lado dereito entre a C-550 e a N-558, establecida no informe preceptivo e vinculante ó Plan Xeral pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, recollida como Disposición Adicional ó Plan Xeral pola súa orde aprobatoria.

Resultando acreditados os seguintes

FEITOS:

1º.- Dende a entrada en vigor do Plan Municipal de Ordenación, esta administración municipal veu solicitando ante a estatal de estradas, a redución das liñas de edificación nos tramos das estradas da súa titularidade que atravesan o noso concello. Neste sentido, deben recordarse as sesións do Pleno da Corporación de data 26/4/90, 28/6/90 e 28/11/91, interesando ante a Dirección Xeral de Entradas a redución da citada liña límite de edificación establecida polo seu informe vinculante emitido durante a tramitación do Plan Xeral e recollido na súa orde aprobatoria.

Neste sentido, por informe da Unidade de Pontevedra da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia de 13/12/91, determináronse unhas liñas de edificación na zona comprendida entre cincuenta metros antes do bordo esquerdo (dirección Pontevedra-Marín) da calzada da estrada C-550 e a N-558, do que tomó coñecemento o Pleno da Corporación en sesión de 30/1/92 (BOP nº 36 de 21/2/92).

2º.- En contestación a esta demanda, tamén solicitada polo veciño Concello de Poio, polo señor Enxeñeiro inspector da A-9 da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do actual Ministerio de Fomento, o pasado 17/12/98, e de acordo coa normativa estatal reguladora das estradas estatais, contestouse a través do rexistro xeral de entrada de documentos, sobre a posibilidade de reduci-la liña límite de edificación no tramo da autoestrada A-9 que discorre por zonas urbanas e travesías do concello, para o que habería de redactarse por esta adminis-

tración municipal un estudio da delimitación de tramos urbanos entre os enlaces de Pontevedra Norte e Sur. O 9/11/99, recíbese unha nova comunicación do devandito organismo, ampliando o contido do escrito anterior, acerca da posibilidade de acometer esta redución.

3º.- A Comisión Informativa Municipal de Urbanismo, en sesión de 17/11/99, dictaminou que pola Oficina Técnica municipal de Disciplina Urbanística se redactase a documentación técnica esixida polo Ministerio de Fomento, como trámite previo á adopción dos acordos polos órganos de goberno deste concello. En cumprimento deste mandato, polo Sr. Arquitecto Xefe desta Oficina técnica, o pasado 24/2/2000, redáctase o proxecto técnico de redución, que dictaminouse favorablemente por este órgano informativo municipal na súa reunión de 5 de abril, propoñéndose a súa adopción polos órganos de goberno e a súa remisión á administración estatal de estradas para a súa adecuada tramitación.

Considerando que son de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- O artigo 25.3 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas, establece que o Ministerio de Fomento, previo informe das Comunidades autónomas e entidades locais afectadas, poderá, por razóns xeográficas ou socioeconómicas, fixar unha liña límite de edificación inferior á establecida con carácter xeral, aplicable a determinadas estradas estatais en zonas ou comarcas perfectamente delimitadas, por canto a Lei 8/1972, de 10 de maio, sobre construción, conservación e explotación das autoestradas en réxime de concesión e a propia Lei 25/1988, determinaban, con carácter xeral, a distancia informada no seu momento e recollida como Disposición adicional na Orde aprobatoria do Plan Xeral como se citou nos precedentes feitos.

II.- O Regulamento Xeral de Estradas, aprobado por Real Decreto 1824/1994, de 2 de setembro, determina nos seu artigo 85 os casos especiais de liñas límites de edificación e no artigo 124 a delimitación dos tramos urbanos dispoñendo que a Dirección Xeral de Estradas, por propia iniciativa ou a instancia do Concello interesado, e previa redacción do oportuno estudio de delimitación de tramos urbanos, no que se establecerá a parte deles que deba ter a consideración de travesía, poderá tramitar o correspondente expediente. Neste sentido, no propio expediente determinarase a liña límite de edificación e o estudio remitirase pola Dirección citada ó Concello para que en dous meses manifieste se é ou non conforme co planeamento urbanístico vixente, elevándose o estudio ó Ministerio para a súa aprobación de existir conformidade. Finalmente este Regulamento, na súa disposición transitoria segunda, recolle a posibilidade de establecemento dos límites de edificación.

III.- No concernente ás determinacións do estudio redactado polo Arquitecto municipal, debe especificamente sinalarse que se propón unha liña de edificación menor a 50 metros e sempre superior ou igual a 25 metros, en solos clasificados polo planeamento como Urbano ou de Núcleo rural, incluíndo a

finca municipal onde está situado o matadoiro, que segundo o Plan Xeral está clasificado como equipamento municipal en solo urbano. Convén así recordar que, a Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia seguindo ó seu inmediato antecedente legal, a Lei 11/1985, de 22 de agosto, de Adaptación da do Solo a Galicia, define como unha categoría específica do solo ó integrado no ámbito da delimitación dos núcleos rurais, para dar unha resposta adecuada a un dos aspectos máis característicos da realidade urbanística de Galicia, e, neste sentido, a Instrucción 1/1998, de 24 de xullo, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, sobre a aplicación da Lei do Solo de Galicia no marco da nova Lei 6/1998, de 23 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, considera que "aínda que o solo de núcleo rural no teña o seu correlativo na nova lei estatal, pódese encontrar sen maior dificultade a súa equivalencia co solo urbano para os efectos de determina-lo réxime xurídico básico que resulta de aplicación", determinando que o concepto de núcleo rural que define o artigo 76 da Lei galega ten unha evidente conexión co do solo urbano establecido no artigo 8 da lei estatal, e de aí que o facultativo municipal recolla no seu estudio a redución da liña edificatoria fronte a eses núcleos delimitados.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Municipal de Urbanismo, acorda:

PRIMEIRO.- Informar en sentido favorable ante a Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, o proxecto formulado de oficio por esta Administración municipal e denominado "Estudio para a redución da liña límite de edificación no tramo da Autoestrada do Atlántico A-9 no término municipal de Pontevedra", documento redactado polo Sr. Arquitecto Xefe da Oficina técnica municipal de disciplina urbanística, no que, en atención ás circunstancias especiais deste concello, se propón unha liña de edificación menor a 50 metros e sempre superior ou igual a 25 metros, nos solos atravesados pola autoestrada e clasificados polo Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado por Orden de 18/12/1989, como Solo urbano ou Solo de Núcleo rural, específica categoría creada pola lexislación urbanística autonómica e xustificándose a súa específica inclusión nos fundamentos de dereito deste acto, así como a finca municipal do Matadoiro, cualificada como equipamento municipal dentro do Solo clasificado como Urbano.

SEGUNDO.- Comunicar este acto á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e ó Concello de Poio, en cumprimento dos principios que deben presidir as relacións entre as administracións públicas, tutelados na lexislación reguladora do seu réxime xurídico y do procedemento administrativo común.

9.- PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA: RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO PERÍODO DE INFORMACIÓN PÚBLICA E, DE SE-LO CASO, APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL MODIFICADA DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE

CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA.

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Informativa Municipal de Medio Ambiente á resolución das alegacións presentadas no período de información pública e, de se-lo caso, aprobación definitiva da Ordenanza municipal modificada de protección do medio ambiente contra a contaminación acústica.

Aberto o debate, concédese a palabra a dona María Carmen da Silva Méndez, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a cal manifesta que a ordenanza municipal de protección do medio ambiente contra a contaminación acústica foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación o pasado 27 de novembro, despois do proceso de exposición pública no que se recibiron diversas alegacións e suxestións encamiñadas a mellorar e facer aclaracións ó texto desta ordenanza, tratándose hoxe a súa aprobación definitiva; este documento dota ó Concello de Pontevedra dunha ordenanza de protección do medio ambiente contra a contaminación acústica moi estricta e dunha reglamentación moi severa, probablemente das ordenanzas máis severas que neste sentido existen en Galicia, sempre como é lóxico dentro do marco legal, que será sen dúbida un instrumento moi útil para mellora-la calidade de vida no concello, esta ordenanza dunha enorme complexidade técnica abrangue a múltiples aspectos relacionados con calquera actividade susceptible de producir molestias, xa sexa por ruidos ou por vibracións e trátase dun texto eminentemente preventivo para evitar que se produza o problema; por último quere agradecer-lo seu traballo a tódalas persoas que participaron na súa elaboración así como ós distintos colectivos, asociacións, colexios profesionais e organismos oficiais que coas súas suxestións contribuíron a mellora-lo texto e agradecer tamén a tódolos grupos da Corporación municipal o traballo e as aportacións feitas durante a elaboración da ordenanza e o seu apoio unánime á súa aprobación, pois gracias a este traballo pódese contar cun instrumento moi útil para mellora-la calidade de vida na cidade e que sexa un concello no que resulte máis agradable vivir.

Seguidamente intervén, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialista de Galicia-PSOE, don Luciano Santiago Esperón, dicindo que esta é unha ordenanza aprobada por unanimidade por tanto cre que deben felicitarse tódolos cidadáns de Pontevedra porque por un mecanismo de participación, de iniciación da preocupación por parte dos cidadáns e de recollida do reto por parte da Corporación con participación de distintas institucións e distintos colectivos se fragua unha ordenanza que ten a característica fundamental de que se elaborou mediante mecanismos de consenso amplo, isto denota algo que vai ser fundamental para loitar contra o ruído, pois o problema da contaminación non só é sancionar ou prever que non se contamine, é contaminar menos, por tanto xunto coa ordenanza e coas normas dispositivas hai que aumenta-la sensibilidade cidadá e funcionar a prol de que se diminúa o ruído e a

contaminación diminuindo tamén a emisión de elementos contaminantes e de ruído e esta é das sociedades máis ruidosas da península e diminuí-la emisión de ruído como acto de consciencia social é importante e calquera disposición deste tipo ten dous elementos para ser operativa, a norma que está feita e hoxe se vai aprobar e unha parte executiva que vai se-la que controle, determine e vixíe a aplicación da norma, por tanto unha vez aprobada a ordenanza hai que votar a andar os elementos de inspección e os elementos executivos que fagan unha realidade que a norma se aplique, porque senón de pouco serviría, por iso pensa que coa ordenanza o que se fai é abrir un proceso e un mecanismo que ten que comprometer a todos no control dun dos aspectos que poden axudar a mellorar indubidablemente a calidade de vida, que é o control de ruídos e vibracións, por iso pensa que o que se fai con isto máis que o remate dunha etapa é o comezo dunha etapa na que hai que insistir e levalo adiante.

A continuación concédese a palabra a don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, o cal manifesta que deben de felicitarse todos por haber sacado esta ordenanza adelante y, a pesar de lo compleja que haya sido y de todo lo que se haya ido mejorando, hoy día se puede decir que es una buena ordenanza, pero cree que se ha hecho lo fácil y lo difícil empieza ahora, que es hacer cumplir esa ordenanza que es lo realmente importante y lo que la ciudadanía va a demandar.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente incoado para a aprobación da Ordenanza Municipal reguladora da Protección do Medio Ambiente contra a Contaminación Acústica.

RESULTANDO acreditados os seguintes

FEITOS:

1º.- Previa a preceptiva tramitación establecida para a elaboración dos proxectos de disposicións de carácter xeral, o Pleno da Corporación, en sesión de data 27.11.99 acordou aprobar, con carácter inicial, a citada Ordenanza Municipal, composta de 51 artigos dúas disposicións transitorias e tres disposicións finais con diversas modificacións establecidas nunha emenda formulada pola Secretaría Xeral, dispoñéndose tamén no devandito acto administrativo o seu sometemento a información pública polo período de trinta días hábiles a efecto de reclamacións e suxestións.

2º.- En cumprimento deste acto, comunicouse o mesmo expresamente ás Delegacións Provinciais das Consellerías de Medio Ambiente e Industria e Comercio, e dos Colexios Oficiais de Arquitectos e Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Galicia, Enxeñeiros Industriais e de Camiños, Canles e Portos, Enxeñeiros Técnicos Industriais e de Obras Públicas, Asociacións de veciños "San Bartolomé Centro" e "Cidade Vella", Asociación Comercial Zona Monumental, Asociación pola Defensa da Ría e

Asociación de Hosteleiros da Zona Monumental en constitución, co fin de que, podendo ostentar intereses, presentasen reclamacións e suxestións procedentes no prazo de trinta días hábiles. Igualmente no período de exposición publicouse no "Böyletín Oficial" da Provincia núm. 249, de 30/12/99.

Durante tal prazo, segundo consta en certificación da Secretaría Xeral de 25/02/00, obrante no expediente, presentáronse dúas alegacións, subscriptas pola Delegación do Colexio de Arquitectos de Pontevedra e a Delegación da Consellería de Medio Ambiente sendo recibidas no Rexistro Xeral do Concello os días 12/01/00 e 2/02/00, respectivamente.

Debe sinalarse tamén que con carácter previo á aprobación inicial da Ordenanza convidárase ás citadas Consellerías, Corporacións de dereito público ou Asociacións Profesionais ou veciñais a formular alegacións ó borrador do texto da Ordenanza, co fin de enriquece-lo seu contido dados os intereses en xogo.

Así, deduciron alegacións previas, a AA.VV. "San Bartolomé Centro" o 16/11/99, AA.VV. "Cidade Vella" o 24/11/99, o Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais 9/12/99.

3º.- As alegacións foron remitidas á empresa "Lagares Enxeñería", como entidade especializada en materia de contaminación acústica e tamén na súa calidade de asistencia técnica municipal. O 29/03/00, D. José Antonio González Ferreira, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro Técnico Industrial e Master en Medio Ambiente Urbano, como representante da citada empresa, emitiu informe sobre o contido das citadas suxestións ou alegacións, considerando que cuestións como a imposición de distancias mínimas para evitar efectos aditivos foi obxecto de resolucións xudiciais considerando esta cuestión como non axustada a dereito e que a dobre porta ou fiestra xa figura na Ordenanza. Así mesmo que os aillamentos acústicos largos de rúas e disposicións transitorias propostas parecía suficiente o texto da Ordenanza en atención ás circunstancias deste municipio, aceptación da corrección do artigo 11 da Ordenanza en canto a que recolla o anexo da Lei 7/97 e aceptación da modificación das táboas dos artigos 9 e 10 para adecualos ó citado anexo da Lei de Contaminación Acústica. Así mesmo recollendo suxeccións verbais de facultativos da Consellería de Industria proponse conferir unha nova redacción no substancial do artigo 17 da Ordenanza para adaptalo ó Acordo de Xenebra en materia de medición de rúidos de vehículos.

Remitidas tamén as alegacións e o informe da asistencia técnica municipal ó Sr. Enxeñeiro Xefe da Oficina Técnica Municipal de Medio Ambiente, Infraestrutura e Enxeñería, o pasado 17/04/00 presta íntegra conformidade a aquel dictamen, considerando a corrección do mesmo.

CONSIDERANDO de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Recoñecido ó carácter normativo da Ordenanza como Disposición de carácter xeral, debe sinalarse que o artigo 129.3

da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dispón que as disposicións regulamentarias de desenvolvemento poderán introducir especificacións ou gradacións ó cadro das infraccións ou sancións establecidas legalmente que, sen constituiren novas infraccións ou sancións, nin altera-la natureza ou límites das que a Lei prevé contribúan á mais correcta identificación das conductas ou á máis precisa determinación das sancions correspondentes. Así mesmo, o artigo 51.1 deste texto legal, seguindo o imperativo constitucional que supón o principio de xerarquía normativa, establece que as disposicións administrativas non poderán vulnera-la Constitución ou as Leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes Xerais das Asembleas Lexislativas das Comunidades autónomas, para determinar nas súas alíneas 2 e 3 que ningunha disposición administrativa poderá vulnera-los os preceptos doutra de rango superior e que se axustará á orde de xerarquía que establezan as leis.

Neste senso e dada a tramitación da Ordenanza, considérase coas emendas efectuadas no seu momento e aceptación de diversas cuestións formuladas nas alegacións presentadas na fase de información pública, que o proxecto da Ordenanza confeccionado neste sentido adecua-se á normativa de aplicación cumprindo os principios de reserva da Lei e xerarquía normativa no relativo á tipificación das infraccións, obrando informe técnico verbo do cumprimento da normativa sectorial que pauta o contido da disposición de carácter xeral que nos ocupa.

II.- Tal e como se motivaba no acordo da aprobación inicial, o artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Régimen Local, determina que a aprobación das Ordenanzas locais axustarase a un procedemento no que, unha vez aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, someterase a información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións -tal e como se efectuou- para finalmente proceder á resolución e aprobación definitiva polo Pleno.

III.- O artigo 70.2 desta Lei 7/1985, establece que as Ordenanzas publicaranse no "Boletín Oficial" da Provincia e non entran en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no seu artigo 65, o que reitera o artigo 196.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, determinando o artigo 287 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que poderán tipificar infraccións e establecer sancions, de conformidade co establecido polas leis sectoriais.

IV.- A competencia para a resolución de alegacións e aprobación das Ordenanzas está atribuída o Pleno da Corporación, de conformidade co establecido no artigo 22.d) da Lei 7/1985, na redacción conferida pola Lei 11/1999, de 21 de abril, e art. 64.2.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración

Local de Galicia e art. 50.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, previo dictame da Comisión Informativa correspondente, en función do disposto no artigo 123 do R.O.F.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Medio Ambiente, acorda:

PRIMEIRO.- Resolve-las alegacións formuladas durante a fase de información pública do presente procedemento de aprobación da Ordenanza Municipal Reguladora da Protección contra a Contaminación Acústica, así como as formuladas na fase de invitación de suxestións para a súa redacción, que foron citadas na parte expositiva deste acordo, consonte os informes técnicos suscritos polo Sr. Enxeñeiro Municipal e Enxeñeiro Xefe da empresa de asistencia técnica contratada por este Concello como experta na área da Protección Ambiental, no sentido seguinte:

a).- Estima-la alegación formulada pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente referida os artigos 9 e 10 da Ordenanza, a suxestión presentada por D. José Antonio González Ferreira e/r da empresa "LAGARES INGENIERIA S.L." referida o artigo 17 e parcialmente, no relativo á redacción do artigo 11, a alegación formulada pola Delegación provincial do COAG no sentido e coas xustificacións expresada nos referidos informes técnicos e na fundamentación do presente.

b).- Desestima-las restantes alegacións e suxestións formuladas en base ás motivacións e xustificacións que se expresan nos referidos informes técnicos e no expositivo do presente, incluídas as non estimadas das formuladas pola Delegación en Pontevedra do COAG.

SEGUNDO.- Prestar aprobación definitiva ó texto íntegro da Ordenanza Municipal reguladora da Protección contra a Contaminación Acústica modificada que consta de 51 artigos, dúas disposicións transitorias e tres disposicións finais.

TERCEIRO.- Dispoñe-la publicación do texto da Ordenanza no "Boletín Oficial" da Provincia para a súa entrada en vigor, nos termos da lexislación de réxime local, con comunicación á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, así como ás Administracións, Corporacións e Asociacións interesadas.

CUARTO.- O texto íntegro da Ordenanza é o seguinte:

SECCIÓN I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. A presente Ordenanza regula a actuación municipal para a protección do Medio Ambiente contra as perturbacións producidas pola enerxía acústica nas súas manifestacións máis frecuentes, isto é, os rúidos e/ou vibracións no Termo Municipal de Pontevedra.

Artigo 2. O obxecto desta Ordenanza, de obrigatoria observancia por conseguinte dentro do Termo Municipal, será velar pola consecución do nivel de comodidade sonora adecuada, esixir o illamento acústico necesario nas edificacións e/ou establecementos industriais, comerciais, e de espectáculos públicos e acti-

vidades recreativas para que se cumpran os niveis de emisión e de inmisión de ruídos regulados nela e controlar os niveis sonoros imputables a calquera causa.

Artigo 3. Quedan sometidas ás súas prescricións todas as instalacións, construcións, obras, aparatos, vehículos, medios de transporte, e en xeral, tódolos elementos, actividades e comportamentos que no seu exercicio xeren ruídos ou vibracións que potencialmente ocasionen molestias, danos materiais ou perigosidade ó vecindario ou bens situados baixo a súa influencia, ou que modifiquen o estado natural do ambiente circundante, calquera que sexa o seu titular, promotor ou responsable e lugar público e privado, aberto ou pechado no que estea situado.

Artigo 4. 1. As normas desta Ordenanza son de obrigado e directo cumprimento para toda actividade, instalación, vehículos e obras que se encontren en funcionamento, exercicio ou uso, e comporten a produción de ruídos e/ou vibracións molestas ou perigosas.

2. Corresponderá ó Concello exercer-lo control do cumprimento desta Ordenanza, esixir -de oficio ou a instancia de parte- a adopción das medidas correctoras necesarias, sinalar limitacións, ordenar e/ou realizar cantas inspeccións sexan precisas e aplica-las sancións correspondentes no caso de incumprirse o ordenado.

3. As relacións coas restantes Administracións Públicas, axustaranse dentro do marco dos principios de colaboración interadministrativa establecidos pola Lexislación de Réxime Local e de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ós principios de respecto competencial e cooperación, que se realizará prestándose información e asistencia mutua, mediante a coordinación, a colaboración e as fórmulas de xestión e acción común que poidan establecerse.

4. O Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Pontevedra, por sí mesmo ou a través do/a Teniente de Alcalde no/a que delegue e previo dictame da Comisión Informativa Municipal de Medio Ambiente, está facultado para asinar convenios co fin de obter-lo auxilio doutras Administracións en materia de contaminación acústica e para reclama-lo auxilio de empresas especializadas, previamente homologadas ou acreditadas, dándolle conta ó Pleno da Corporación.

5. A cooperación con outras Administracións e a xestión de servizos municipais poderá, igualmente, realizarse mediante concerto ou convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias.

Artigo 5. 1. As persoas ou entidades propietarias, titulares, promotoras, encargadas ou responsables das fontes de ruído ou vibracións facilitarán ós Inspectores Municipais o acceso ás súas instalacións e disporán o seu funcionamento ás distintas velocidades, cargas ou marchas que lles sexan indicadas polos inspectores ambientais, podendo estar presentes durante o proceso operativo.

2. Nos proxectos de actividades industriais, comerciais e de servizos afectadas polas prescricións desta Ordenan-

za, achegarase un estudio xustificativo das medidas correctoras de ruídos e/ou vibracións, coas hipóteses de cálculo adoptadas, aplicando as recomendacións da Norma Básica da Edificación NBE-CA-88.

SECCIÓN II. SISTEMAS DE MEDIDA E AVALIACIÓN DE NIVEIS DE RUÍDO

Artigo 6. A determinación do nivel sonoro e o illamento acústico realizarase e expresarase en decibelios consonte á rede de ponderación normalizadas "A" (db(A)). Norma UNE 60651, ou calquera outra que a substitúa ou complemente.

Artigo 7. A valoración dos niveis de ruídos que se establecerán nesta Ordenanza rexerase polas seguintes normas; en todo caso as diferentes medidas e avaliacións de ruído deberán cumprir a normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei 7/1997, do 11 de agosto, e o seu Regulamento de protección contra a contaminación acústica, Decreto 150/99, do 7 de maio.

1. A medición levarase a cabo no lugar no que o seu nivel sexa máis alto e, se fose preciso, no momento e situación na que as molestias sexan máis acusadas.

2. En previsión dos posíbeis erros de medición adoptaranse as seguintes precaucións:

a) Contra o efecto pantalla: o observador situarase no plano normal ó eixo do micrófono do sonómetro e o máis arredado do mesmo que sexa compatible coa lectura correcta do indicador.

b) Contra a distorsión direccional: Situado en estación o aparato, xirarásele no interior o ángulo sólido determinado por un octante e fixarase na posición na que a lectura sexa a máxima obtida.

c) Contra o efecto do vento: cando se estime que a velocidade do vento é superior a 1,6 m/s empregarase unha pantalla contra o vento. para velocidades superiores a 3 m/s desistirse da medición, agás que se empreguen aparatos especiais ou se apliquen as correccións necesarias.

d) En canto ás condicións ambientais do lugar da medición, non se sobrepasarán os límites especificados polo fabricante do sonómetro en canto a temperatura, humidade, vibracións, campos electrostáticos e electromagnéticos, etc.

3. O aparato medidor, sonómetro, deberá cumprir-lo establecido nas Normas IEC-651 ou UNE 60651, sendo o mesmo de clase 1 ou 2. O resto dos aparatos que se utilicen na medición como rexistradora gráfica, amplificadores, etc cumprirán igualmente coa Norma citada anteriormente.

4. Medidas exteriores:

a) As medidas en exteriores efectuaranse nunha altura superior a 1,2 m sobre o solo e a 1,5 m. das paredes, edificios ou outras estruturas que reflicten o son.

b) Cando as circunstancias o indiquen pódense realizar medidas a maiores alturas e máis preto das paredes. (por exemplo a 0,5 m. dunha fiestra aberta, facéndoo constar).

5. Medidas en interiores:

a) As medidas en interiores efectuaranse a unha distancia mínima de 1 m. das paredes, entre 1,2 e 1,5 m. do solo e arredor de 1,5 m. das fiestras.

b) Co gallo de reducir as perturbacións debidas a ondas estacionarias, os niveis sonoros medidos nos interiores promediarase cando menos en tres posicións, arredadas entre si 0,5 m.

c) No caso de ser imposible cumprir con este requisito medirase no centro da estancia e a non menos de 1,5 m. do solo.

d) A medición nos interiores da vivenda ou local receptor realizarase normalmente con portas e fiestras pechadas, eliminando toda posibilidade de ruído interior da propia vivendas (frigoríficos, televisións, aparellos de música, etc.), pero se o local ou vivenda se utilizase coas fiestras abertas deberá realizarse a medición nestas condicións.

6. Para a avaliación dos niveis de ruído na forma sinalada terase en conta o nivel sonoro do fondo (desconectando a fonte productora de ruído e sen considerar os ruídos punta accidentais) que se aprecie durante a medición.

7. Medición de illamento acústico a ruído aéreo.

Equipo necesario:

Sonómetro de precisión, clase 1 ou 2 segundo normas IEC-651 ou UNE 60651, dotado dun xogo de filtros de banda de tercio de oitava.

Fonte de ruído rosa con suficiente potencia, ou xerador de ruído rosa para incorporalo ao equipo instalado no local obxecto de medición.

Procedemento de medida:

Determinación dos niveis de emisión en cada unha das bandas de tercio de oitava comprendidas entre 63 hz e 8 Khz. O sonómetro colocarse a 1,5 m. da fonte sonora ou no centro da sala se existen varios puntos de emisión.

Determinación dos niveis de ruído de fondo no local receptor.

Determinación dos niveis de recepción ou transmisión ao local receptor en cada unha das bandas de tercio de oitava abrangidas entre 63 hz e 8 Khz, para idénticos niveis de emisión que os medidos no local emisor.

Determinación do tempo de reverberación do local receptor, por medio da relación:

$$A = (0,163 \times V) / T, \text{ sendo:}$$

A = Área de absorción equivalente (m^2)

V = Volume do recinto receptor (m^3).

T = Tempo de reverberación do recinto receptor (s.)

Determinación do illamento acústico (R') en dB (A) que ofrece a curva de illamento obtido.

Determinación da corrección aplicable (C).

$$C = 10 \log(T/T_0), \text{ sendo:}$$

C = Corrección aplicable ao illamento (R') en dB(A).

T = Tempo de reverberación do local receptor (s).

T_0 = Tempo de reverberación de referencia (0,5 s).

Determinación do illamento normalizado (R).

Realizarase mediante a relación:

$$R = R' + C$$

SECCIÓN III. NIVEIS DE RUÍDO E VIBRACIÓN S ADMISIBEIS NO MEDIO AMBIENTE

Artigo 8. Nos traballos de Planeamento Urbanístico e de Organización de todo tipo de actividades e servizos, co obxecto de facer efectivos os criterios que a continuación se expresan, deberá preverse a súa incidencia en canto a ruídos e vibracións, conxuntamente cos outros factores a considerar para que as solucións ou planificacións adoptadas proporcionen o nivel máis elevado de calidade de vida.

2. En particular, o que dispón o parágrafo anterior será de aplicación, entre outros, nos seguintes casos:

- a) A organización do tráfico en xeral.
- b) Os transportes colectivos urbanos.
- c) A recollida de lixo.
- d) A situación de centros docentes, sanitarios e lugares de residencia colectiva, xa que ou ben poden producir ruídos molestos ó vecindario ou, noutros caos, precisar, para realizar as súas finalidades, de establecerse nun ambiente silencioso.
- e) A concesión de licencias de obras, instalacións e actividades en xeral.
- f) Planificación e proxecto das vías de circulación cos seus elementos de illamento e amortiguación acústica, tales como pavimentos porosos, distancia a edificacións, arborado, defensas acústicas por muros illantes-absorbentes, especialmente en vías elevadas e semielevadas, etc.
- g) Planificación de actividades ó aire libre que poidan xerar ambientes ruidosos en zonas lindantes.
- h) Delimitación do solo industrial arredado do residencial por zonas verdes ou outras franxas de absorción acústica.

Artigo 9. Nas dependencias dos edificios que se citan neste artigo o nivel dos ruídos transmitidos a elas dende o exterior das mesmas ou por instalacións do propio edificio, agás dos orixinados polo tráfico rodado de vehículos, non superarán os seguintes límites:

Tipo de edificio	Nivel Max. dB (A).		
	Local	Día	Noite
Residencial privado	Estancias	40	35
	Dormitorios	30	25
	Servicios	40	35
	Zonas comúns	40	35
Residencial público	Zonas de estancia	40	35
	Dormitorios	30	25
	Servicios	40	35
	Zonas comúns	40	35
Administrativo e de oficinas	Despachos profes.	35	30
	Oficinas	40	35
	Zonas comúns	40	35
Sanitario	Zona de estancia	35	30
	Dormitorios	30	25
	Zonas comúns	35	30
Docente	Aulas	35	30
	Salas de lectura	30	25
	Zonas comúns	35	30

2. No horario nocturno, con independencia dos valores expresados no punto anterior, o ruído transmitido a estas dependencias, agás zonas comúns e aseos, non deberá incrementar en máis de 3 dB (A) o nivel de ruído de fondo delas, entendendoo como o ambiental, sen funcionamento da actividade transmisora de ruídos, e sen ter en conta os valores punta accidentais.

Artigo 10. 1. No medio ambiente exterior, agás os procedentes do tráfico rodado de vehículos, non se poderá producir ningún ruído que sobrepase os seguintes niveis:

	Nivel Max. dB (A)	Día	Noite
<u>Zonificación</u>			
Zonas sanitarias		60	50
Zonas industriais		75	65
Zonas comerciais		70	60
Zonas de vivendas e edificios		65	55

Estos niveis máximos non serán de aplicación no caso de que non se acaden os límites establecidos no artigo anterior relativo ós niveis de transmisión de ruídos ó interior dos edificios.

2. A medición realizarase no exterior da actividade, a 1,5 m. da fachada ou linea da propiedade da actividade afectada.

3. Para este artigo e o anterior enténdese por horario de día o período de tempo abranguido entre as 8 e as 22 horas, agás as zonas sanitarias, que será entre as 8 e as 21 horas; o resto das horas do total de 24 integrarán o período de noite.

4. Por razóns de organización de actos tradicionais ou de especial proxección oficial, cultural, ou de natureza análoga, o Concello poderá adoptar as medidas necesarias para modificar con carácter temporal, nas vías ou sectores afectados, os niveis sinalados no parágrafo 1º. Neste suposto, o Alcalde-Presidente ou Tenente de Alcalde Delgado/a da Área de Medio Ambiente dictará as instrucións para reducir ó máximo posible as molestias á cidadanía.

Na prestación de servicios públicos esenciais: xestión de residuos, bombeiros, ambulancias, etc., será de aplicación o expresando no párrafo anterior.

5. Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, poderanse adoptar en calquera momento as ordes particulares necesarias para ordena-la concurrencia de actividades e para facilita-lo desenvolvemento de actividades de emerxencia ou de carácter urxente debidamente xustificado e de duración limitada.

Artigo 11. 1. Para a medida das vibracións adóptase a aceleración en metros por segundo ao cadrado como unidade (m/s²).

2. Utilizaranse as curvas límite de vibración en aceleración da norma ISO-2631-2 cos valores de recepción que sinala o artigo 8 do anexo da Lei 7/97.

Artigo 12. Non se permite ningunha vibración que sexa detectábel sen instrumentos de medida nos lugares nos que se efectúe a comprobación.

SECCIÓN IV. CONDICIÓN ACÚSTICAS DAS EDIFICACIÓNS

Artigo 13. 1. Tódalas edificacións de nova construción deberán posuí-lo illamento acústico mínimo esixido pola Norma Bá-

sica da Edificación NBE-CA-88, agás os forxados constitutivos do primeiro andar da edificación, cando dito andar sexa de uso residencial e no andar baixo se poidan localizar, conforme ó planeamento, usos susceptibles de producir molestias por rúidos ou vibracións, nos que o illamento acústico bruto ó ruído aéreo esixible será de, cando menos, 55 dB (A).

2. Os aparellos elevadores, as instalacións de acondicionamento de ar e as súas torres de refrixeración, a distribución e evacuación de augas, a transformación de enerxía eléctrica e demais servicios do edificio serán instalados coas precaucións de emprazamento e illamento que garantan un nivel de transmisión sonora cara ó interior da edificación ou ós edificios veciños non superior ós límites máximos citados nos artigos 9 e 10 desta Ordenanza.

SECCIÓN V. RUÍDOS XERADOS POLO TRÁFICO E CIRCULACIÓN

Artigo 14. Tódolos vehículos de tracción mecánica terán de ter en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, carrocería, freos e demais elementos do mesmo capaces de producir rúidos e vibracións e, especialmente, o silenciador dos gases de escape, co fin de que o nivel sonoro emitido polo vehículo ó circular ou parado co motor en marcha non exceda o que se establece na presente Ordenanza.

Artigo 15. 1. Queda prohibido o uso de bucinas ou calquera outro dispositivo de sinais acústicos dentro do núcleo urbano, agás nos casos de inminente perigo de atropelo ou colisión. Exclúense desta prohibición os servicios públicos de urxencias como Policía, Extinción de Incendios, Asistencia Sanitaria, Ambulancias ou servicios privados para o auxilio urxente de persoas.

2. As alarmas acústicas antirrobo que se instalen nos vehículos automóbiles deben axustarse de forma que non poidan entrar en funcionamento por pequenos impactos, golpes ou movementos leves do vehículo. En todo caso deben interrompe-lo o seu funcionamento despois de 45 segundos da súa posta en marcha, sempre que desapareza a causa que provocou o seu disparo.

Artigo 16. Prohíbese a circulación de vehículos a motor sen elementos silenciadores do escape de gases, ou con silenciadores non eficaces, incompletos, inadecuados, deteriorados ou con tubos resoadores. O dispositivo silenciador non se poderá pór fóra de servicio polo conductor.

Artigo 17. 1. Os límites máximos admisibles para os rúidos emitidos polos distintos vehículos a motor en circulación serán os establecidos polos Regulamentos 41 e 51 anexos ó Acordo de Xenebra de 20 de Marzo de 1958 para homologación de vehículos novos e decretos que os desenvolven (BOEs 19/5/82 e 22/6/83). Non serán de aplicación os límites anteriores ós vehículos excluídos do Acordo de Xenebra por data de fabricación ou outra circunstancia.

2. Os niveis de ruído de vehículos serán medidos segundo os respectivos Anexos 3 dos citados regulamentos 41 e 51, o Regulamento nº 9 sobre "Homologación dos vehículos a respecto do ruído", así como as especificacións do método establecido pola Norma ISO 150 R-362.

3. A fin de preservar a tranquilidade da poboación o Concello poderá sinalar zonas ou vías nas que algunhas clases de vehículos a motor non poidan circular a determinadas horas.

Artigo 18. A Policía Municipal formulará denuncia contra o propietario de todo vehículo que ó seu xuízo sobrepase os niveis máximos permitidos, indicando a obriga de presenta-lo vehículo no lugar e horario preciso para o seu recoñecemento en inspección. De non presentarse o vehículo, presumirase a conformidade do seu propietario coa denuncia formulada.

Artigo 19. Se inspeccionado o vehículo a que se fai referencia no artigo anterior non superase os niveis sonoros permitidos, a denuncia será sobreseída.

Artigo 20. 1. A carga e descarga, así como o transporte de materiais en camións, deberá realizarse de xeito que o ruído producido non supoña incremento importante no nivel de ruído ambiental da zona. Queda excluída deste prescrición a recollida municipal de residuos urbanos, así como as actuacións de recoñecida urxencia.

2. O persoal dos vehículos de reparto deberá cargar e descargar-las mercadorías sen producir impactos directos sobre o solo do vehículo ou do pavimento e evitará o ruído producido polo desprazamento ou trepidación da carga durante o percorrido.

SECCIÓN VI. RUÍDOS E/OU VIBRACIÓNS DE MAQUINARIAS E INSTALACIÓNS

Artigo 21. Todo elemento dos órganos móbiles manterase en perfecto estado de conservación, principalmente no que se refire ó seu equilibrio dinámico ou estático, así como á suavidade de marcha dos seus coxíns ou os seus camiños de rodaxe que deberán ser lubricados convenientemente.

Artigo 22. Non se poderá instalar ningunha máquina ou órgano en movemento, de calquera instalación en/ou sobre paredes, teitos, forxados ou outros elementos estruturais da edificacións, agás casos excepcionais nos que se xustifique que non se produce molestia algunha ó vecindario, ou instalen os correspondentes elementos correctores, ou que o aloxamento ou illamento da actividade a respecto das vivendas sexa suficiente.

Artigo 23. A instalación no solo dos elementos citados no artigo anterior efectuarase con interposición de elementos antivibratorios adecuados, a idoneidade dos cales deberá xustificarse plenamente nos correspondentes proxectos.

Artigo 24. As máquinas de arranque violento, as que traballan por golpes ou choques bruscos e as dotadas de órganos con movemento alternativo, deberán estar ancoradas en bancadas independentes, sobre o solo firme e illadas da estrutura da edificación e do solo do local por intermedio de materiais absorbentes da vibración.

Artigo 25. A distancia entre os elementos indicados nos dous anteriores artigos e as paredes perimetrais será de 1 metro. Cando as medidas correctoras sexan suficientes, de forma que non se superen os límite establecidos nesta Ordenanza, poderá reducirse a mencionada distancia.

Artigo 26. Tódalas máquinas con órganos móbiles situaranse

de forma que as súas partes máis saíntes, ó final da estada de desprazamentos, queden a unha distancia mínima de 0,7 m. dos muros perimetrais e forxados, debendo elevarse a 1 m. esta distancia cando se trate de elementos medianeiros.

Artigo 27. 1. Os conductos polos que circulen fluídos en réxime forzado disporán de dispositivos antivibratorios de suxeición.

2. A conexión de equipos para o desprazamento de fluídos, como é o caso de instalacións de ventilación, climatización, ar comprimido e conductos e tuberías, realizarase mediante tomas ou dispositivos elásticos. Os primeiros treitos tubulares e conductos e, se é necesario, a totalidade da rede, soportaranse mediante elementos elásticos para evitar a transmisión de ruídos e/ou vibracións a través da estrutura do edificio.

3. Se se atravesan paredes, as conduccións tubulares e conductos farano sen fixarse á parede e cun montante elástico de probada eficacia.

Artigo 28. A partir da vixencia desta Ordenanza, non se permitirá nas vías públicas e nas actividades o establecemento de máquinas e instalacións que orixinen, en edificios residenciais, sanitarios ou educativos próximos, niveis sonoros superiores aos límites sinalados na Sección III.

Artigo 29. Os equipos das instalacións de ar acondicionado, ventilación ou refrixeración, como ventiladores, extractores, unidades condensadoras e evaporadoras, compresores, bombas, torres de refrixeración e outras similares, non orixinarán nos edificios propios, contiguos e próximos niveis sonoros superiores ós límites establecidos na Sección III.

Artigo 30. Nos circuitos de auga coidarase que non se presente o "golpe de ariete" e as seccións e disposicións das válvulas e billame haberán de ser tales que o fluído circule por elas en réxime laminar para os gastos nominais.

Artigo 31. A partir da vixencia desta ordenanza non se permitirá o establecemento de máquinas ou instalacións auxiliares que orixinen nos edificios contiguos ou próximos niveis de vibracións superiores aos establecementos no artigo 11 desta Ordenanza.

Artigo 32. Con independencia das restantes limitacións desta Ordenanza, no interior de calquera espacio aberto ou pechado, destinado a reunións, espectáculos ou audicións musicais como discotecas e similares, non poderán superarse niveis sonoros de 90 dB (A), en ningún punto do local destinado ao uso dos clientes, agás que no acceso ou accesos do referido espacio se coloque o aviso seguinte: "OS NIVEIS SONOROS DO INTERIOR PODEN PRODUCIR LESIÓNS PERMANENTES NO OUVIDO". O aviso deberá ser perfectamente visible, tanto pola súa dimensión como pola súa iluminación.

Artigo 33. 1. Prohíbese activar inxustificadamente calquera sistema de aviso, alarma e sinalización de emerxencia por roubo, incendio, etc.

2. Non obstante, autorízanse probas e ensaios de aparellos de alarma e emerxencias, que serán de dous tipos:

a) Excepcionais.- Serán as que deben realizarse inmediatamente despois da súa instalación. Poderán efectuarse entre as 10 e as 18 horas da xornada laboral.

b) Rutinarias.- Serán as de comprobación periódica dos sistemas de alarma. Só se poderán realizar unha vez ó mes e nun intervalo máximo de 5 minutos dentro do horario anteriormente indicado. A Policía Municipal deberá coñecer previamente o plan destas comprobacións, con expresión do día e hora na que se realizarán.

Artigo 34. En concordancia coa Lei 7/1997, do 11 de agosto, de Protección contra a Contaminación Acústica (D.O.G. nº 159 do 20/8/97) e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 150/1999 (D.O.G. nº 100 do 27/5/99), tódolos os proxectos de obras ou instalacións deberán conter un estudio acústico.

SECCIÓN VII. ACTIVIDADES VARIAS

Artigo 35. 1. Con carácter xeral prohibese o emprego de todo dispositivo sonoro con fins de propaganda, reclamo, aviso, distracción e análogos, con condicións de funcionamento que produzan niveis sonoros que excedan dos sinalados nesta Ordenanza para as distintas zonas.

2. Esta prohibición non rexerá nos casos de alarma, urxencia ou tradicional consenso da poboación, e poderá ser dispensada na totalidade ou parte do termo municipal por razóns de interese xeral ou de especial significación cidadá.

3. As alarmas instaladas en locais, vivendas e inmobles en xeral serán obxecto dun rexistro municipal controlado pola Policía Local no que se indique a identidade, enderezo e teléfono da persoa encargada da súa desconexión, a cal debe ficar localizable no núcleo urbano onde estea instalada a alarma acústica, sempre que estea en funcionamento, debendo acodir cando sexa activada, a requirimento da Policía Local.

Exímese desta obriga se a alarma dispón de dispositivo temporizador de corte tarado a menos de 5 minutos.

Artigo 36. 1. Os traballos temporais, como son os de obras de construción públicas ou privadas, non se poderán realizar entre as 22 e 8 horas se superan os niveis enunciados nos artigos 9 e 10 desta Ordenanza. Durante o resto da xornada en xeral os equipos empregados non poderán acadar, a cinco metros de distancia, niveis sonoros superiores a 90 dB (A), fin para o que se adoptarán as medidas correctoras que procedan.

2. Exceptúase da prohibición de traballar en horas nocturnas, as obras urxentes por razón de necesidade ou perigo ou aquelas que polos seus inconvenientes non se poidan facer de día. O traballo nocturno deberá ser autorizado expresamente pola autoridade municipal, que determinará os límites sonoros que se deberán cumprir, ou poderá denegarse cando se aprecie a inconveniencia de perturbar, aínda que sexa temporalmente, ó vecindario ou usuarios do contorno.

Artigo 37. Os receptores de radio, televisión, tocadiscos, aparellos electrodomésticos e, en xeral tódolos aparellos reproductores de son, illaranse e regularanse de xeito que o ruído transmitido ás vivendas ou locais lindantes non excedan do valor

máximo autorizado no artigo 9.

Artigo 38. 1. Os ensaios ou reunións musicais, instrumentais ou vocais, baile ou danza, tómbolas, festas colexiais ou privadas, así como a emisión de música na vía pública por medio de equipos portátiles haberán de efectuarse cumprindo os niveis establecidos nos Art. 9 e 10 desta Ordenanza.

2. Co fin de preservar-lo ambiente tranquilo de determinados lugares, prazas, xardíns ou espazos libres que inviten ó recollimento, contemplación ou sereno esparexemento, fica neles prohibido o uso de aparellos emisores de son, portátiles ou non. A única tolerancia de ditos aparellos quedaría limitada á audición individual por medio de auriculares.

3.0 volume acústico dos equipos musicais instalados en vehículos automóbiles non poderá transcender ó exterior dos mesmos.

SECCIÓN VIII. CONDICIÓNS DE LOCAIS ADICADOS A ACTIVIDADES CLASIFICADAS OU INOCUAS, ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

Artigo 39. 1. As condicións esixidas ás particións acústicas dos locais sitios en edificios habitados e destinados a calquera actividade de concorrencia pública ou instalación que poida considerarse como foco de ruído serán as seguintes:

a) En xeral os elementos constructivos horizontais e verticais de separación entre calquera instalación ou actividade do tipo mencionado e outro local ou recinto contiguo deberán garantir un illamento acústico mínimo de 45 dB (A) durante o horario de funcionamento dos focos de ruído, e de 60 dB (A) se a actividade ha de funcionar en parte durante o horario nocturno especificado no Art. 10.3 destas Ordenanzas.

Os titulares ou responsables de calquera actividade están obrigados a adoptar-las medidas de insonorización nas súas fontes sonoras e de illamento acústico dos locais para cumprir en calquera caso as prescricións establecidas, dispoñendo, se fose preciso, de sistemas de ventilación forzada, de xeito que poidan pechase os ocos ou fiestras existentes ou proxectadas.

Os proxectos técnicos de instalación de actividades afectadas polo ámbito de aplicación do Regulamento de Actividades Noxentas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, independentemente da súa inclusión ou non no seu Nomenclator Anexo, achegarán un estudo xustificativo sobre as medidas correctoras precisas para que a emisión e transmisión dos ruídos xerados polas distintas fontes sonoras cumpran as precricións desta Ordenanza. O estudo xustificativo desenvolverá como mínimo os aspectos que se establecen nas seguintes alíneas:

a) No caso de ruído aéreo:

- Identificación das fontes sonoras máis destacables da actividade e valoración do nivel acústico das mesmas.

- Localización e descrición das características da zona máis probable de recepción do ruído orixinado polas actividades, sinalando expresamente os límites do ruído legalmente admisible na zona.

- Valoración, en función dos datos anteriores, da necesida-

de mínima de illamento acústico ó ruído aéreo.

- Deseño da instalación acústica proposta, con descrición dos materiais utilizados e detalles constructivos da súa montaxe.

- Xustificación analítica da validez da instalación proposta.

b) No caso de ruído estrutural por vibracións:

- Identificación da máquina ou instalación conflictiva, detallando as súas características fundamentais (carga e frecuencia).

- Descrición do antivibrador seleccionado e cálculo analítico onde se aprecie a porcentaxe de eliminación de vibración obtido coa súa instalación.

- Detalle gráfico onde se aprecien as características da montaxe.

c) No caso de ruído estrutural por impactos:

- Descrición da natureza e características físicas do impacto.

- Valoración sobre a posible transmisión dos impactos a recintos colindantes.

- Descrición da solución técnica deseñada para a eliminación da transmisión estrutural dos impactos.

- Detalle gráfico onde se aprecien as características da solución adoptada.

Estes establecementos terán que poñer no exterior e na inmediación da porta de acceso unha placa na que se fará constalo aforo, actividade, número de licenzia e superficie, para a inmediata identificación polo servizo de inspección acústica ou axentes municipais e sen prexuízo do cumprimento da normativa de protección do patrimonio cultural do Conxunto Histórico.

ACTIVIDADES ADICADAS Ó USO DE ESPECTÁCULO PÚBLICO OU ACTIVIDADE RECREATIVA .

1. As licenzias de instalación de locais adicados a calquera tipo de espectáculo público ou actividade recreativa, con independencia de estar ou non incluídos no Nomenclátor Anexo do Regulamento de Actividades Noxentas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, tramitaranse segundo as determinacións deste Regulamento aprobado por Decreto 2414/1961, do 30 de novembro e polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, Real Decreto 2816/1982, do 27 de agosto.

a) En calquera caso, todos estes establecementos terán que poñer-lo diploma ou extracto da licenzia de apertura e posta en funcionamento que expide a Alcaldía na parede posterior á barra ou mostrador de atención ó público do local, para a inmediata identificación polos servizos ou axentes municipais.

b) Se a actividade é un bar sen música ambiental, ou semellante (Cafétería ou Café-Bar), o nivel de illamento acústico mínimo das particións separadoras con vivendas será de 70 dB (A).

c) No caso de bares con música, copas, "pubs", discotecas, salas de baile e salas de festa, tablaos flamencos, "music hall" e similares, cafés-concertos, cafés-cantantes, "karaokes", bo-

leiras ou recintos onde se emita música ó vivo, o nivel de illamento esixible ós elementos constructivos separadores con vivendas será de 80 dB (A) como mínimo.

d) Os establecementos citados no apartado c) anteriores deberán dispor, na entrada principal do establecemento, dun vestíbulo de illamento cunha superficie mínima do 3% da superficie construída do local, incluídos servicios, barra, almacén, etc... Este vestíbulo franquearase por portas con apertura no sentido da evacuación, deixando entre elas unha zona libre de varrido de, cando menos, 1,20 m.

Asemade, a superficie mínima destes locais será:

- Café-Bar Especial, Pub: 80m².

- Café-Concerto, Café-Cantante, Karaoke, Boleiras ou recintos onde se emita música ao vivo,: 150 m².

- Discotecas, salas de baile e salas de festa, tablaos flamencos, "music hall" e similares: 250 m².

e) Os valores de illamento tamén se refiren ós orificios e mecanismos para a ventilación e acondicionamento de ar dos locais.

2. Cando o foco de emisión de rúidos, no caso de actividades en xeral, sexa un elemento puntual, compresores, ventiladores, etc, o illamento acústico poderase limitar a dito foco emisor, sempre que se cumpran os niveis de transmisión de rúidos regulados nos artigos 9 e 10 desta Ordenanza.

3. O cumprimento das disposicións deste artigo non exime da obriga de axustarse ós niveis dos artigos 9 e 10 da Ordenanza.

Artigo 40. Os proxectos técnicos en que se baseen as solicitudes de licencia para a autorización de locais nos que se desenvolvan actividades adicadas ó uso de espectáculo público ou actividade recreativa musical, isto é, con funcionamento de equipo de reprodución musical -exceptuado aparello de radio, televisión- ademais da esixible por outras normas legais, disposicións de carácter xeral, ou esta mesma ordenanza terán de incluír:

a) Instalación de solo flotante se o solo dos establecemento se asenta sobre un forxado, dispoñendo libre o espacio inferior.

b) Cando o solo do establecemento asente sobre terreo firme, admitirase a desolidarización do paramento horizontal dos verticais, especialmente os pilares.

c) Instalación de dobre parede lateral flotante e desolidarizada, agás se trate de paredes de pedra ou dun material tradicional existente no local, supostos nos que, dado o seu valor arquitectónico-cultural, xustificarse polo redactor do proxecto técnico a validez e eficacia da solución proposta e o cumprimento das prescricións da ordenanza.

d) Instalación dun teito acústico desconectado mecánicamente do forxado da prancha inmediatamente superior

e) Descrición do equipo musical (potencia acústica, gama de frecuencias, canles, etc)

f) Descrición dos autofalantes, o seu número e distribución no local, xunto coas medidas correctoras adoptadas (direcciona-

lidade, suxeicións, etc).

g) Cálculo xustificativo do illamento acústico do local, tendo en conta, ademais do ruído causado polos equipos musicais, o producido por outros elementos constitutivos da actividade do local, tales como cámaras frigoríficas, acondicionadores de ar, público, etc.

2. Se o cálculo e datos son remitidos, e por iso, son aceptados polos órganos competentes do Concello, previamente á concesión de licencia de apertura, terán que remitir certificado de medida do illamento acústico a ruído aéreo normalizado das particións separadoras con outras actividades polo método exposto no artigo 7.7 desta Ordenanza.

3. A descrición, cálculos e documentos citados neste artigo terán de ser suscritos por técnicos con capacidade legal recoñecida e visados polo Colexio oficial correspondente. A certificación da medición do illamento terá de ser suscrita por empresa homologada como se dictamina no regulamento de protección contra a contaminación acústica (Decreto 150/99 de sete de maio).

4. Os técnicos municipais, previo á concesión de Licencia de Apertura, comprobarán, tamén polo citado no punto 2 deste artigo, o illamento acústico a ruído aéreo normalizado do local e verificarán as transmisións de ruído a outros locais ou vivendas, situando o potenciómetro de volume dos equipos musicais instalados ao máximo das súas posibilidades.

5. Para calquera variación que deban sufrir as características dos equipos musicais instalados (marca, tipo, situación, potencia, etc.) terá de solicitarse nova autorización, achegando os documentos xustificativos indicados neste artigo.

Artigo 41. Tódalas actividades susceptibles de producir molestias por ruído deberán exercerse coas portas e as fiestras pechadas.

Artigo 42. Calquera outra actividade ou comportamento persoal ou colectivo non comprendidos nos artigos precedentes, que produzan unha perturbación do vecindario con rúidos evitables coa observancia dunha conducta cívica normal entenderase incurso no réxime sancionador desta Ordenanza.

SECCIÓN IX. RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 43.- 1. Corresponde ó Concello a vixianza do establecido nesta Ordenanza. Esta será realizada polo persoal do servizo competente mediante as correspondentes visitas ós focos de emisión, implicando a obriga dos titulares, donos, rexentes, encargados e responsables dos locais de calquera actividade abranguida na presente Ordenanza de lles presenta-la correspondente licencia de apertura e autorización do funcionamento e a facilitar ós inspectores municipais o acceso ás instalacións ou focos xeradores das molestias ou perigos e disporán o seu funcionamento ás distintas velocidades, cargas e marchas que lles indiquen tales inspectores, permitíndolles o emprego de dispositivos medidores, e a efectuar as operacións necesarias para o cumprimento de tal finalidade.

Non obstante, o Concello poderá solicitar o auxilio da Ad-

ministración Autonómica ou de empresas homologadas pola Xunta de Galicia, tal como prevén os artigos 9 e 25 da Lei de Protección contra a Contaminación Acústica (Lei 7/1997, do once de agosto).

2. Se ó efectua-la inspección se verificase o incumprimento da norma, levantarase a correspondente acta, da que se entregará copia á persoa interesada. Dita acta dará lugar á incoacción de expediente, no que, con audiencia da persoa interesada, sen prexuízo de aplica-lo réxime sancionador, serán determinadas as medidas correctoras precisas.

As actas que se levanten gozarán de presunción de veracidade respecto ós feitos que nas mesmas se declaren probados.

Os funcionarios destinados para efectuar labores de vixilancia e inspección medio ambiental a que se contrae esta Ordenanza, gozarán, no exercicio das súas funcións, da consideración de Axentes da Autoridade estando facultados para acceder, previa identificación e sen previo aviso ás instalacións onde se desenvolvan as actividades suxeitas á presente Ordenanza.

3. Toda persoa, natural ou xurídica, pode denunciar perante o Concello a existencia de focos contaminadores que contraveñan as prescricións da presente Ordenanza.

4. Consonte co apartado anterior, as visitas de inspección poderán levarse a cabo por iniciativa municipal ou logo de solicitude de calquera interesado. Estas solicitudes ou denuncias conterán, ademais dos datos esixibles nas instancias pola lexislación que regula o procedemento administrativo común, os datos precisos para facilitar ós servizos municipais a correspondente visita de inspección.

5. En caso de recoñecida urxencia ou emerxencia, isto é ruídos que resulten altamente perturbadores ou cando xurdan ocasionalmente por uso abusivo, deterioro ou deficiente funcionamento das instalacións, aparellos ou equipos, poderá recorrirse directamente ós servizos municipais que teñan encomendada a atención destes supostos, os cales, previa comprobación, adoptarán as medidas de urxencia necesarias.

6. A persoa que efectúe a denuncia incurrirá en responsabilidade cando actue con temeridade ou mala fé, sendo, neste caso, do seu cargo os gastos que se orixinen.

7. En calquera caso as denuncias formuladas darán lugar á incoacción do oportuno expediente, que se tramitará baixo as normas esixidas polo regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, notificándose ás persoas interesadas as resolucións adoptadas.

Artigo 44. En relación cos ruídos emitidos polos vehículos a motor, os propietarios ou usuarios dos mesmos facilitarán ós Servizos Municipais competentes as medicións oportunas, as cales serán efectuadas segundo se establece nos Regulamentos 41 e 51 do Acordo de Xenebra, referenciados no artigo 17 da presente Ordenanza.

CAPÍTULO 2. INFRACCIÓNS.

Artigo 45. 1. Considéranse constitutivo de infracción administrativa as accións e omisións que contraveñan os preceptos

contidos nesta Ordenanza, especialmente respecto ós focos contaminadores do medio ambiente e o mal uso das licencias.

2. Para os efectos desta Ordenanza, as infraccións clasificaranse como leves, graves e moi graves e nas seguintes materias: ruidos e vibracións, segundo se establece nos artigos seguintes.

Artigo 46. Materia de ruidos:

1. Considérase infracción leve:

Superar ata 5 dB(A), os niveis de ruído máximos admisibles de acordo co regulamento desta ordenanza.

2. Considéranse infraccións graves:

a) A reincidencia en faltas leves.

b) Superar en máis de 5 dB (A) os ruidos máximos admisibles por esta Ordenanza.

c) Non presenta-lo vehículo a inspección cando teña sido requirido para iso. Para tal efecto, considerarase como non presentación o retraso superior a 15 días.

d) Cando, ó darse o suposto do parágrafo 1 deste artigo, se requirise de novo ó titular do vehículo para a súa presentación no prazo de 15 días e esta non se realizase ou, se realizada, os resultados da inspección superasen os límites indicados no devandito parágrafo.

3. Consideraranse infraccións moi graves:

a) A reincidencia en faltas graves.

b) A emisión de niveis sonoros que superen en máis de 15 dB(A) os límites máximos autorizados.

c) A non presentación do vehículo a inspección oficial, cando dándose o suposto da alínea b) do número anterior se requirise de novo ó titular do vehículo para a súa presentación no prazo de 15 días e non o fixese, ou se presentado, os resultados da inspección superasen os límites establecidos en dito número.

Artigo 47. Materia de vibracións:

Considérase infracción leve:

A transmisión de niveis de vibración correspondentes á curva base inmediatamente superior á máxima admitida para cada situación

2. Considerarase infracción grave:

a) A reincidencia en faltas leves.

b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes a dúas curvas bases inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación.

3. Considéranse faltas moi graves:

a) A reincidencia en faltas graves.

b) A transmisión de niveis de vibración correspondentes a máis de dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admitida para cada situación .

CAPÍTULO 3. MEDIDAS CAUTELARES.

Artigo 48. As actividades sobre as que pese algunha limitación na emisión ou inmisión de ruidos e/ou vibracións e se detecte o seu incumprimento polo Servicio Municipal de inspección ou axentes da Policía Local, ou carezan da preceptiva licencia de funcionamento, poderán ser cautelarmente desaloxadas

ou clausuradas por estes no seu preciso momento, medida que ha de ser levantada ou ratificada polo Excmo. Sr. Alcalde nun prazo de cinco días hábiles.

CAPÍTULO 4. SANCIÓNS.

Artigo 49. 1. O réxime que establece esta ordenanza enténdese sen perxuízo das intervencións e competencias que corresponden a outros organismos na esfera das súas respectivas competencias.

2. Con independencia da esixencia, cando proceda, das correspondentes responsabilidades civís ou penais, as infraccións das prescricións desta Ordenanza serán sancionadas da forma seguinte:

1. Cando se trate de vehículos de motor:

a) As infraccións leves con multa de ata 250.000 pesetas e apercibimento.

b) As infraccións graves con multas de 250.001 a 1.500.000 pesetas.

c) As infraccións moi graves con multas de 1.500.001 a 10.000.000 pesetas, podendo proporse o precintado do vehículo.

2. No caso do resto de focos emisores:

a) As infraccións leves con multa de ata 250.000 pesetas e apercibimentos.

b) As infraccións graves con multas de 250.001 a 1.500.000 pesetas, clausura temporal, total ou parcial,, das instalacións e cese temporal, total ou parcial, da actividade de que se trate, por un prazo máximo de seis meses.

c) As infraccións moi graves con multas de 1.500.001 a 10.000.000 pesetas, clausura definitiva, total ou parcial, por un prazo superior a seis meses, das instalacións ou cese definitivo, total ou parcial, das actividades.

Artigo 50. 1. A contía das respectivas sancións graduarase en función das seguintes circunstancias:

a) Natureza da infracción.

b) Capacidade económica da empresa.

c) Gravidade do dano producido nos aspectos sanitario, social ou material.

d) Grao de intencionalidade.

e) Reincidencia.

2. Considerarase reincidente o titular do vehículo ou actividade que tivese sido sancionado anteriormente unha ou varias veces polo mesmo concepto nos doce meses precedentes.

Artigo 51. 1. Sen prexuízo da aplicación das sancións correspondentes, será motivo de precintado inmediato da instalación o superar en máis de 10 dB(A) os límites de niveis sonoros para o período nocturno e 15 dB(A) para o diúrno establecidos na presente Ordenanza.

2. Dito precintado poderá ser levantado para efectuar as operacións de reparación e posta a punto. Sen embargo, a instalación non poderá porse en marcha ata que o persoal do departamento competente informe favorabelmente o correcto funcionamento das instalacións, previa proba das mesmas.

3. En todo caso, na graduación das infraccións, terase en

conta as circunstancias atenuantes ou agravantes reflectidas na Lei e Regulamento de Protección contra a Contaminación Acústica.

4. Ademais da imposición das sancións, ó remate do procedemento sancionador, poderá acordarse a adopción de medidas correctoras, así como a indemnización dos danos e perdas ocasionadas como consecuencia da actividade infractora. Se a persoa infractora non cumprise voluntariamente no prazo que se lle sinala, poderase así mesmo impor multas coercitivas sucesivas de ata 500.000 pts cada unha. Así mesmo será de aplicación o previsto para as execucións subsidiarias no artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común, na redacción conferida pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1. ESTABLECEMENTOS ADICADOS A ESPECTÁCULO PÚBLICO OU ACTIVIDADE RECREATIVA

a) Os titulares dos establecementos adicados a espectáculo público ou actividade recreativa que dispoñan da preceptiva licenza de apertura e posta en funcionamento, ou se encontre en tramitación na data de entrada en vigor desta Ordenanza, disporán dun período de seis meses, a partir da súa vixencia, para presentar solicitude de adaptación ás previsións da presente perante o Concello, nas que se reflectan as medidas correctoras necesarias para garantir e cumprimentalos niveis máximos de emisión e transmisión sonora e de vibracións. Neste suposto presentarán un proxecto no que se aprecie a necesidade de modificación das instalacións ou elementos constructivos ou se non se necesita modificación das establecidas na normativa.

b). Si do exame da documentación presentada resultase a imposibilidade material de axustarse ás condicións establecidas nas presentes normas ou resultare antieconómica, o Concello podería outorgar autorización de funcionamento establecendo limitacións máis severas no funcionamento da actividade co obxecto de que non se produzan molestias.

c) En calquera caso no prazo máximo de ano e medio, deberán estar executadas e facerse efectivas as medidas correctoras ás que se refire o primeiro parágrafo da presente Disposición Transitoria e tales actividades terán que estar plenamente axustadas en tal prazo ás condicións establecidas nesta Ordenanza.

d) A superficie mínima a que se fai referencia no artigo 39 para este tipo de establecementos será esixible a partir da entrada en vigor desta Ordenanza, se ben os autorizados con anterioridade ou en trámite non quedarán sometidos ó réxime de fora de ordenación para a actividade exclusivamente autorizada ou outra de espectáculo ou actividade recreativa considerada encadrada na mesma categoría ou inferior, isto é, similar ou menos noventa, poidéndose facer obras de reforma, consolidación e conservación en xeral.

2. Os titulares das restantes actividades legalmente autorizadas ou en trámite na data de entrada en vigor desta Ordenanza dispoñen dun período de doce meses, a partir da súa vixencia, para facer efectivas as medidas correctoras necesarias para

o cumprimento dos niveis máximos de emisión e transmisión sonora e de vibracións.

Neste suposto presentarán un proxecto no que se aprecie a necesidade de modificación das instalacións ou elementos constructivos ou se non se necesita modificación das establecidas na normativa.

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA. Esta Ordenanza poderá ser desenvolvida por Ordenanzas particulares referidas a determinados aspectos técnicos ou zonas particulares do Municipio.

SEGUNDA. Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta Ordenanza.

TERCEIRA. Esta Ordenanza entrará en vigor no prazo dos QUINCE DÍAS seguintes a súa publicación no Boletín oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

10.- AUTO-TAXIS: APROBACIÓN INICIAL DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVICIO DE AUTO-TAXIS.

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Informativa Permanente de Réxime Interior e Persoal, á aprobación inicial de Ordenanza municipal reguladora do servizo de auto-taxis.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que este asunto o que trata é de autorizar unha normativa que databa do ano 1966 e que no regulamento nacional de servizos urbanos e interurbanos de transporte do ano 1979 se establecía que nun prazo de seis meses a partir da súa publicación tiña que se aprobar unha nova ordenanza de carácter municipal e o que se pretende en definitiva é dar cumprimento á legalidade vixente e solucionar os problemas diarios que viñan aparecendo nesta materia no funcionamento ordinario do servizo de taxis, en todo caso aínda que foi un proceso de discusión longa nas Comisións ó final chegaron a un acordo tódolos grupos políticos, por tanto agradece a unanimidade nesta cuestión.

A continuación intervén don Luciano Santiago Esperón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que esta é outra ordenanza que vai seguindo a tónica das que son de interese común e colectivo, que é a aportación de todos para facer un marco normativo que sirva a todos e non sexa cambiábel ou censurable a curtos ou a medios prazos e, aínda que sabe que unha norma nunca é eterna e que hai que cambiala con periodicidade, o que se fai neste acto en principio é unha aprobación inicial da ordenanza, co que se abre un período de alegacións que pode dar lugar a que se axuste algo máis; é verdade o que dicía o señor González Carballo que o esforzo que se fixo na Comisión foi recoller previamente alegacións, falar con colectivos afectados, con usuarios e por parte de tódolos grupos se estivo aportando e facendo un esforzo, por tanto previsiblemente a partir da

aprobación inicial non debera haber moitas aportacións pero o único que se fai é abrir ese proceso para que se alguén ten algo que aportar, que dicir ou que obxectar o poda facer no período de tempo de exposición pública e poda ser revaluable e se convirta nunha norma de consenso e aceptada amplamente pola maioría social do concello.

Concédesse a palabra a continuación a don Juan Enrique Magdalena Chan, en representación do grupo municipal do Partido Popular, o cal manifesta que, como todos saben, este punto se ha retirado del orden del día del anterior Pleno porque los grupos políticos no tenían la ordenanza en tiempo y forma, consecuencia de ello su grupo cuando hay diálogo y se interpretan bien las razones también aporta su parte, con lo cual en el fondo se congratulan de que esto salga adelante por unanimidad.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente tramitado para a aprobación da ordenanza municipal reguladora do servizo de auto-taxis do Concello de Pontevedra, presentada polo Sr. Tenente de Alcalde responsable da área de xeración e xestión de recursos, resultan relevantes para a resolución do procedemento os seguintes

FEITOS:

1.- Polo Sr. Tenente de Alcalde responsable da área de xeración e xestión de recursos sométese o proxecto de ordenanza reguladora do servizo de auto-taxis do Concello de Pontevedra para ser sometido a tramitación regulamentaria ata a súa aprobación polo Pleno da Corporación municipal.

2.- Pola Vicesecretaría emítese informe con data 18 de abril de 2000.

3.- Ata esta data (18 de abril de 2000) son presentadas alegacións polo grupo municipal do PS de G-PSOE e a Delegación local de Autopatronos de Pontevedra, moitas das cales son recollidas no proxecto que se someteu ás distintas comisións informativas nas que é dictaminado o proxecto.

4.- A aprobación da Ordenanza reguladora do servizo de auto-taxis no Concello de Pontevedra inclúese na orde do día do Pleno ordinario a celebrar no mes de abril.

Analizados os feitos relatados formulase proposta de acordo en base os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- O marco legal regulador da prestación do servizo de auto-taxis está constituído basicamente polo disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, Lei 16/1987, do 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes, Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei da Ordenación dos Transportes e Disposición transitoria primeira do Regulamento nacional dos servizos urbanos e interurbanos de transportes en automóviles lixeiros aprobado polo Real Decreto 763/1979,

do 16 de marzo, coas modificacións aprobadas polo Real Decreto 1080/1989, do 1 setembro, Real Decreto 236/1983, do 9 de febreiro, así como polo disposto na Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia, na Orde de 12 de agosto de 1997, pola que se derrogan as Ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, reguladoras do réxime xurídico das autorizacións de transporte público de mercadorías e viaxeiros.

II.- O artigo 51 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, determina que as disposicións administrativas non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía reservan á competencia das Cortes Xerais ou das Asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas, non podendo, tampouco, vulnerar os preceptos doutras normas de rango superior.

III.- O Regulamento nacional dos servizos urbanos e interurbanos de transportes en automóbiles lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo, que vén a derrogar a Orde de 4 de novembro de 1964 que regulaba estes servizos, na súa disposición transitoria primeira dispón que as actuais Ordenanzas locais que regulan o servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles lixeiros adaptaranse no prazo de seis meses a contar da publicación do presente Regulamento. Ó amparo da citada disposición procedese á tramitación e aprobación da presente Ordenanza.

IV.- A Ordenanza municipal reguladora do servizo de auto-taxis do Concello de Pontevedra que se somete a trámite de aprobación, de conformidade co sinalado no artigo 22.2,d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, é atribución do pleno da corporación municipal segundo o procedemento sinalado no artigo 49 do citado texto legal, esto é: aprobación inicial polo Pleno por maioría simple, información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro de prazo e aprobación definitiva polo Pleno. No suposto de que non se presentaran reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. A súa entrada en vigor require a publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no artigo 70.2 en relación co 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Réxime Interior e Persoal, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación inicial á Ordenanza municipal reguladora do servizo de auto-taxis do Concello de Pontevedra.

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, someter a información pública e audiencia aos intere-

sados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións ou suxestións a Ordenanza municipal reguladora do servizo de auto-taxis do Concello de Pontevedra.

TERCEIRO.- No suposto de presentarse reclamacións ou suxestións dentro do prazo concedido, deberán ser resoltas polo Pleno da corporación quen prestará a súa aprobación definitiva, dispoñendo a publicación íntegra da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor segundo o disposto no artigo 70.2 en relación co artigo 65 da citada Lei 7/1985. De non presentarse reclamacións ou suxestións dentro do prazo concedido, por resolución da Alcaldía elevarase a definitivo o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno da corporación, dispoñendo a súa publicación regulamentaria.

CUARTO.- O texto íntegro da ordenanza é o seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Pontevedra por acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 31 de xaneiro de 1966 prestou aprobación ó "Regulamento municipal dos servizos urbanos de transportes en automóbiles lixeiros", sendo modificado por acordos plenarios coas datas: 30 de maio de 1969, sobre autorización ós condutores de vehículos auto-taxis para cubrir unha parada baleira, regulando a parada da estación de ferrocarril e a prestación de servizos nocturnos diante da Casa Consistorial; acordo de 29 de xuño de 1978 relativo á autorización para cubri-las paradas baleiras de auto-taxis, e acordo plenario de 30 de outubro de 1980 sobre cambio da cor dos vehículos auto-taxis.

O Regulamento nacional dos servizos urbanos e interurbanos de transportes en automóbiles lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo, que vén a derogar a Orde de 4 de novembro de 1964 que regulaba estes servizos, na súa disposición transitoria primeira dispón que as actuais Ordenanzas locais que regulan o servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles lixeiros adaptaranse no prazo de seis meses a contar da publicación do presente Regulamento.

A Constitución Española de 1978, a Lei 16/1987, do 30 de xullo, coas modificacións contidas na Sentencia do Tribunal Constitucional 118/1996, do 27 de xuño, o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres aprobado por Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro, así como o Regulamento Nacional (763/79), a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local coas modificacións posteriores, fundamentalmente a Lei 4/1997, do 10 de xaneiro, que dá lugar á publicación do Real Decreto 2612/1996, do 20 de decembro, que modifica o Regulamento de Poboación e demarcación territorial das entidades locais, veñen a introducir modificacións substanciais nos requisitos e nas formas de prestación dos servizos de transportes que aconsellan unha nova regulación municipal.

Coa presente Ordenanza preténdese dar debido cumprimento ó disposto nas devanditas normas e tentar resolver os problemas que se teñen presentado no desenvolvemento da prestación dia-

ria dos servizos de transporte urbano en automóbiles lixeiros, deixando a regulación das outras formas de prestación de servizos de transporte urbano e transportes especiais (funerario e sanitario) ás normas contidas na lexislación autonómica e estatal.

Tampouco se regulan outras formas asociativas de prestación dos servizos, por entender que aínda non é o momento axeitado para isto, entendendo que deberá ser o Pleno da corporación quen decida, de se-lo caso, sobre as posibles solicitudes.

CAPÍTULO I .- OBXECTO DA ORDENANZA MUNICIPAL

ARTIGO 1 COMPETENCIA

1. O Concello de Pontevedra no uso das facultades propias da súa competencia sinaladas no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, Lei 16/1987, do 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes, Real Decreto 1211/1990, do 28 de setembro, que proba o Regulamento da Lei da Ordenación dos Transportes e Disposición transitoria primeira do Regulamento nacional dos servizos urbanos e interurbanos de transportes en automóbiles lixeiros aprobado polo Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo, pola presente procede á regulación do servizo de auto-taxis dentro do seu termo municipal.

2. Considéranse auto-taxis os vehículos que prestan servizos medidos por contador taxímetro que marcará automaticamente, de xeito visible para o viaxeiro segundo as tarifas vixentes en cada momento, o valor da distancia percorrida e do tempo parado sempre que circulen en solo urbano, definido de conformidade coa lexislación urbanística de Galicia ou estea dedicado de forma exclusiva a comunicar entre sí núcleos urbanos distintos dentro dun mesmo termo municipal.

3. Cando os vehículos autorizados realicen servizos de transporte interurbano cumpríranse as normas contidas na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de Ordenación dos transportes terrestres, Regulamento de ordenación dos transportes terrestres por estrada aprobado por R.D.1211/1990, do 28 de setembro, e as da Lei 6/1996, de 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia e cantas outras resulten de aplicación.

4. Quedan fóra da regulación da presente Ordenanza os servizos de transporte sanitario e funerario, así como os servizos de pagamento prestados por automóbiles sen contador taxímetro (auto-turismos).

ARTIGO 2 NORMAS DE APLICACIÓN SUPLETORIA

No non previsto na presente Ordenanza ou nas súas disposicións complementarias, serán de aplicación directa as normas do Regulamento nacional dos servizos urbanos de transportes en automóbiles lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, coas modificacións aprobadas polo Real Decreto 1080/1989, do 1 de setembro, Real Decreto 236/1983, do 9 de febreiro, así como polo disposto na Lei 6/1996, do 9 de xullo,

de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estrada de Galicia, na Orde de 12 de agosto de 1997, pola que se derogan as Ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, reguladoras do réxime xurídico das autorizacións de transporte público de mercadorías e viaxeiros.

CAPÍTULO II.- INTERVENCIÓN MUNICIPAL

SECCIÓN 1ª: FORMAS DE INTERVENCIÓN NA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

ARTIGO 3 FORMAS DE INTERVENCIÓN

O Concello intervirá no servizo de auto-taxis a través dos seguintes medios:

- Sometemento do servizo a previa licenza municipal.
- Fiscalización da prestación do servizo.
- Informe e tramitación da solicitude de revisión de tarifas do servizo.
- Ordenanza fiscal reguladora das taxas por concesión ou transmisión de licenzas así como polas revisións periódicas.
- Disposicións complementarias para a prestación do servizo.
- Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a prohibición do mesmo.

ARTIGO 4 DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS

a) As disposicións complementarias que poderá dicta-la Aalcaldía, logo do informe da comisión informativa competente, referiranse, entre outras, ás seguintes materias:

1. Publicidade,
2. Quendas de vacacións e de descansos.
3. Quendas diarias de permanencias no servizo.
4. Identificación e características dos auto-taxis.
5. Estacionamento en paradas e adscrición de vehículos ás mesmas.
6. Servizos por chamadas telefónicas ou radio-telefónos.
7. Control rexistral de vehículos, titulares e condutores.

b) As disposicións complementarias referidas á zonificación da Cidade para mellorar a prestación do servizo, así como coordina-lo co servizo do transporte urbano público de viaxeiros, serán competencia do Pleno da Corporación municipal.

ARTIGO 5 ORDES INDIVIDUAIS

As ordes individuais constitutivas de mandato que poderán ser dictadas pola Aalcaldía, logo do informe da comisión informativa competente referiranse, entre outros extremos, á:

1. Determinación de paradas fixas e do número de vehículos que poderán situarse en cada unha delas, así como a obriga de acudir a elas.
2. Ordenación de servizos especiais e extraordinarios e designación dos vehículos que deban prestalos.
3. Cumprimento dos preceptos da presente Ordenanza e das disposicións complementarias dictadas para a súa aplicación.

SECCIÓN 2ª: DAS TARIFAS

ARTIGO 6 RÉXIME TARIFARIO

O réxime tarifario aplicable ós servicios prestados por vehículos auto-taxis regulados pola presente Ordenanza tramitaráse polo Concello, logo do expediente iniciado de oficio ou a instancia de parte, no que serán oídos por prazo de quince días as Asociacións profesionais de empresarios e traballadores representativos do sector e as de consumidores e usuarios.

A sucesiva tramitación do expediente axustarase á normativa xeral que regula a materia de prezos.

As tarifas dos servicios constarán dunha cantidade fixa, composta polo importe da baixada de bandeira, un mínimo percorrido, outra cantidade en función da quilometraxe percorrida, por tempo de espera e suplementos de servicios nocturnos e días de festa.

As tarifas irán expostas de xeito visible no vehículo a disposición dos usuarios e serán de obrigada observancia para os titulares das licencias, conductores e usuarios.

ARTIGO 7 REVISIÓN DAS TARIFAS

A revisión das tarifas realizarase segundo o procedemento sinalado para a súa autorización.

ARTIGO 8 DOS TAXÍMETROS

Os vehículos auto-taxi deberán ir provistos dun aparato taxímetro homologado debidamente comprobado e precintado, situado na parte dianteira do interior da carrocería de xeito que en todo momento resulte completamente visible para o viaxeiro a lectura da tarifa ou prezo.

O aparato taxímetro entrará en funcionamento ó baixa-la bandeira ou elemento mecánico que a substitúa. Terá unha posición de punto morto que interrompirá a continuidade do contador, definitivamente ó remata-lo servicio e provisionalmente durante o tempo de accidente, avaría, reposición de carburante e outros motivos non imputables ó usuario.

Os aparatos taxímetros estarán sometidos ás revisións periódicas que realice a Delegación Provincial de Industria e Comercio e o Concello.

Así mesmo estarán sometidos a cantas revisións ordene a Delegación Provincial de Industria e Comercio ou o Concello para comprobar: a) que o taxímetro indica de xeito visible para os usuarios se está libre ou alugado; b) que marca clara e exactamente as cantidades devengadas segundo as tarifas aprobadas en vigor, e c) estado dos precintos do aparato taxímetro.

Calquera deficiencia do aparato taxímetro que sexa observada nas revisións ordinarias ou extraordinarias ordenadas pola Alcaldía en canto á colocación, funcionamento ou outras condicións que deba reunir, dará lugar á inmediata retirada do vehículo do servicio ata tanto no sexan corrixidas a satisfacción as deficiencias observadas.

SECCIÓN 3ª DOS VEHÍCULOS

ARTIGO 9 REXISTRO DO VEHÍCULO E PÓLIZA DO SEGURO

O exercicio da licenza realizarase cun vehículo axeitado que figurará como propiedade do titular da licenza e deberá

figurar como tal no Rexistro da Xefatura de Tráfico referido ó Concello de Pontevedra.

Os propietarios dos vehículos deberán concertar, obrigatoriamente, a correspondente póliza de seguros que cubrirá os danos a viaxeiros e a terceiros con responsabilidade civil ilimitada.

ARTIGO 10 SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULOS

Os titulares das licencias poderán substituí-lo vehículo adscrito ás mesmas por outro novo ou usado de superiores condicións, sempre que supoña mellora para o servizo, reúna as esixencias desta Ordenanza e obteña a autorización do Concello de Pontevedra, logo do pagamento dos dereitos e taxas correspondentes, seguíndose os mesmos trámites sinalados para o caso de posta en servizo do vehículo polo titular dunha nova licenza.

ARTIGO 11 CONSERVACIÓN E REVISIÓN DOS VEHÍCULOS

Os vehículos destinados ó servizo público obxecto da presente Ordenanza, deberán atoparse sempre para a prestación do servizo, en rigoroso bo estado de presentación, seguridade, funcionamento e limpeza.

Os vehículos auto-taxis, ademais das condicións, circunstancias e requisitos da licenza, estarán suxeitos á revisión ordinaria anual ou extraordinaria feitas polo Concello e Delegación Provincial de Industria e Comercio (Comunidade Autónoma).

ARTIGO 12 CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS

1. Os vehículos afectos ó servizo de autotaxis deberán estar provistos de carrocería pechada, con portas de fácil acceso e perfectamente practicables para permitirla entrada e saída.

2. Tanto nas portas como na parte posterior levarán xanelas en número suficiente para acadar a maior visibilidade, luminosidade e ventilación posibles, provistos de vidros transparentes ou estelables. As portas estarán dotadas do mecanismo conveniente para accionar os cristais que nelas ten de haber.

3. No interior dos vehículos haberá instalado a necesaria iluminación eléctrica que o conductor deberá acender nos servizos nocturnos, cando suba ou descenda a pasaxe.

ARTIGO 13 REQUISITOS DOS VEHÍCULOS

Os automóviles que haxan de prestar esta clase de servizos reunirán, no momento de ser revisados polos servizos municipais para autorizar a súa posta en servizo, como mínimo, os seguintes requisitos:

1. Han de ser novos ou usados de superiores condicións ó substituído.

2. Catro portas.

3. Capacidade, incluído conductor, para cinco persoas; en todo caso, a súa capacidade real será a que sinale a Delegación Provincial de Industria ou organismo competente en cada momento.

4. Nas portas dianteiras levarán o escudo do Concello de

Pontevedra, segundo o modelo oficial que estableza a Corporación e unha franxa azul diagonal coas dimensións e características que se sinalan no artigo 14.

5. O número da licencia figurará en ámbalas dúas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo e na parte frontal dianteira do interior do vehículo.

6. Na parte dianteira do teito levarán o módulo indicador da tarifa que mide o taxímetro, así como, no seu caso, a situación de "libre".

7. Non poderán permanecer en servizo por un tempo superior a 10 anos, momento no cal se suspenderá automaticamente a eficacia da licencia, en tanto non se adscriba un novo vehículo.

ARTIGO 14 A COR DOS AUTO-TAXIS

Os vehículos do servizo de auto-taxis levarán a corroceira pintada de cor branca. Nas portas dianteiras levarán o escudo do Concello de Pontevedra que terá unha medida de 20 centímetros de alto e a palabra "PONTEVEDRA" debaixo do escudo segundo o modelo oficial que estableza a Corporación e unha franxa azul diagonal con un ancho de 8 centímetros desde o ángulo superior esquerdo ó inferior dereito, co fin de facilitar ó máximo a súa identificación.

ARTIGO 15 PUBLICIDADE NOS VEHÍCULOS AUTO-TAXIS

Para contratar e colocar anuncios publicitarios no interior e exterior dos vehículos, deberá comunicarse cunha antelación mínima de 15 días, de xeito individual ou colectivo polos titulares das licencias, indicando o contido, formato, lugar e modo de colocación do anuncio, así coma unha relación dos vehículos nos que se vai instalar, reservándose a Administración Municipal a potestade de supervisión e policía.

A publicidade interior irá colocada no respaldo dos asentos dianteiros e os anuncios non serán fixos nin de adhesión directa, senón que disporán dun soporte, a fin de que poidan ser colocados ou retirados, a decisión do titular da licencia.

A publicidade exterior irá colocada de forma que non prexudique a visibilidade do conductor a través do espello retrovisor interior do vehículo, podendo ubicarse ó longo das portas traseiras, cunhas dimensións máximas de 50 centímetros de ancho por 25 centímetros de alto.

Para que o Concello poida autorizar calquera tipo de publicidade nun vehículo, é imprescindible que, tanto o titular da licencia como o vehículo, cumplan con tódalas prescricións da presente Ordenanza.

ARTIGO 16 DOCUMENTACIÓN DOS VEHÍCULOS AUTO-TAXIS

1. Os vehículos afectos ó servizo deberán estar provistos da documentación seguinte:

a) Documentos relativos ó propio vehículo e ó seu conductor.

b) Placa co número da licencia municipal, matrícula e a indicación do número de prazas.

c) Texto da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a

motor e seguridade vial e Código de circulación actualizado.

d) A presente Ordenanza, as súas disposicións complementarias e o Regulamento nacional dos servicios urbanos e interurbanos de transporte en automóviles lixeiros (763/1979).

e) Guía de rúas oficial do Concello de Pontevedra e plano turístico,

f) Impreso relativo ás tarifas de prezos vixentes. Talo-narios de recibos.

g) Follas de reclamacións.

ARTIGO 17 TRANSMISIÓN DE VEHÍCULOS

As transmisións dos vehículos automóviles de aluguer, con independencia da licenza municipal a que están afectos, levan implícito a anulación desta, salvo que, previamente, o transmitinte aplique aquela a outro vehículo da súa propiedade, contando para todo isto coa previa autorización á que se refire esta Ordenanza.

SECCIÓN 4ª: DAS LICENCIAS

ARTIGO 18 NECESIDADE DE LICENCIA MUNICIPAL

Para a prestación de servicios ó público que se regulan na presente ordenanza será condición precisa estar en posesión da correspondente licenza municipal, que se outorgará de conformidade e cos requisitos esixidos na presente Ordenanza e no Regulamento nacional dos servicios urbanos de transportes en automóviles lixeiros vixente en cada momento e lexislación complementaria que resulte de aplicación.

ARTIGO 19 DETERMINACIÓN DO NÚMERO DE LICENCIAS

A determinación do número de licencias de auto-taxi é competencia do Pleno da Corporación municipal do Concello de Pontevedra, en razón á necesidade e conveniencia do servico a prestar ó público, sen prexuízo das competencias propias da Comunidade Autónoma Galega.

Para acredita-la necesidade e conveniencia terase en conta:

a) A situación do servico en calidade e extensión antes do outorgamento de novas licencias.

b) O tipo, extensión e crecemento dos diferentes núcleos de poboación na área afectado do servico.

c) As necesidades reais dun mellor e máis extenso servico.

d) A repercusión das novas licencias a outorgar, no conxunto do transporte e da circulación viaria.

e) O rendimento económico do sector.

No expediente que para tal efecto se tramite solicitarase informe da Delegación Provincial de Transportes da Comunidade Autónoma e darase audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores representativos do sector, patronos independentes e asociacións de consumidores e usuarios, polo prazo de quince días.

ARTIGO 20 SOLICITUDES DE LICENCIAS. CLASES

A concesión das licencias de auto-taxi poderá ser a título gratuíto ou oneroso. No segundo suposto, convocarase concurso público sinalando no prego de cláusulas administrativas a pun-

tuación a asignar a antigüidade e a oferta económica.

Poderán solicita-las licencias de auto-taxis:

a) Os conductores asalariados dos titulares de auto-taxis sempre que presten o servizo con plena e exclusiva adicación profesional. Ademais, deberáGn acredita-la posesión e vixencia no momento da convocatoria, para a provisión de licencias, o permiso de conductor expedido polo Concello e a inscrición e cotización na Seguridade Social, en concepto de asalariado.

b) As persoas naturais no caso de que non existiran peticións de conductores asalariados e se convoque concurso libre, previo baremo confeccionado polo Concello, logo da audiencia das Asociacións profesionais interesadas.

ARTIGO 21 OUTORGAMENTO DE LICENCIAS

Mediante resolución da Alcaldía o Concello resolverá a concesión das licencias a favor dos solicitantes con meirande dereito acreditado.

Na adxudicación das licencias de auto-taxis establecerase a seguinte prelación:

a) A favor dos conductores asalariados, por rigorosa e continuada antigüidade na profesión, acreditada no termo municipal. A continuidade quedará interrompida cando voluntariamente se abandone a profesión de conductor asalariado, por prazo igual ou superior a seis meses sen causa xustificada.

No suposto de que a antigüidade na Seguridade Social sexa a mesma, considerarase con meirande antigüidade aquel que tivera realizado con anterioridade o exame de conductor no Concello.

b) A favor das persoas físicas ás que se refire o apartado b) do artigo 14 do Regulamento nacional, mediante concurso libre conforme ó prego de cláusulas administrativas que aprobe ó Concello, e respecto de aquelas licencias que non se indiquen no apartado anterior.

ARTIGO 22 OBRIGA DE EXPLOTA-LA LICENCIA

Toda persoa titular de licenza, terá a obriga de explota-la persoalmente durante un mínimo de horas que se fixe, en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión, agás os titulares de licencias adquiridas segundo a normativa anterior ó Regulamento nacional (763/79) sempre que exercesen esta facultade con anterioridade á entrada en vigor do citado Regulamento. No suposto de que os conductores sexan dous ou máis, terán a obriga de cumprir cada un deles un mínimo de horas que se fixe polo Concello.

ARTIGO 23 TRANSMISIÓN DE LICENCIAS. PROCEDIMENTO

As licencias serán intransmisibles salvo nos seguintes casos:

a) Por falecemento do titular, a favor do seu cónxuxe viúvo ou herdeiros lexítimos.

b) Cando o cónxuxe viúvo ou os herdeiros lexitimarios e o xubilado non poidan explota-las licencias como actividade única e exclusiva, poderá transmítela a favor dos solicitantes sinalados no artigo 12 do Regulamento Nacional, tendo, en todo caso, dereito a tanteo calquera outro herdeiro forzoso en po-

sesión do permiso municipal de conductor.

c) Cando ó titular da licencia lle sexa declarada unha incapacidade laboral polos Tribunais ou Organismos competentes, que lle impidan o exercicio da profesión, incluso retirada do permiso de conducir necesario, a favor dos solicitantes do apartado anterior.

d) Cando o titular da licencia a ostentase durante cinco anos como mínimo, logo da autorización do Concello, a favor do conductor asalariado con permiso municipal de conducir e exercicio da profesión durante un ano, se ben neste caso non poderá o transmisor adquirir "intervivos" nova licencia municipal no prazo de dez anos por ningunha das formas prescritas na presente Ordenanza.

ARTIGO 24 REVOGACIÓN DAS LICENCIAS MUNICIPAIS

As transmisións de licencias que se realicen contravindo o disposto nos artigos anteriores, serán causa de revogación da licencia polo Concello, logo da tramitación do correspondente expediente, que poderá iniciarse de oficio, a instancia das centrais sindicais, agrupacións profesionais e asociacións de consumidores e usuarios.

ARTIGO 25 PRAZO DE VIXENCIA DAS LICENCIAS

As licencias terán duración indefinida, sen prexuízo das causas de caducidade, revogación e anulación establecidas no Regulamento nacional, na lexislación xeral de Réxime local e na presente Ordenanza.

SECCIÓN 5ª: PRESTACIÓN DO SERVICIO

ARTIGO 26 DAS PARADAS

A Alcaldía do Concello de Pontevedra, logo do informe da comisión informativa competente, coa finalidade de organizar e ordena-lo servizo, fixará o situado e parada na vía pública dos vehículos auto-taxis e a forma en que deban estacionarse nelas sexa en batería ou en cordón, así como o número de vehículos de cada parada.

ARTIGO 27 MODIFICACIÓN DAS PARADAS

Tódolos emprazamentos de parada así como a capacidade dos situados en cada unha delas poderá ser alterada e ampliada ou reducida pola Alcaldía, cando razóns de mellora na prestación do servizo, necesidades do tráfico ou outras análogas así o aconselle, sen que por isto os afectados teñan dereito a indemnización, logo do informe da comisión informativa competente e audiencia das organizacións representativas do sector.

ARTIGO 28 CONCORRENCIA ÁS PARADAS

Tódolos vehículos auto-taxis provistos de licencia municipal están obrigados a concorrer diariamente ás paradas para a prestación dos servizos, combinando o horario de tal xeito que aquelas se atopen debidamente atendidas.

As paradas, que serán as que en cada momento fixe, logo do informe da comisión informativa competente, a Alcaldía, contarán con sinalización horizontal e vertical.

ARTIGO 29 TELÉFONO NAS PARADAS

É obrigatorio para tódolos titulares de licencia municipal de vehículos auto-taxi colocar e manter pola súa conta os te-

léfonos das paradas para atende-los avisos. As licencias con máis dun conductor, contribuirán ó mantemento, coa cota correspondente a cada un.

ARTIGO 30 QUENDAS

A Alcaldía do Concello de Pontevedra, se as necesidades do servicio o requirisen, logo do informe da comisión informativa competente e logo de oír-las asociacións profesionais, poderá establecer e acordar quendas rotativas nocturnas, servicios mínimos, descansos, etc.

ARTIGO 31 MODOS DE PRESTACIÓN DO SERVICIO

1. a) Cando os vehículos auto-taxis non estean ocupados por pasaxeiros deberán estar situados nas paradas sinaladas para o efecto, a non ser que teñan de se estacionar noutros lugares seguindo instrucións do usuario, ou por outras necesidades xustificadas, sempre que o lugar de estacionamento estea autorizado. b) Cando os vehículos auto-taxis estean circulando polas vías urbanas do Concello de Pontevedra non poderán recoller pasaxeiros a menos de 50 m. das paradas existentes.

2. Cando os conductores de auto-taxis que circulen en situación de libre sexan requiridos por varias persoas ó mesmo tempo para a prestación dun servicio, ateranse ás seguintes normas de preferencia:

a) Persoas que se atopen na beirarrúa correspondente ó sentido de circulación do vehículo.

b) Doentes, impedidos e anciáns.

c) Persoas acompañadas de nenos e mulleres embarazadas.

3. Nas paradas, a preferencia virá determinada pola orde de chegada dos usuarios.

4. Nas áreas de influencia das estacións de ferrocarrís, terminais de autobuses interurbanos, porto ou lugares análogos, delimitadas pola Corporación, non se poderá coller servicio fora das paradas autorizadas para tal efecto.

ARTIGO 32 INDICADORES DE "LIBRE"

1. Os vehículos autotaxis, cando non estean ocupados, xa sexa nas paradas ou en circulación, indicarán de día a súa situación de "libre", facendo visible a través do parabrisas dita palabra, a cal deberá lerse igualmente no taxímetro.

2. Durante a noite, os autotaxis para indica-la situación de libre, deberán levar acendida na parte dianteira da carrocería e conectada co aparato taxímetro, unha luz verde que se apagará ó se ocupa-lo vehículo, ou cando estea en situación de reservado. Así mesmo, durante a noite levaráse iluminado o taxímetro de forma que a tarifa sexa visible.

3. Os vehículos de autotaxis deberán levar un cartel que prohiba fumar ós usuarios nos itinerarios. Esta prohibición tamén alcanza os conductores.

ARTIGO 33 USO DOS SERVICIOS DE AUTO-TAXIS EN MARCHA

1. Cando un pasaxeiro faga sinal para deter un auto-taxi circulando en situación de "libre" o conductor deberá para-lo vehículo no lugar apto máis próximo, quitará o "libre" e non procederá a poñer en marcha o contador do taxímetro (baixada de bandeira) ata reanuda-la marcha ou recibí-la orde de espera

para empezar a cumprir-lo servicio que se lle encomende.

2. Ó chegar ó lugar de destino, o conductor deberá para-lo contador, e, cumprido este requisito, indicará-lle ó pasaxeiro o importe do servicio.

3. Así mesmo, deberá para-lo aparato taxímetro no caso de que, durante o mesmo, se produza algún accidente ou avaría no propio vehículo que o interrompa.

4. Se iniciado un servicio, o conductor esquecese poñer en marcha o contador, será do seu cargo exclusivo o importe devengado ata o momento de adverti-la falta, aínda que fose o de remata-la carreira, con exclusión do importe de baixada de bandeira, a non ser que o pasaxeiro estea disposto a pagarlle a cantidade que, de común acordo, conveñan.

ARTIGO 34 IMPORTE DO SERVICIO

1. O pagamento do importe do servicio efectuarao o usuario no momento en que dito servicio remate. O importe dos servicios prestados fóra do núcleo urbano poderán ser cobrados ata un 50% por adiantado.

2. Cando os viaxeiros abandonen transitoriamente o vehículo por eles alugado e os conductores deban espera-lo regreso de aqueles, poderán pedir dos mesmos, a título de garantía e contra recibo, o importe do percorrido efectuado máis media hora de espera en zona urbana e unha en descampado, esgotada a cal poderán considerarse desvinculados do servicio.

3. Cando o conductor sexa requirido para esperar os viaxeiros en lugares nos que o estacionamento sexa de duración limitada, poderá reclamar destes o importe do servicio efectuado, sen obriga pola súa parte de continua-la prestación do mesmo.

ARTIGO 35 CAMBIOS DE MOEDA NO PAGAMENTO DO SERVICIO

1. Os conductores de vehículos auto-taxis están obrigados a proporcionar ó cliente cambio ata 2.000 pesetas ou cantidade similar noutra moeda (euro); se non dispuxesen do cambio necesario por dita cantidade, abandonarán o vehículo para proverse del, parando o taxímetro. Se a cantidade entregada fose superior ás 2.000 pesetas e o conductor tivera que efectua-lo cambio, o taxímetro continuará en funcionamento.

2. Os conductores dos vehículos virán obrigados a estender un recibo do importe do servicio, cando o soliciten os usuarios.

ARTIGO 36 IMPORTE DO SERVICIO NOS SUPOSTOS DE AVARÍA

En caso de avaría ou accidente que faga imposible a continuación do servicio, o viaxeiro, que poderá solicita-la súa comprobación ós axentes da autoridade, deberá satisface-la cantidade que marque o taxímetro ata o momento da avaría ou accidente.

ARTIGO 37 REQUIRIMENTO PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO

1. O conductor de vehículos que fose solicitado persoalmente ou por teléfono para prestar un servicio, na forma que para estas chamadas estea establecida, non poderá negarse a isto sen causa xusta.

2. Poderá ser motivo de negativa:

a) Ser requirido por individuos que esperten fundada sospeita, no caso do cal o conductor poderá solicita-la debida identificación perante os axentes da autoridade.

b) Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó das prazas autorizadas para o vehículo.

c) Cando calquera dos pasaxeiros se atope en estado de embriaguez manifesta, ou baixo o efecto de estupefacientes.

d) Cando a vestimenta dos viaxeiros e os vultos, equipaxes ou animais de que sexan portadores poidan, de forma manifesta, emporcar, deteriorar ou causar danos no vehículo.

e) Cando as maletas, equipaxes ou vultos que leven os pasaxeiros, non caiban na baca ou portamaletas.

f) Cando sexa requirido para prestar servicio por vías intransitables que ofrezan peligro para a seguridade e integridade tanto dos ocupantes e do conductor, como do vehículo.

3. O conductor de autotaxi que sexa requirido para prestar servicio a invidentes ou a inválidos, non poderá negarse a isto polo feito de ir acompañados de can guía.

ARTIGO 38 OBXECTOS PERDIDOS

Os obxectos que atopase o conductor no vehículo auto-taxi entregaraos o mesmo día, ou o máis tardar dentro das 72 horas seguintes, nas dependencias da policía local ou nos lugares que se designe, detallando as circunstancias do encontro e poñéndoo en coñecemento da policía local.

ARTIGO 39 OBRIGAS DOS CONDUCTORES

1. Os conductores ó presta-lo servicio:

a) Abrirán ou pecharán os cristais a indicación do usuario.

b) Axudarán a subir e a apearse do vehículo ós anciáns, doentes, inválidos e nenos.

c) Axudarán a recoller e colocarán adecuadamente as maletas, equipaxes, e outros vultos.

d) Acenderán a luz interior pola noite, para facilita-la subida e baixada, e o pagamento do servicio. Baixarán o volume do receptor de radio, á vontade do pasaxeiro.

2. Durante a prestación do servicio, en ningunha ocasión e por ningún concepto, os conductores proferirán ofensas ou iniciarán discusións que alteren a orde, xa sexa entre sí, cos pasaxeiros, ou co público en xeral.

3. Así mesmo, deberán respectar e admiti-lo uso do dereito de cooficialidade das linguas castelá e galega que fagan os usuarios, nas indicacións necesarias para o cumprimento do servicio.

ARTIGO 40 SERVICIOS INTERURBANOS

Os vehículos auto-taxis realizarán preferentemente servicios urbanos. Para a realización dos servicios interurbanos os vehículos deberán contar coa correspondente autorización da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os auto-taxis ó chegar ó límite do casco urbano, tendo comenzado o servicio no mesmo, aplicarán a tarifa por taxímetro ata aquel límite, e a continuación, por quilómetro percorrido.

ARTIGO 41 UTILIZACIÓN DOS VEHÍCULOS E EMERXENCIA GRAVE

En casos de calamidade pública ou emerxencia grave, o persoal afecto ó servizo de autotaxis así como os vehículos adscritos ó mesmo quedarán a disposición das autoridades a fin de coadjuvar á prestación do servizo público de transporte, sen prexuízo de percibi-la correspondente retribución e, no seu caso, a indemnización procedente. O incumprimento de dito precepto considerarase como falta moi grave, tanto por parte do titular da licenza como do conductor.

ARTIGO 42 COMUNICACIÓN DE AUSENCIAS A CAUSA DE FORZA MAIOR

1. A imposibilidade de prestar servizos por períodos superiores a un mes por causa de forza maior deberá ser comunicada ó Delegado do servizo ou á Alcaldía no prazo de tres días.

2. O incumprimento desta obrigaón polos conductores non eximirá a responsabilidade ós respectivos titulares das licenzas.

SECCIÓN 6ª: PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCTOR

ARTIGO 43 OBRIGATORIEDADE DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCTOR

Para conducir vehículos auto-taxis como titular da licenza municipal ou como conductor asalariado do mesmo é preciso estar en posesión do permiso municipal de conductor, que se expedirá polo Concello a favor dos titulares de licenza municipal de auto-taxis ou a favor dos asalariados que ó solicitarlo reúnan os requisitos e superen as probas de aptitude establecidas.

O titular do permiso municipal de conductor vén obrigado á plena e exclusiva dedicación. O traballo de conductor a que lle faculta o permiso municipal é totalmente incompatible con calquera outro traballo, producíndose no suposto de pluriemprego a perda do permiso municipal de conductor.

ARTIGO 44 REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCTOR

O obxecto de obte-lo permiso municipal de conductor, o interesado deberá:

a) Posuír permiso de conducción de automóviles de clase B con autorización BTP, de acordo coas normas contidas na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e de seguridade vial e Código de circulación.

b) Declaración responsable de non atoparse incurso en causas de incompatibilidade con outra profesión ou actividade retribuída, comprometéndose á prestación dos servizos sinalados na presente Ordenanza con plena e exclusiva dedicación.

c) Non padecer enfermidade infectocontaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.

d) Reuni-los requisitos establecidos na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e de seguridade Vial, así como os que especialmente sinale, con tal carácter, a Xefatura de tráfico.

e) Coñece-las vías públicas, lugares de interese turístico, hospitais, situación de locais de espaxemento, oficinas públicas, centros oficiais, principais hoteis e itinerarios

máis directos para chegar ó punto de destino.

f) Coñece-la Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e de seguridade vial, Regularmentos e demais normas relativas ó servicio, así como as tarifas aplicables.

g) Para a obtención do permiso municipal de conductor asalariado requirirase, ademais dos requisitos esixidos para a obtención do permiso municipal de conductor, a xustificación da alta e cotización na Seguridade Social como tal. Esta xustificación ante a Administración municipal realizarase antes da entrega do permiso de conductor ó solicitante.

3. As circunstancias expresadas nos apartados e) e f) do parágrafo anterior acreditaránse mediante a proba de aptitude, que coa periodicidade que se estableza na convocatoria feita polo Concello cando existan solicitudes.

4. No suposto de transmisión de licencias ou no de contratación de asalariado polo cónxuxe supervivinte titular da licencia, o Concello deberá realiza-las probas no prazo máximo de dous (2) meses contados desde a presentación da solicitude de transmisión ou de contratación de asalariado, no seu caso.

Nos supostos de incapacidade laboral transitoria para conducir do titular da licencia, debidamente acreditada, nos de viuvez cando os herdeiros sexan menores de idade ou nos de transmisión de licencia poderásese autorizar temporalmente a contratación de asalariados que durará ata que remate a situación causa da contratación temporal de asalariado, sempre realizando as pertinentes probas.

5. Coa solicitude e documentos que xustifiquen as circunstancias antes enumeradas, acompañaránse dúas fotografías tamaño carné.

ARTIGO 45 REVISIÓN DOS PERMISOS MUNICIPAIS DE CONDUCTOR

1. Os permisos municipais de conducir os vehículos a que se refire o artigo anterior, serán revisados cada cinco anos, podendo ser prorrogados expresamente por outros cinco anos máis.

2. Os permisos municipais caducarán por:

a) Por xubilación do titular.

b) Por incapacidade ou invalidez laboral.

c) Cando o permiso de conducción fora retirado ou non renovado.

d) Nos casos previstos na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e de seguridade vial.

e) Polo remate do contrato de traballo e baixa na Seguridade Social os dos conductores asalariados, podendo ser renovados no suposto de nova contratación dentro do período dos cinco anos fixados para a revisión.

3. Poderán ser suspendidos ou retirados temporalmente:

a) Nos casos de sanción previstos na presente Ordenanza.

b) Cando fora temporalmente suspendido ou retirado o permiso de conducción.

ARTIGO 46 CUMPRIMENTO DAS DISPOSICIÓN REGULAMENTARIAS

Os conductores dos vehículos deberán presta-lo servicio de acordo coas previsións que ó respecto se recollan nas normas

complementarias desta Ordenanza, cuidar do seu aspecto persoal e vestir con pulcritude.

ARTIGO 47 COMPETENCIA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO SERVICIO.

O Concello de Pontevedra será competente para establecer as medidas de organización e de ordenación do servizo en materia de horarios, calendarios, descansos, vacacións, establecemento de obrigacións de prestación de servizos en áreas ou zonas determinadas en horarios de día ou noite, etc., oíndo ás asociacións de empresarios e traballadores previamente.

CAPÍTULO III.- RÉXIME DISCIPLINARIO, CADUCIDADE E REVOGACIÓN DAS LICENCIAS. INFRACCIÓNS, SANCIÓNS E PROCEDIMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 48 EXPEDIENTE SANCIONADOR

O Concello de Pontevedra logo da incoacción do oportuno expediente sancionador tramitado segundo o disposto na Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, castigará toda infracción cometida polos propietarios ou conductores de vehículos automóbiles adscritos ó servizo regulado na presente Ordenanza, de conformidade co cadro de sancións sinaladas nos artigos seguintes.

ARTIGO 49 CAUSAS DE ANULACIÓN DAS LICENCIAS

A licenza municipal caducará por renuncia expresa do titular e serán causas polas cales o Concello declarará revogadas e retirará as licencias os seus titulares as seguintes:

a) Transmiti-la licenza contravindo o disposto na presente Ordenanza.

b) Presta-lo servizo con un vehículo non autorizado para isto.

c) Deixar de presta-lo servizo ó público durante trinta días consecutivos ou sesenta alternos durante un período dun ano salvo que acrediten razóns xustificadas e por escrito ante o Concello. O descanso anual estará comprendido nas razóns xustificantes da excepción.

d) Non ter o titular da licenza concertada a póliza de seguro en vigor da clase esixida pola lexislación e presente Ordenanza.

e) Reiterado incumprimento das disposicións sobre revisión periódica do vehículo.

f) A venda, cesión, arrendamento, aluguer, apoderamento e demais contratos sobre as licencias que supoñan unha explotación non autorizada pola presente Ordenanza.

g) O incumprimento das obrigas inherentes á licenza e demais disposicións que fagan referencia á propiedade do vehículo.

h) A contratación de persoal asalariado sen a tramitación do preceptivo permiso municipal de conductor, ou sen a alta e cotización á Seguridade Social.

A caducidade e retirada da licenza acordarase pola Alcaldía logo da tramitación do correspondiente expediente que poderá incoarse de oficio ou a instancia das centrais sindicais, agrupacións profesionais e asociacións de consumidores e usua-

rios.

ARTIGO 50 FALTAS LEVES

Terán a consideración de faltas leves:

- a) Descoido no aseo persoal do conductor
- b) Descoido no aseo interior e exterior do vehículo.
- c) Discusións cos compañeiros de traballo.
- d) Comer dentro do vehículo con viaxeiros dentro do mesmo, durante a prestación dos servizos urbanos e interurbanos, salvo que nestes últimos medie expreso consentimento dos usuarios.
- e) Permitti-la estancia nas proximidades das paradas a persoas que se acheguen ós coches para abrir e cerra-las portas ou ofrecer calquera outro servizo ós viaxeiros.
- f) Baixa-la bandeira antes de que o usuario indique o punto de destino.
- g) Non facilitar cambio de moeda ata 2.000 pesetas.
- h) Non levar no vehículo os documentos que se esixen na presente Ordenanza.
- i) Non coloca-lo impreso da vixente tarifa a vista do usuario.
- j) Non leva-lo aparato taxímetro e o sinal de libre iluminado a partir do solpor e non leva-las indicacións dos horarios de traballo que no seu caso se determine polo Concello.

ARTIGO 51 FALTAS GRAVES

Consideraríanse faltas graves:

- a) Poñer en servizo o vehículo, sen a revisión previa ou non presentarse ás extraordinarias ordenadas polo Organismo ou Autoridade competente.
- b) A inasistencia dos vehículos ás paradas sinaladas durante unha semana consecutiva.
- c) Ofrecer o servizo a voces e saír persoalmente ó encontro dos viaxeiros ou realiza-lo por medio de terceiras persoas ou non prestar o servizo.
- d) Abandona-lo vehículo estacionado na parada cando estean esperando os viaxeiros e no exista causa xustificada para isto.
- e) Levar nos asentos a terceiras persoas extrañas ó viaxeiro que alugasen o mesmo.
- f) O emprego de palabras ou xestos groseiros e de ameaza no seu trato cos usuarios ou dirixidas a viandantes ou condutores doutros vehículos.
- g) Negarse a estender recibo do servizo con indicación da data, hora, percorrido, número de licenza e prezo.
- h) Negarse a exhibir a lista de tarifas na forma prevista nesta Ordenanza.
- i) Cometer dúas faltas leves nun período de dous meses ou catro nun ano.
- j) Non cumpra-las ordes concretas do itinerario marcado polo viaxeiro, percorrendo maiores distancias innecesarias,
- k) Promover discusións cos axentes da autoridade ou cos pasaxeiros alterando a orde.
- l) Non aceptar que o usuario faga uso indistintamente das

linguas castelá e galega, nas indicacións para a necesaria prestación do servizo.

m) Non admiti-los condutores a comprobación por parte do usuario do rexistro quilométrico por aplicación da tarifa.

n) Esixir novo importe de baixada de bandeira, cando o usuario rectifique o termo de carreira ou se, antes de rematala mesma, se apeara un acompañante.

ñ) Non respecta-la quenda de paradas.

o) Carecer de espazo libre no maleteiro ou no portaequipaxes.

p) Negarse a presta-lo servizo.

q) Non cumprir as ordes concretas do itinerario marcado polo usuario.

r) Levar anuncios publicitarios no exterior do vehículo afecto ó servizo non axustados ó establecido nesta ordenanza.

s) O incumprimento, tanto por exceso como por defecto, das horas de traballo, descanso semanal e vacacións, e das normas de organización do servizo.

ARTIGO 52 FALTAS MOI GRAVES

Consideraránse faltas moi graves:

a) Abandona-lo viaxeiro sen rendi-lo servizo para o que fora requirido sen causa xustificada.

b) Cometer catro faltas graves no periodo dun ano.

c) Reter calquera obxecto abandonado no vehículo, sen dar conta disto á autoridade competente dentro das 72 horas seguintes.

d) A manifesta desobediencia ás ordes da Alcaldía.

e) A comisión de delictos, cualificados polo Código penal como dolosos, con ocasión ou con motivo do exercicio da profesión.

f) O fraude no taxímetro ou conta-quilómetros, así como a falta ou rotura dos precintos regulamentariamente fixados,

g) A negativa a prestar servizo en hora e quenda de traballo ou ben fóra deles, indicando a situación de libre.

h) A percepción en exceso ou en defecto da tarifa, en cantidade non superior a un 25% da autorizada.

i) A prestación de servizos nos supostos de suspensión, revogación ou caducidade da licenza ou de retirada do permiso municipal de condutor.

j) Os cambios nos distintivos fixados sobre o vehículo, referentes o número da licenza, día de descanso semanal ou calquera outro sinalado polo Concello.

k) Conduci-lo vehículo en estado de embriaguez ou baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou estupefacientes.

l) A conducción do vehículo por quen careza, validamente, do permiso municipal de condutor de servizo público

m) A negativa á prestación de servizos extraordinarios, especiais ou de urxencia.

ARTIGO 53 SANCIONES

As sancións con que poden cartigarse as faltas tipificadas nos artigos anteriores, serán as seguintes:

a) Para as faltas leves:

- Amoestación.
- Suspensión da licencia ou permiso de conductor municipal ata quince días.
- Multa de ata 50.000 pesetas.
- b) Para as faltas graves:
 - Suspensión da licencia ou permiso de conductor municipal de dezaseis días a tres meses.
 - Multa de 50.001 a 150.000 pesetas.
- c) Para as faltas moi graves:
 - Suspensión da licencia ou permiso de conductor municipal de tres meses a un ano.
 - Retirada definitiva da licencia ou permiso municipal de conductor.

Os expedientes de sanción serán tramitados segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e de acordo co procedemento sinalado no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora e Real Decreto 320/1994, do 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, coas súas posteriores modificacións, dándolle audiencia ás asociacións profesionais no caso de expedientes tramitados por falta grave ou moi grave e por prazo de dez días.

ARTIGO 54 LEXITIMACIÓN PARA A DENUNCIA

1. Calquera persoa (particular, central sindical, agrupación profesional ou asociación de consumidores e usuarios), poderá formular denuncia por feitos que constitúen infracción dos preceptos contidos nesta Ordenanza.

2. Están obrigados a formular denuncia os axentes da autoridade.

ARTIGO 55 PROCEDEMENTO SANCIONADOR A INSTANCIA DE PARTICULAR

A tramitación das denuncias que voluntariamente se formulen, axustaráse ás seguintes normas:

a) A denuncia poderá formularse verbalmente perante o axente da autoridade máis próximo ó lugar do feito, en por escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello.

b) Consignarase na denuncia, ademais do número de matrícula do vehículo e o da licencia municipal, o nome e enderezo do denunciante, e o nome e enderezo do denunciado, se foran coñecidos, así como unha relación circunstanciada do feito, con expresión do lugar, data e hora en que fose sido apreciado

c) Se a denuncia se presentara ante axente da autoridade, formalizarase por este un boletín de denuncia, no que se fará constar, ademais das circunstancias do feito e demais requisitos consignados no apartado precedente, se persoalmente puido en non comprobarse por el a infracción denunciada, así como o nome e enderezo do denunciante. O boletín remitirase ós servizos administrativos do Concello, sen prexuízo de entregar un duplicado ó denunciado se fose posible.

d) Recibida a denuncia, notificarase ó denunciado se non

se lle entregou boletín, para que expoña por escrito as alegacións que estime pertinentes dentro do prazo de 10 días, con achegamento ou proposta das probas que considere oportunas. Tal notificación conterá os datos previstos para o boletín de denuncia de carácter obrigatorio.

ARTIGO 56 PROCEDEMENTO SANCIONADOR POR DENUNCIA DE AXENTES DA AUTORIDADE

O procedemento sancionador motivado por denuncia de axentes da autoridade, axustarase ás seguintes regras.

1. O axente da autoridade entregará no acto ó denunciado un boletín no que fará consta-la relación circunstanciada do feito e o lugar, data e hora en que se apreciase, así como a matrícula do vehículo, número da licencia municipal, e o nome e enderezo do denunciado, logo da exhibición por este do permiso de conducir e do correspondente permiso municipal.

2. O boletín de denuncia extenderase por exemplar triplificado (un que quedará en poder do denunciante, outro que se entregará ó denunciado, e un terceiro que se remitirá ó Concello), e será asinado polo denunciante e o denunciado, sen que a firma deste implique conformidade cos feitos que motivan a denuncia, senon, unicamente, coa recepción do exemplar a el destinado. Se o denunciado se negase a asina-lo boletín, faráo constar o denunciante e a súa manifestación producirá os mesmos efectos da sinatura.

3. Durante os 10 días seguintes ó da entrega do boletín (que salvo nos casos previstos na regra 5 deste mesmo artigo, servirá de notificación da denuncia), o denunciado poderá presentar escrito de descargo, con achegamento ou proposta das probas que considere oportunas.

4. Ultimadas as dilixencias encamiñadas á comprobación dos feitos, dictarase a resolución procedente e notificarase ó interesado, con expresión dos recursos que contra a mesma procedan, órganos perante os que se teña que presentar, e prazo para interpoñelos.

5. Cando por razóns xustificadas, que deberán consignarse no boletín de denuncia, deixara de entregarse este ó denunciado, notificaráselle a denuncia, facéndolle saber á súa vez, o seu dereito a formular alegacións e presentar ou propoñer probas dentro do prazo de 10 días, continuándose despois o procedemento na forma sinalada nas regras precedentes.

ARTIGO 57 ANOTACIÓN DAS SANCIONS NO EXPEDIENTE PERSOAL

Tódalas sancións serán anotadas nos expedientes persoais dos titulares de licencia e dos conductores que se levará no Concello.

ARTIGO 58 CANCELACIÓN DE NOTAS DESFAVORABLES

Os titulares de licencias e conductores poderán solicitar a cancelación da nota desfavorable que figure no rexistro municipal correspondente, sempre que observasen boa conducta e cumprisen a sanción, unha vez transcorridos dende a imposición desta un ano, tratándose de falta leve, dous anos se se trata de falta grave e 6 anos na falta moi grave.

ARTIGO 59 REXISTRO DE LICENCIAS

O Concello levará un rexistro das licencias concedidas no que se anotarán as diferentes incidencias relativas ós titulares das licencias, conductores asalariados e vehículos afectos á mesma, tales como substitución de vehículos, accidentes, transmisións, sancións, etc.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

A substitución do actual distintivo dos auto-taxis (franja horizontal) e a adecuación do anagrama do Concello e franja diagonal nos vehículos auto-taxis deberá levarse a cabo no prazo de dous anos, contados desde a aprobación definitiva da presente Ordenanza. O incumprimento do disposto no parágrafo anterior levará á imposibilidade de pasa-la revisión anual preceptiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O Concello coa finalidade de fomenta-la existencia de auto-taxis para discapacitados promoverá a transformación dos vehículos, podendo establecer bonificacións ou axudas para estes efectos.

DISPOSICIÓN FINAL-DERROGATORIA

A presente Ordenanza entrará en vigor ós 20 días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, momento no que quedará derogado o actual Regulamento Municipal dos Servicios Urbanos de Transportes en Automóviles Lixeiros, aprobado polo Concello-Pleno en sesión celebrada o 31 de xaneiro de 1966, coas modificacións introducidas en virtude de acordos plenarios das datas posteriores.

11.- ORDENANZA FISCAL: APROBACION INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio á aprobación inicial da modificación da Ordenanza municipal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

Aberto o debate, interven don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que a intervención que vai facer vale para este punto da orde do día e para o seguinte, na medida en que as matizacións que hai que facer afectan ás dúas ordenanzas, dicir que por parte desta Tenencia de Alcaldía se veu a necesidade de comezar a remodela-las distintas ordenanzas fiscais para que houbera unha aplicación máis racional do sistema tributario local, en concreto nestas ordenanzas se aborda con ese ánimo racionalizador, pero non desde logo cun intento de incremento de tarifas senón para intentar unha xestión áxil e coherente das diferentes figuras fiscais e nese sentido tentar de elimina-lo fraude existente e conseguir que haxa unha inspección eficaz na medida en que unha norma racional levaría tamén a unha inspección eficaz e ó mesmo tempo implica de cara ós administrados unha simplificación dos trámites, o cal sempre é positivo porque no fondo a cidadanía é a quen van desti-

nadas estas ordenanzas, pero en todo caso hai que facer unha matización con relación a esta ordenanza porque hai un erro e hai que substituir no artigo 10-1 Comisión de Goberno por órgano de goberno competente, tal como indica o informe de Secretaría incorporado ó expediente, en todo caso lle parece importante a modificación destas dúas ordenanzas porque van conseguir racionalizar un pouco a súa regulación e a súa xestión.

Seguidamente concédese a palabra ó portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Taboada Rivadulla, o cal manifesta que tamén va a agrupar su posición a los puntos 11 y 12 porque son las dos ordenanzas fiscales y tienen una posición conjunta en cuanto a criterios, pero al hilo de una reflexión que ha hecho el señor Magdalena quiere decir que a este Pleno vienen cuatro Ordenanzas fiscales, que vienen a ser algo así como la norma o la ley que tienen las corporaciones municipales y que necesitan siempre una mayoría cualificada del Pleno, y que lo que se está viendo en este Pleno es que cuando las cosas se negocian, se consensúan y se hablan salen adelante y eso es un mérito de todos los grupos políticos de esta Corporación y tiene una lectura clara, es decir, que las cosas hay que hablarlas y consensuarlas independientemente de que necesiten mayoría absoluta o no; en cuanto a estas dos ordenanzas fiscales obedecen, a juicio del grupo socialista, a una serie de criterios políticos que ya habían señalado al principio del mandato, como es la necesidad de remodelar y actualizar las ordenanzas fiscales, algunas que que por haber pasado ya un período de tiempo podían estar más o menos desfasadas y había que actualizarlas y revisar también las ordenanzas que impliquen beneficios fiscales a familias más necesitadas, pues hay una moción que se ha aprobado en este Pleno en ese sentido, por lo tanto dentro de esa remodelación de carácter técnico que se ha iniciado pueda venir también ese proceso de actualización de ese tipo de ordenanzas; por otra parte la modificación de estas dos ordenanzas no obedece a un afán recaudatorio, pues no se incrementan tarifas sino que se mantienen y por lo tanto también le parece un aspecto positivo a resaltar y también porque buscan una simplificación de los trámites, una gestión más coherente, agilizar en definitiva un funcionamiento e impedir esas bolsas de fraude, lo que puede suponer una mayor recaudación para las arcas municipales sin incremento de tarifas, por lo tanto, con la modificación que ha mencionado el Teniente de Alcalde y que su grupo propuso en Comisión, van a votar a favor de estas dos ordenanzas que vienen hoy a Pleno.

A continuación interviene don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz del grupo municipal del Partido Popular, diciendo que resulta curioso que en estas dos ordenanzas, en las que el Partido Popular se abstuvo en Comisión porque faltaban documentos, resulta que el que protesta porque las cosas no se presentan bien es el propio Secretario que dice claramente en su informe que tampoco se encontraban incorporados al expediente en el momento de emitir el dictamen la Comisión Infor-

mativa Municipal, todo esto podía ser mera anécdota y de hecho por eso se abstuvieron en su momento, pero lo que le preocupa más, aunque se haya corregido lo de la Comisión de Gobierno porque es una competencia que en este momento tiene pero puede no ser el órgano competente en otro, es otra de las matizaciones que hace el Secretario en el apartado 3 de su informe en cuanto a que puede estarse gravando períodos de una no utilización efectiva, por tanto cree que valía la pena anular el último párrafo del artículo 6.2 de esta ordenanza.

Vuelve a intervi-lo señor González Carballo diciendo que isto trátase dunha aprobación inicial, polo tanto cabe calquera modificación a posteriori.

O señor Pedrosa Fernández volve a facer uso da palabra diciendo que es algo que se puede mejorar, ya que el propio informe del Secretario lo dice clarísimo y valdría con anular el último párrafo, con lo que quedaría francamente mejorada y no entrarían en una inseguridad jurídica en el momento de aplicarla, por tanto si nace mal parece que lo lógico es anularla y este es el momento de hacerlo.

Vuelve a contestarlle o señor González Carballo diciendo que considera que non hai problema ningún, ó haber dúas taxas, unha anual e outra diaria, sempre o que quera acollerse a unha taxa diaria ten esa posibilidade, por tanto se hai unha imposibilidade material de exercicio tería de aplicación a taxa diaria entón o administrado tería que bota-las súas contas para ver cal lle compensa máis, é unha cuestión sobre a que este Tenente de Alcalde xa falou co señor Secretario e estaría solucionado pola vía de que hai dúas tarifas.

De novo intervén o señor Pedrosa Fernández diciendo que independientemente de esas tarifas, en la ordenanza dice "única-mente se tendrá derecho al prorrateo cuando las obras duren un mes como mínimo", es decir que si duran menos de un mes tampoco tendría por que cobrarsele y entonces podría tener derecho al prorrateo puesto que no pudo usar lucrativamente esas mesas o sillas, es una cosa clarísima y resulta todavía más curioso cuando dice "cuando las obras duren un mes, como mínimo e impidan la explotación de los elementos instalados y tengan lugar durante los meses de abril a octubre", y si enero, febrero y marzo está cerrado y no los puede utilizar ¿por qué los va a pagar? tendrá derecho al prorrateo también, por tanto cree que es una cosa muy sencilla y anulando ese último párrafo se dice exactamente lo mismo en la primera parte del otro y queda perfecta la ordenanza.

O señor González Carballo manifesta que este tema debatiuse en comisión e este non é un debate de comisión, pero en todo caso sempre se pode introducir esa matización despois, pero esa cuestión foi xa falada no seu momento cos técnicos e quedou así intencionadamente e era consciente plenamente desa cuestión cando vai neses termos, en todo caso se hai algún problema legal ou algunha matización para a aprobación definitiva non hai problema ningún en tratalo.

De novo intervén o señor Pedrosa Fernández diciendo que

evidentemente se les pasaron muchas cosas en Comisión, pero no estaba el informe del Secretario que lo dice claramente, porque si en ese momento estuviera ese informe evidentemente el voto del Partido Popular iba a ser que se cumpla al pie de la letra lo que dice el informe del Secretario, pero que el Teniente de Alcalde diga que lo hace a sabiendas de que va así eso si que le preocupa bastante más.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente tramitado para a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

Resultando relevantes os seguintes

FEITOS:

1º.- Pola Xefa do Servicio de Xestión e Inspección Tributaria se emite informe con data 14 de abril de 2000 no que, entre outros extremos, indica que baseándose nas instrucións recibidas do Tenente de Alcalde delegado de área, redactou o proxecto de modificación da ordenanza co obxecto de buscar unha xestión coherente que, mantendo as tarifas, supoña un incremento recaudatorio dado por unha simplificación nos trámites de declaración de altas, baixas ou modificacións e polo impedimento do fraude existente.

2º.- O señor Secretario Xeral con dato 22 de abril de 2000 emite o preceptivo informe no que, entre outros extremos, se indica que o acordo de aprobación inicial se debe expoñer ó público no taboleiro de anuncios da entidade (artigo 17-1 da Lei reguladora das facendas locais) e que as liquidacións da taxa por períodos podería gravar unha "non utilización efectiva" do terreo de uso público par causas alleas ó suxeito pasivo, segundo parece deducirse do artigo 6-2 da ordenanza reguladora da taxa; por outra banda atribúese a competencia para aprobación do padrón da taxa (artigo 10-1 da ordenanza) á Comisión de Goberno, o que non se axusta á legalidade, por canto tal atribución confírese á Alcaldía polo artigo 21-1-s) da Lei 7/85, ó non estar expresamente incluída no artigo 22 da devandita Lei como atribución do Pleno, bastando con se referir á súa aprobación polo órgano de goberno competente (hoxe por delegación da Alcaldía é a Comisión de Goberno).

3.- O señor Interventor Xeral, con data 27 de abril de 2000, emite informe favorable no que, entre outros extremos, indica que o expediente da ordenanza se axusta ás disposicións legais vixentes e que non obstante comparte os reparos que formula o señor Secretario no apartado 2 do seu informe, referido á ausencia de informes preceptivos no momento de someterse a dictame da Comisión Informativa.

Considerando de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- A normativa que desenvolve esta Ordenanza axústase ás prescricións derivadas dos artigos 101 ó 104 da Lei 39/88, de 28 de decembro.

II.- De conformidade co artigo 47.3.h) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, esixe que a imposición e ordenación dos recursos propios do Concello de carácter tributario se aprobe polo Pleno da Corporación co voto favorable da maioría absoluta legal dos seus membros.

III.- O procedemento a seguir para a aprobación da modificación das Ordenanzas fiscais se axustará ós trámites establecidos no artigo 49 da devandita Lei 7/1985 en relación co artigo 70.2 e artigo 17 da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais.

IV.- A competencia para a aprobación das Ordenanzas está atribuída ó Pleno da Corporación de conformidade co establecido no artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esixíndose para a validez do acordo a maioría absoluta legal dos membros da Corporación (art. 47-3-h).

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos socialistas de Galicia-PSOE) e coa abstención de sete Concelleiros (os 7 do grupo municipal do Partido Popular), que representa a maioría absoluta do número legal dos seus membros, e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

SEGUNDO.- Dispor que a modificación aprobada inicialmente se someta a información pública polo período de trinta días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións mediante anuncio que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

TERCEIRO.- Resoltas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de se-lo caso, ou elevado a definitivo o acordo provisional por non se presentar, procederáse á publicación do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se efectúe a citada publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CUARTO.- O texto íntegro da ordenanza fiscal modificada e do teor literal seguinte:

Artigo 1º. Fundamento

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas locais, o Concello de Pontevedra establece a taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais constituídos pola ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, á que se refire o artigo 20.3.I) da devandita Lei 39/88 (actualizada de acordo coa Lei 25/98, de modificación do Réxime Legal das Ta-

xas Estatais e Locais e de Reordenación das prestacións Patrimoniais de Carácter Público), que se rexerá pola presente Ordenanza, e as súas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2º. Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible desta taxa a realización de ocupacións de terreos de uso público local con mesas e cadeiras (veladores), e outros elementos análogos.

Artigo 3º. Suxeito Pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa reguladora nesta ordenanza as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 4º. Exencións e Bonificacións.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de Lei, e nos tratados internacionais.

Artigo 5º. Base Impoñible

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a resultante da aplicación das tarifas contidas no artigo 7º e, excepcionalmente, no artigo 8º, atendendo ó número de mesas e cadeiras, á categoría da vía pública e ó período no que se instalen.

Artigo 6º. Período impositivo e obriga de contribuir

1. O período impositivo coincidirá co ano natural. A obriga de contribuir nace o primeiro día do ano, agás nos casos de alta ó longo do período impositivo, nos que se producirá no momento da citada alta.

2. As cantidades esixibles de acordo coas tarifas serán liquidadas por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductíbles durante o período sinalado. Excepcionalmente e logo da comprobación municipal poderá ser calculada proporcionalmente a taxa en atención á realización de obras na vía pública que impidan a explotación dos veladores. Unicamente se terá dereito ó cálculo proporcional cando as obras duren un mes, como mínimo, impidan a explotación dos elementos instalados e teñan lugar durante os meses de abril a outubro, ambos inclusive. A solicitude de cálculo proporcional realizárase con posterioridade ó abono da taxa anual.

Artigo 7º. Cota tributaria

1. A taxa esixírase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

Por cada mesa ou velador, con 4 ou menos cadeiras, pagará ao ano 10.000 pts (59.99 euros).

Os veladores con 5 ou máis cadeiras verán incrementada a tarifa nun 50% por cada catro cadeiras adicionais ou fracción.

2. Sobre a cota así determinada establécense os seguintes índices en función da categoría fiscal da vía pública, para os efectos do Imposto de Actividades Económicas, onde se ubiquen os veladores. Os parques e prazas públicas asimílanse, para os efectos desta taxa, ás rúas da categoría máis alta de aquelas que os circunden:

- Rúas de 1ª categoría 1,4

- Rúas de 2ª categoría 1,2
- Rúas de 3ª categoría 1,0
- Rúas de 4ª categoría 0,9
- Rúas de 5ª categoría 0,8

Artigo 8º Aproveitamento en días puntuais

1. Para instalacións non habituais realizadas en días puntuais, tales como festas patronais, espectáculos, etc, os suxeitos pasivos poderán acollerse ó réxime excepcional previsto no presente artigo.

2. Para aproveitamentos en días puntuais, suxeitos ás tarifas sinaladas no apartado seguinte, o período impositivo é por día. Nese suposto, a taxa será pagada o día declarado de instalación. Para os efectos desta taxa enténdese que o día comeza á hora de apertura do establecemento e remata á hora de peche ou retirada dos veladores sinalada na normativa municipal correspondente.

3. Para aproveitamentos en días puntuais, a tarifa será de 500 pts/día (3 euros), ponderada coa aplicación dos índices sinalados no apartado 2 do artigo anterior.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 9º

1. Os suxeitos pasivos teñen a obriga de presentar, no modelo oficialmente aprobado polo Concello, as oportunas declaracións de alta e baixa. Así mesmo teñen a obriga de presentar as declaracións de modificación do número de elementos instalados.

2. As devanditas declaracións deberán ser presentadas:

a) Nos casos de alta ou modificacións que implicaren un incremento dos elementos instalados, con carácter previo á súa instalación.

b) Nos casos de baixa ou modificación que implicaren unha diminución dos elementos instalados, unha vez realizada a súa retirada.

3. A presentación fóra de prazo da declaración de baixa ou modificación, cando esta supoña unha minoración da cota tributaria, obrigará ó suxeito pasivo a achega-los elementos de proba suficientes a xuízo da Administración, de que efectivamente se produciu esta baixa ou minorización dos elementos tributarios, sen prexuízo das sancións que pola falla de presentación das declaracións se puideren impor.

4. Para as ocupacións que se queiran efectuar acolléndose ó réxime establecido no art. 8º, deberá presentarse, anteriormente á instalación dos elementos, unha declaración por cada día de ocupación. Esta declaración deberá presentarse polas mesas ou veladores complementarios que se queiran instalar en días concretos por suxeitos pasivos acollidos ás tarifas do réxime normal e neles sinalaranse o número de elementos que se van instalar a maiores.

Artigo 10º

1. O cobro periódico da taxa realizarase mediante padrón, que unha vez aprobado polo órgano competente será exposto ó

público polo prazo dun mes, mediante anuncios inseridos no Boletín Oficial da Provincia, na prensa local e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

2. As declaracións de alta presentadas, así como as de modificación que impliquen un incremento dos elementos instalados, producirán unha liquidación que se notificará ó suxeito pasivo, na que se lle comunicarán os prazos e a forma do seu ingreso. Os suxeitos pasivos quedarán incorporados ó padrón do exercicio seguinte polos elementos tributarios declarados.

3. As declaracións de baixa presentadas producirán a baixa no padrón do exercicio seguinte.

4. As declaracións de modificacións que impliquen unha redución do número de elementos instalados, producirán a incorporación no padrón do exercicio seguinte a aquel no que sexa efectuada a devandita declaración polos elementos declarados.

5. As declaracións de instalación en días puntuais producirán unha liquidación que se notificará ó suxeito pasivo con indicación dos prazos e forma do seu ingreso.

Artigo 11º

A falta de presentación da declaración para acollerse ás tarifas sinaladas no artigo 8º determinará que ós aproveitamentos detectados lles sexa aplicada a tarifa do artigo 7º, sen prexuízo das sancións que por falta de presentación das declaracións puideren ser impostas.

Artigo 12º

En ningún caso a presentación das declaracións ou o pagamento da cota implicará que sexan entendidas como autorizadas polo Concello as distintas instalacións.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

PRIMEIRA. No prazo dun mes dende a aprobación definitiva da presente ordenanza, os suxeitos pasivos deberán adaptar as súas ocupacións ó seu contido.

SEGUNDA. Os suxeitos pasivos que tivesen ocupacións solicitadas e aboadas segundo a normativa anterior, presentarán igualmente as oportunas declaracións de alta, solicitando conxuntamente a compensación das cantidades ingresadas correspondentes a ocupacións efectuadas no presente exercicio. A compensación será efectuada por cada liquidación nun número de veladores non superior a aquel polo que se dean de alta.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza foi aprobada na sesión plenaria que tivo lugar o día _____ e entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, derogando a ordenanza do mesmo nome aprobada polo pleno o día 13-11-98 (BOP de 28-12-98), e terá efectos ata acordar a súa modificación ou derogación.

12.- ORDENANZA FISCAL: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCADORIAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ENTULLOS, VALADOS E PUNTAIS, ESTEAS, ARGOLAS, ESTADAS E OUTRAS INSTALACIÓN ANÁLOGAS.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión

Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio á aprobación inicial da modificación da Ordenanza municipal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mercadorias, materiais de construción, entullos, valados e puntais, esteas, argolas, estadas e outras instalacións análogas.

Aberto o debate, concédese a palabra ó portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández o cal manifesta que va a votar a favor, aunque se abstuvo en la Comisión porque tampoco tenía informes, pero considera que en todos estos casos se debía de votar la urgencia puesto que no tenía informes cuando se dictaminó.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente tramitado para a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con con mercadorias, materiais de construción, entullos, valados e puntais, esteas, argolas, estadas e outras instalacións análogas.

Resultando relevantes os seguintes

FEITOS:

1º.- Pola Xefa do Servicio de Xestión e Inspección Tributaria se emite informe con data 14 de abril de 2000 no que, entre outros extremos, indica que baseándose nas instrucións recibidas do Tenente de Alcalde delegado de área, redactou o proxecto de modificación da ordenanza co obxecto de buscar unha xestión coherente que, mantendo as tarifas, supoña un incremento recaudatorio dado por unha simplificación nos trámites de declaración de altas, baixas ou modificacións e polo impedimento do fraude existente.

2º.- O señor Secretario Xeral con data 27 de abril de 2000 emite o preceptivo informe no que, entre outros extremos, se indica que o contido da ordenanza se axusta ás determinacións legalmente establecidas.

3.- O señor Interventor Xeral, con data 27 de abril de 2000, emite informe favorable no que, entre outros extremos, indica que o expediente da ordenanza se axusta ás disposicións legais vixentes e que non obstante comparte os reparos que formula o señor Secretario no apartado 2 do seu informe, referido á ausencia de informes preceptivos no momento de someterse a dictame da Comisión Informativa.

Considerando de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- A normativa que desenvolve esta Ordenanza axústase ás prescricións derivadas dos artigos 101 ó 104 da Lei 39/88, de 28 de decembro.

II.- De conformidade co artigo 47.3.h) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, esixe que a imposición e ordenación dos recursos propios do Concello de carácter tributario se aprobe polo Pleno da Corporación co voto favorable da maioría absoluta legal dos seus membros.

III.- O procedemento a seguir para a aprobación da modificación das Ordenanzas fiscais se axustará ós trámites establecidos no artigo 49 da devandita Lei 7/1985 en relación co artigo 70.2 e artigo 17 da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais.

IV.- A competencia para a aprobación das Ordenanzas está atribuída ó Pleno da Corporación de conformidade co establecido no artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esixíndose para a validez do acordo a maioría absoluta legal dos membros da Corporación (art. 47-3-h).

O Pleno da Corporación, por unanimidad, que representa a maioría absoluta do número legal dos seus membros, e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, entullos, valados e puntais, esteas, argolas, estadas e outras instalacións análogas.

SEGUNDO.- Dispor que a modificación aprobada inicialmente se someta a información pública polo período de trinta días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións mediante anuncio que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

TERCEIRO.- Resoltas as reclamacións polo Pleno da Corporación, de se-lo caso, ou elevado a definitivo o acordo provisional por non se presentar, procederase á publicación do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se efectúe a citada publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CUARTO.- O texto íntegro da ordenanza fiscal modificada é do teor literal seguinte:

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Pontevedra establece a taxa por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, entullos, valados e puntais, esteos, argolas, estadas e outras instalacións análogas, á que se refire o artigo 20.3.G) da citada Lei 39/88 (actualizada de acordo coa Lei 25/98, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter Público), que se rexerá pola presente Ordenanza, e as súas normas atenden ó previsto no artigo 58 da devandita Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa a realización de ocupacións de terreos de uso público con mercadorías, mate-

riais de construción, entullos, valados e puntais, esteos, argolas, estadas e outras instalacións análogas.

2. Non están suxeitos os elementos de protección nas obras, cando se instalen saíntes sobre a vía pública, sen apoio nengún sobre esta.

ARTIGO 3°. EXENCIÓNS

Están exentas as ocupacións realizadas sobre o solo que, de acordo coas normas urbanísticas, deba ser obxecto de cesión ó Concello.

ARTIGO 4°. BONIFICACIÓNS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de Lei, e nos tratados internacionais.

ARTIGO 5°. SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos desta taxa quen se beneficien do aproveitamento realizado, tanto se se solicitou a correspondente licencia coma se se procedeu sen a autorización oportuna ou se esta non fose necesaria. Para estes efectos enténdese que se beneficia do aproveitamento quen materialmente execute a obra.

2. Teñen solidariamente a obriga do pagamento, no caso de ocupacións realizadas sen presenta-la declaración de alta a que se refire a presenta Ordenanza:

a) Os propietarios ou posuidores das obras ou edificios que se beneficien dos aproveitamentos.

b) Quen materialmente realicen os aproveitamentos.

c) Os titulares das respectivas licencias.

ARTIGO 6°. BASE IMPOÑIBLE

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a resultante da aplicación das tarifas contidas no artigo 8°, atendendo ó tipo de ocupación, á superficie e á categoría da vía pública na que se sitúen.

ARTIGO 7ª PERÍODO IMPOSITIVO E OBRIGA DE CONTRIBUIR

1. O período impositivo coincidirá co mes natural, agás no caso de guindastres móbiles, que é diario. Nace a obriga de contribuir o primeiro día do mes, agás nos casos de alta ó longo do período impositivo, en que se producirá no momento da citada alta.

2. As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e non serán rateables.

3. O dereito a percibi-la taxa existirá aínda nos casos nos que a instalación sexa obrigatoria por disposición da Administración Municipal

ARTIGO 8°. COTA TRIBUTARIA

1. A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

a) Ocupación de terreos de uso público con valados fixos, guindastres, estadas ou outras instalacións análogas, 525 pts (3,16 euros) por m² ou fracción, ó mes.

b) Ocupación de terreos de uso público en obras e similares con valados móbiles e similares: 1000 pts (6.01 euros) por m² ou fracción ó mes.

c) Ocupación da vía pública con esteos, argolas ou outros elementos de apeo, 210 pts (1,26 euros) por cada elemento e mes.

d) Guindastres móbiles, aboarán por día de ocupación de vía pública 5250 pts (31.55 euros).

e) Depósitos de entullos, 3150 pts (18.9 euros) por m² ou fracción e mes ou fracción.

2. A partir do sexto mes, a tarifa correspondente á ocupación da vía pública coas instalacións sinaladas nos parágrafos a), b), c) e e) do apartado anterior, experimentarán un incremento do 20%, e a partir do ano de colocación incrementárase no 50% sobre a tarifa incrementada de acordo co sinalado anteriormente.

3. Sobre a cota determinada pola aplicación dos apartados 1 e 2 establécense os seguintes índices en función da categoría fiscal da vía pública para os efectos do imposto de actividades económicas onde se realice a ocupación. Os parques e prazas públicas asimílanse para os efectos desta taxa, a rúas da categoría máis alta daquelas que os circunden:

- Rúas de 1^a categoría 1,4
- Rúas de 2^a categoría 1,2
- Rúas de 3^a categoría 1,0
- Rúas de 4^a categoría 0,9
- Rúas de 5^a categoría 0,8

Cando a ocupación se sitúe na confluencia de dúas rúas, aplicarase o índice correspondente á categoría da máis alta.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 9º

1. Os suxeitos pasivos teñen a obriga de presentar nos modelos oficialmente aprobados polo Sr. Alcalde ou Concelleiro-Delegado, as oportunas declaracións de alta e baixa. Así mesmo teñen a obriga de presentalas declaracións de modificación de superficie ocupada.

2. As devanditas declaracións deberanse presentar:

a) Nos casos de alta ou modificacións que implicaren un incremento da ocupación, con carácter previo á ocupación ou incremento.

b) Nos casos de baixa ou modificación que implicaren unha diminución da ocupación, unha vez retirado-los distintos elementos.

3. As declaracións de alta presentadas, así como as de modificacións, deberán acompañarse dun croquis onde conste a superficie e forma do valado. No caso de obras de nova construción, as declaracións de alta deberanse acompañar así mesmo de copia simple dos títulos de propiedade e certificación catastral gráfica e descritiva das fincas lindantes coa ocupación.

4. Os suxeitos pasivos que pretenden a exención ó abeiro do establecido no artigo 3º) da presente ordenanza, deberán presentar así mesmo declaración de alta acompañada da documentación á que se refire o apartado anterior para as obras de nova construción, solicitando simultaneamente a exención.

5. Os cambios de titularidade das ocupacións realizadas

tramitaranse como modificacións, debéndose asinar polo novo titular. En ningún caso, a simple presentación da declaración de baixa polo anterior titular terá efectos mentres continúen instalados os elementos.

6. Nos casos de ocupacións con guindastres móbiles, os suxeitos pasivos presentarán unha declaración de alta por cada día, sen que a estes efectos precisen presentar declaracións de baixa.

ARTIGO 10º

1. O cobramento da taxa realizarase mediante liquidacións mensuais que se notificarán ó suxeito pasivo no domicilio por este sinalado, onde se lle comunicarán os prazos e a súa forma de ingreso.

ARTIGO 11º

1. A falta de presentación da declaración de alta determinará que ós aproveitamentos detectados se lles aplique a tarifa correspondente dende a data da concesión da licenza de obra ou do inicio de calquera actuación administrativa que declare a súa existencia, no caso de que se comezase previamente á obtención da licenza, sen prexuízo das sancións que por falta de presentación das declaracións se puideren impor.

2. A falta de presentación das declaracións de incremento de ocupación determinará que se considere á superficie ocupada efectivamente como se o estivese dende a data do alta ou a determinada, no seu caso, de acordo coas normas do apartado anterior, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das declaracións se puideren impor.

3. A presentación fóra de prazo da declaración de baixa ou de modificación, cando esta supoña unha minoración da cota tributaria, obrigará ó suxeito pasivo a aporta-los elementos de proba suficientes de que esta baixa ou minoración dos elementos tributarios se produciu, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das declaracións se puideren impor.

4. A falta da presentación da declaración a que se refire o art. 9.4 determinará a perda do dereito á exención, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das declaracións se puideren impor.

5. O establecido nos apartados anteriores non exime en ningún caso ó suxeito pasivo da obriga de presentar a documentación complementaria sinalada nos apartados 3 e 4 do artigo 9, sen prexuízo do dereito dos contribuíntes de non presentar documentos que xa obren en poder da Administración municipal. Neste caso, os suxeitos poderán substituí-la aportación pola mención concreta do motivo que provocou a súa incorporación a calquera expediente municipal.

ARTIGO 12º

En ningún caso, a presentación das declaracións ou o pagamento da cota implicará que se entendan como autorizadas polo Concello as distintas instalacións.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os suxeitos pasivos que, á data da aprobación da presente Ordenanza, contén con valados autorizados por licenza conce-

dida por este Concello deberán presentar declaración de alta no prazo dun mes acompañando copia da licencia de que dispoñan, sen que sexa preciso nestes casos aporta-la documentación complementaria á que se refire o art. 9.3 da presente.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno en sesión que tivo lugar o día _____ e entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, derogando a ordenanza do mesmo nome aprobada polo Pleno o día 13-11-98 (BOP de 28-12-98), tendo efectos ata acordar a súa modificación ou derogación.

13.- SEGUIMIENTO E CONTROL DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAL:

A) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA (ALCALDE E TENENTES DE ALCALDE DELEGADOS DE ÁREA) DURANTE O MES DE MARZO DE 2000.

O Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Alcaldía (Alcalde e Tenentes de Alcalde delegados de área) durante o mes de marzo de 2000.

B) MOCIÓNS URGENTES.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Ó SECTOR PESQUEIRO.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación da moción urxente presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa ó sector pesqueiro, que di:

O sector pesqueiro é, dende moi antigo, un sector de gran importancia para a economía de Galicia, tendo unha participación relativa no emprego de arredor do 15% da poboación ocupada nas principais rías galegas.

A flota galega sofre, dende hai anos, sucesivos recortes de capturas e ten cada vez máis dificultades para o acceso ós caladoiros nos que tradicionalmente pescaba. Non é só un problema de agotamento dos recursos senón de defensa da propia flota, xa que mentres a flota galega ve diminuídas as súas posibilidades de pesca, outros países ocupan o seu lugar e aumentan as súas capturas.

Actualmente a flota galega que viña faenando no Banco Canario-Saariano leva cinco meses paralizada por falta dun acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Marrocos cos conseguintes prexuízos para mariñeiros, armadores e para a economía galega no seu conxunto.

Por todo isto o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego propón que o Pleno do Concello de Pontevedra aprobe a seguinte

MOCIÓN:

Reclamar dos organismos competentes da administración da Xunta de Galicia e do Estado que emprendan accións ante a Unión Europea urxindo a negociación dun novo acordo pesqueiro con Marrocos en base ós seguintes principios:

- Mante-lo número de barcos e tripulantes galegos nese caladoiro.

- Mante-la titularidade galega das empresas e o pavillón do Estado Español nos barcos.

- Mante-las axudas a tripulantes e armadores durante o tempo de paralización da flota.

Así mesmo este Pleno apoia a manifestación en defensa do sector pesqueiro galego e por un novo acordo de pesca con Marrocos, convocada para o día 11 de maio ás 20 horas en Vigo.

Aberto o debate, intervén don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que falar de que o sector pesqueiro é un sector importante en Galicia é case unha redundancia, pois efectivamente é así e non só pola súa importancia en termos de produción e de emprego, senón porque é un sector historicamente importante na economía galega, un sector historicamente ligado á industrialización de Galicia, o sector máis dinámico en toda esa etapa inconclusa cun país debilmente industrializado, pero efectivamente o sector posiblemente máis dinámico en todo ese proceso e un dos poucos sectores económicos da economía galega que aparece plenamente integrado, é dicir, un sector que é potente en termos de extracción, de manufactura, de comercialización e que ademais creou ó seu arredor unha importante industria auxiliar en moitos casos punteira a nivel mundial, non é tampouco casualidade que unha das poucas multinacionais que existen en Galicia sexa Pescanova, que efectivamente é un bo exemplo da dinámica e da importancia do sector; o problema é que este sector non ten a mesma importancia na economía do Estado e evidentemente ten moi pouca importancia na economía da Unión Europea, co agravante posiblemente de que o sector non foi capaz no seu momento de xerar un "lobby" o suficientemente potente como para inferir a estes niveis, o feito de que este sexa un sector que ademais ten os seus caladoiros basicamente en augas internacionais fai que as súas posibilidades de pesca estean sempre limitadas por decisións alleas, por decisións que son basicamente da Unión Europea e así obsérvase que nos últimos anos, xa demaisados, é un sector que sofre unha reconversión paulatina que se xustifica polo agotamento de recursos pero que en moitos casos o que encubre é unha posición negociadora débil ou simplemente unha falta de criterio e unha falta de interese negociador por parte da Unión Europea por canto en moitos caladoiros onde a flota galega se retira e onde as flotadas europeas se retiran terminan sendo logo invadidos por flotadas asiáticas ou da Unión Soviética, cre que defende-lo sector neste caso é defende-lo país, cre que ademais as autoridades deben incidir nese aspecto, pois pode recordar no sector da oliva cando no seu momento tiña dificultades de negociación para producir como as autoridades nese momento foron suficientemente capaces de reaccionar e de encabezar ademais o sector, pero a gran desgracia deste sector é que as autoridades tanto autonómicas como estatales non son capaces ou non ven a necesidade de encabeza-las dinámicas negociadoras, é por este motivo que se presenta a presente moción que pide basicamente reclamar dos organismos competentes, Administración da Xunta e Administración do Estado, que urxan da Unión Europea a negociación dun acordo pesqueiro

neste caso con Marrocos, que é o problema actual, baseándose nos seguintes criterios: mante-lo número de barcos e tripulantes galegos, mante-la titularidade dos barcos e mante-las axudas a tripulantes e armadores no tempo en que a flota estea paralizada, aclarando que en todo caso tanto tripulantes como armadores non queren axudas e o que queren á traballar e, así mesmo, que este Pleno apoie a manifestación en defensa deste sector pesqueiro por un novo acordo de pesca con Marrocos, convocada para o día 11 de maio ás 20 horas en Vigo, dicir que esta manifestación e esta reivindicación saen da Mesa en defensa do sector pesqueiro galego formada por empresarios e traballadores que se concretan nas seguintes organizacións: Confederación Intersindical Galega, Comisións Obreiras, Unión Xeral de Traballadores, Cofradía de Pescadores de Guarda, Organización de Produtores de pesca e palangre, Cooperativa de Armadores de Vigo e Asociación Nacional de Produtores de Cefalópodos.

A continuación intervén don Luciano Santiago Esperón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que anuncia o seu voto favorable a esta moción, pero non quere desaproveita-la oportunidade de facer algunha reflexión sobre un tema que se presta a unha gran demagogia e a unha gran manipulación de intereses, pois é certo que en Galicia radican empresas multinacionais pero que teñen os seus mecanismos e o seu sistema de caladoiros perfectamente negociados cos países nos que operan e persoalmente lle preocupa tremendamente que o mar non teña cancelas cando en realidade si as ten, o mar hoxe por hoxe en grandes extensións e en grandes zonas é unha área de dominio dos estados, igual que as minas e, se non está a favor das compañías multinacionais mineiras ou da fruta en sudamérica, ten polo menos que meditar que pasa coas industrias extractoras de produtos e materias primas e por iso, cando di que se fan grandes demagogias, pensar e corta-la posibilidade de desenvolvemento de países do terceiro mundo para que se monten empresas mixtas e os impostos tamén se paguen cara a eses países lle parece contradictorio con algo que os socialistas están a defender, que é a solidariedade e un crecemento sostido e canto máis igualitario mellor para todo o mundo; di todo isto porque son temas que moitas veces se colan de rondón, porque se cola de rondón que as empresas galegas poidan traballar en países non integrados na Comunidade Económica Europea como empresas galegas, que o son pola súa natureza, pero parte dos acordos pasan polos países que son donos naturais, se existe ese tipo de dereito, das riquezas que posuen e o mar hoxe por hoxe ten cancelas e onde hai que facer un gran esforzo por parte da Comunidade galega é que o tema da pesca, que é moi importante e vital para a súa economía e sobre todo para a economía costeira galega, sexa tratado coa sensibilidade necesaria en España e en Europa, pois as empresas extractoras de produtos de materia prima do mar, que é o peixe, están a ter aí os seus grandes mecanismos económicos na comercialización de produtos que é a segunda parte desta historia da extracción, polo tanto simplemente face-la reflexión de que o mar xa ten cancelas e de que os temas que se prestan a unha grande demagogia porque son de sensibilidade social hai que face-lo esforzo, porque teñen a

obriga de facelo, de contalos e miralos na súa xusteza e repite que van votar a favor da moción.

Seguidamente concédese a palabra ó portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, o cal manifesta que no acabou de entender la reflexión filosófica del señor Esperón, pero espera que luego pueda hablar de eso porque es un tema importante, en cuanto al tema de la moción decir que es algo que no afecta directamente a este municipio, pero de todas maneras evidentemente hay que ser totalmente solidarios porque si afecta de una forma importante a Galicia y a esta provincia en general, pero tiene que decir que una moción en términos muy parecidos se aprobó ayer en la Diputación y se va a aprobar los próximos días en todos los concellos del Morrazo y ya le informó antes al señor Viega que en la Diputación se corrigió y pediría que aquí se haga la misma corrección, pues en la moción se dice que el Pleno apoya la manifestación de Vigo, pero hay convocada otra manifestación en Santiago otro día, por tanto en la Diputación se corrigió y se puso apoyar las manifestaciones en plural y no la de Vigo en concreto, por tanto considera que se debe hacer esa corrección mínima porque parece lógico que se apoyen todas, añadiendo las manifestaciones dentro del marco legal y el Partido Popular votará a favor.

O señor Veiga Lege manifesta que por parte da ponencia se acepta perfectamente a modificación.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Reclamar dos organismos competentes da administración da Xunta de Galicia e do Estado que emprendan accións ante a Unión Europea urxindo a negociación dun novo acordo pesqueiro con Marrocos en base ós seguintes principios:

- Mante-lo número de barcos e tripulantes galegos nese caladoiro.

- Mante-la titularidade galega das empresas e o pavillón do Estado Español nos barcos.

- Mante-las axudas a tripulantes e armadores durante o tempo de paralización da flota.

SEGUNDO.- Apoia-la manifestación, dentro do marco legal, en defensa do sector pesqueiro galego e por un novo acordo de pesca con Marrocos, convocada para o día 11 de maio ás 20 horas en Vigo.

C) PREGUNTAS.

1) PREGUNTA DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, DON ROBERTO TABOADA RIVADULLA, SOBRE O ESCUDO OFICIAL DO CONCELLO.

Manifiesta que aunque la pregunta va dirigida al señor Alcalde, parece que se la va a contestar el señor Portavoz del grupo municipal del B.N.G., pero es igual pues está dentro de las competencias del señor Alcalde querer contestarla él o trasladar la respuesta, esto es una cuestión que ya ha tenido su debate y el motivo de la pregunta es saber porque el grupo de gobierno ha modificado el escudo del Ayuntamiento, es una pregunta que no pretende ni debatir la estética, que por supuesto se podría debatir, ni siquiera el tema del escudo, que se podría entrar también, sino fundamentalmente lo que quiere

debatir son las formas, es decir modificar la identificación del Concello es una cuestión política y por tanto como cuestión política afecta a la Corporación y no exclusivamente al equipo de gobierno, por tanto no es un asunto de entidad menor, no es un pin ni es poner un logotipo, que entiende que sin duda se puede hacer un diseño, ya que han hecho uno para el año Castelao y nadie les ha dicho nada, porque se entendía que era un logotipo para una cuestión específica y les parece bien incluso que no lo hayan consultado y lo hayan hecho como una decisión del equipo de gobierno, pero cuando hacen un cambio de diseño de lo que identifica al Concello, que no es un logotipo para una ocasión determinada, es una cuestión que ya trasciende la propia competencia de un gobierno que además está en minoría, por lo tanto una cuestión política de este calado no se puede hacer de esa manera, simplemente decir se va a hacer un logotipo que lo diseña no se sabe quien con unas formas que no se sabe por que e insiste en que no va a entrar en las formas pero si en el fondo y el equipo de gobierno no ha tenido la grandeza política o como quieran llamarle de decir se quiere hacer un nuevo escudo y se va a intentar conservarlo creando una Comisión especial para ver como entre todos se puede aprobar, porque con este escudo que han planteado aquí, que no se sabe exactamente lo que es, el grupo socialista no se siente identificado, primero porque no lo han consentado y segundo porque no saben con que criterios está hecho, por lo tanto no se sienten representados, porque en principio hay un escudo, sea bueno, malo o regular, esté aprobado definitivamente por la Xunta o no, pero hay un acuerdo plenario adoptado por unanimidad que no ha sido revocado que aprobaba determinado escudo que todo el mundo sabe que está ahí, si al grupo de gobierno no le gusta ese escudo le parece muy bien y si lo quiere cambiar también, pero digan que van a hacer una operación de cambio de escudo y hagan los trámites, porque el escudo actual se aprobó cuando había una Corporación con mayoría absoluta de diecisiete Concejales y una oposición de ocho Concejales del partido socialista y a pesar de que el equipo de gobierno podía haber impuesto un rodillo ha hecho un escudo de la Corporación, que desde entonces se mantenía y, aunque podrán decir que no está definitivamente aprobado, es el que hay y el que tiene mayor grado de consenso hasta la fecha, por lo tanto lo que quiere saber es por que teniendo ese escudo que fue creado por consenso hay que poner otro o por que el grupo de gobierno pone otra identificación, que no se pone simplemente en los carteles del año Castelao, sino en los bandos, en los carteles, papeles impresos que hacen para determinadas cosas, etc., y ahora parece ser que hasta en los planos que van a ir a la Unión Europea, por lo tanto el grupo socialista no se siente identificado y si el equipo de gobierno quiere hacer un cambio, una identificación distinta o incluso un logotipo distinto, háganlo y convoquen un concurso público, pero no hablen del de Santiago ni del de Vigo, porque en estas ciudades hubo un concurso público y se hizo como se tenía que

hacer y las barras de la Catedral de Santiago o la uve grande de Vigo es un logotipo que para determinadas cuestiones puede identificar las ciudades pero no es el escudo, es un logotipo que es distinto y si el grupo de gobierno quiere hacer un logotipo le parece muy bien, pero hagan por lo menos un concurso y no elijan a dedo a la empresa que les va a hacer el logotipo, en todo caso la cuestión es que digan por que razón utilizan ese nuevo escudo, quien lo diseña, en que criterios, estudios o informes se basa esa simbología, de existir esos estudios porque no han creado la Comisión informativa especial compuesta por todos los representantes de la Corporación para su estudio y aprobación, por que no se han seguido las directrices del Decreto 1465/99 que no son exactamente específicas para temas de institución municipal pero si que generaliza el uso y establece criterios de las imágenes institucionales y en todo caso parece que el grupo del B.N.G. considera que son los únicos representantes por el hecho de ostentar el gobierno y simplemente por eso ya tiene capacidad de decidir unilateralmente la simbología que identifica este Concello.

Contéstalle o portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Luis Bará Torres, dicindo que agradece ó grupo socialista que teña exposto esta cuestión que cre que é da máxima transcendencia e que a cidadanía está fundamente preocupada por ela ou en todo caso ó mellor non é esta a hora adecuada para expoñer un tema desta importancia, xa que neste momento ó mellor chaman máis por nós outras cuestións máis prosaicas, de tódalas maneiras expoñen este tema con bastante retraso porque se leva seis meses utilizando este logotipo, que non é un escudo, e parece que tardaron tempo en darse conta, en todo caso sempre é bo momento para discutir estas cuestións e sobre todo tamén para facer algunhas aclaracións a imprecisións que cometen na súa exposición; en primeiro lugar hai que dicir que non existe escudo ningún aprobado oficialmente do Concello de Pontevedra, esta é unha cuestión importante, existe efectivamente un escudo aprobado en Comisión e despois en Pleno segundo un acordo que di: aprobar o escudo heráldico deste municipio de Pontevedra tal como figura na memoria, brasonamento, descripción e debuxo confeccionados por D. Jaime Bugallal Libela, que é un experto en heráldica, diplomado en xenealoxía e heráldica, membro de número do Instituto de Genealogía y Heráldica Salazar y Castro do Consello Superior de Investigacións Científicas, do Instituto Cultural Galaico Miñoto, da Sociedad de Genealogía y Heráldica de Galicia Padre Gándara e da Academie Internacional de Heraldique, por tanto é unha persoa experta na materia e o escudo que propón e que foi aprobado ten que ser brasonado así: "de azur, un puente alomado de tres ojos, con rampas rectas, tajamares y apartaderos, sumado a diestra de una puerta defendida por dos torres almenadas, a siniestra de muralla almenada moviente del flanco y adiestrada de torre-puerta, también almenada, y, en el centro, de una cruz latina piñonada de dos piezas, el todo de oro, abierto de azur, el puente sostenido de fajado-ondeado

de plaza y azur, al timbre corona real cerrada"; este escudo aprobado con estas características expúxose ó público pero non seguiu a tramitación e, como todos saben, non chegou a ser aprobado oficialmente; isto é unha cuestión que xa se remonta ó ano 1958 onde houbo un primeiro acordo plenario que tampouco se resolveu con tódolos trámites, polo tanto no ano 1984 retomouse a cuestión, aprobouse no ano 1985 este escudo, pero non houbo un informe preceptivo da Academia da Historia, polo tanto tampouco se aprobou despois pola Xunta de Galicia, pero neste momento hai unha nova lexislación, hai un decreto do ano 1998 que regula a composición e funcións da Comisión Heráldica de Galicia, que establece tódolos pasos que hai que dar para aprobar o escudo, polo tanto quere que quede claro que non foi aprobado o escudo municipal oficialmente con tódolos trámites, en todo caso como foi aprobado polo Pleno están a respectar ese acordo e utilizan o escudo oficial en todo tipo de documentación administrativa do Concello, pero tamén no seu momento cando se estudiou esta cuestión no ano 1984 e 1985 houbo un acordo da Comisión, que lle parece tamén interesante resaltar aquí, que é que ademais de aproba-lo escudo, di: "asimismo se propone encargar la creación de un logotipo o escudo simplificado para determinados usos", é dicir que se viña a recoñecer explicitamente que un escudo das características deste que se describe é practicamente imposible ou moi complicado reproducilo sobre todo en publicacións como poden ser bandos ou carteis e ó mesmo tempo era necesario simplificalo para transmitir tamén unha imaxe máis estilizada e iso é o que fixo o grupo de goberno, porque dicta o sentido común que había que utilizar unha imaxe máis estilizada, máis moderna, que fose máis coherente con esa nova imaxe que se está utilizando por exemplo en tódalas campañas publicitarias do ano Castelao ou en campañas como a de ornato e limpeza ou en programas municipais como noites abertas, etc., é dicir que tratábase de adaptar ese escudo mediante un logotipo que fose harmónico cos eses novos dexeños de imaxe feitos por distintas empresas, polo tanto trátase de respectar escrupulosamente, aínda que non estea oficialmente aprobado, o escudo municipal en todo tipo de documentación administrativa e por outra parte utilizar un logotipo noutro tipo de publicacións ou campañas publicitarias feitas polo Concello, en todo caso como non está aprobado oficialmente ese escudo municipal e como hai unha nova lexislación que regula esta cuestión o grupo de goberno bríndase a crear unha Comisión específica especial que trate o tema e espera que neste mandato por fin se conclúa todo o proceso de aprobación do escudo, un proceso iniciado no ano 1958 e que ó mellor ó cabo de casi 50 anos se pode dar por concluído.

Pide a palabra o señor Taboada Rivadulla ó que o señor Alcalde lle indica que considera que está a demostrar unha magnanimidade á hora do uso da palabra e que se trata dunha pregunta que xa se respostou, de todas maneiras pode facer algunha anotación.

O señor Taboada Rivadulla manifesta que no quiere trivia-

lizar, la prioridad viene dada en el orden del día que figura el apartado de preguntas, si alguien tiene hambre y se quiere marchar puede hacerlo, pero por respeto a los ciudadanos que están aquí no se puede trivializar, simplemente insistir en que hay un escudo aprobado en Pleno por unanimidad que no se ha modificado, por lo tanto, independientemente de que falte un trámite, la voluntad de este Ayuntamiento no modificada hasta la fecha es que ese sea el escudo institucional, insiste en que si lo quieren cambiar le parece muy bien que se cree una Comisión específica y que se finalice con todo este trámite, de todas formas ese nuevo escudo, que no es el emblema institucional, no sólo va en carteles publicitarios, sino en papel impreso del Concello, en oficios, escritos, y en bandos y no quiere entrar en cuestiones de colores de bandos, pero en todo caso insiste en que con este escudo del Concello de Pontevedra no se siente identificado su grupo.

2) PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D. CELESTINO LORES ROSAL, SOBRE O ACTO DE DESPEDIDA DO XEFE DA BRILAT.

Quixera que explicara o señor Alcalde a este Pleno, ante unha preocupación amosada polo seu grupo e incluso tamén por moitos cidadáns, por que non asistiu á despedida do Xefe da BRILAT, D. Pedro Herguedas Carpio, que por outra banda veuse a despedir aquí e sempre estivo moi cortés con este Concello e con esta institución.

Contéstalle o señor Alcalde dicindo que non asistiu por problemas de axenda, ese foi o argumento oficial, en todo caso se o que hai no fondo detrás desa pregunta é se a Alcaldía non está a ter en conta o protocolo ó respecto dos poderes do Estado non é certo, pois dende que está presidindo este Concello asistiu na súa representación a tódolos actos oficiais, dende a entrega de despachos na Escola Naval de Marín, á despedida da Brigada que foi para Bosnia, á recepción da Brigada que viña de Bosnia, a tódolos actos na Comisaría de Policía, etc., polo tanto quede claro que o feito de ir ou non a ese acto foi un problema de axenda, en todo caso dicir que recibiu ó Xeneral Herguedas Carpio cando se veu despedir á Alcaldía e se disculpou oficialmente pola non asistencia á toma de posesión do novo Xeneral, polo tanto pódese quedar tranquilo, porque de tódalas maneiras este Alcalde ten moi claro que agás en cuestións de representación de tipo confesional, onde é obvia a postura oficial desta Alcaldía de non asistir, porque non se considera representante de ningún tipo de confesión relixiosa, polo tanto non é a súa obriga e hai unha clara separación entre a igrexa e o estado, nos actos dos outros poderes civís do estado esta Alcaldía está presente sempre independentemente de que nun momento determinado pola capacidade física do Alcalde non poida asistir a tódolos actos como é normal, aínda que lle gustaría poder asistir empezando por tódolos partidos de fútbol e de outro tipo de deportes, actos empresariais ou congresuais, etc, pero chega un momento en que iso non é posible, polo tanto cre que está perfectamente contestada a pregunta.

Resposta o señor Lores Rosal diciendo que iso lles tranquiliza, pero que tamén puido asistir en representación da Alcaldía calquera dos Concelleiros do equipo de goberno.

D) ROGOS.

ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D^a MARÍA JOSEFA MANZANARES PERELA, SOBRE A FOTO DE EL REI QUE PRESIDE OS PLENOS.

Manifiesta que es la reiteración de un ruego dirigido directamente al señor Alcalde, porque ya fue hecho en su momento en Plenos anteriores por un compañero de su grupo municipal, se trata de la foto del Rey que preside los Plenos, el ruego es para pedir la sustitución de esa foto y evidentemente no está pidiendo que se cuelgue un retrato de un pincel ilustre cuyo coste haga tambalear las arcas municipales, solamente puede una foto decente y piensa que es una cuestión de voluntad que solventaría una clara cuestión de desdoro evidente y sobre todo una clara cuestión de decoro, el decoro que exige la institución que el señor Alcalde preside, aunque evidentemente si es problema de coste que sepa que el Partido Popular tiene mucho gusto en regalarle una foto del Rey.

Contéstalle o señor Alcalde que está completamente de acordo coa visión correcta que deu da situación deste cadro, pero xa se tomaron medidas a ese respecto e pensou que hoxe xa estaría solventado o tema, pois por parte de Protocolo se pediu unha foto oficial do Rei a Patrimonio Nacional o que pasa é que parece ser que están esgotadas e non se puido aínda resolve-lo asunto, pero se tomou unha decisión nese sentido xa desde que se comunicou en Pleno.

La señora Manzanares Perela reitera el ofrecimiento del regalo de la foto por parte del Partido Popular.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás trece horas e dez minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e praxe.
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO XERAL,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Fdo. Julio Dapena Outomuro.